

A Limia Baixa

Onde o mundo se chama en galego



Autora

Reyes Rodríguez Rodríguez

Materials
Linguísticos




Reyes Rodríguez Rodríguez (Entrimo, 1990). É graduada en Estudos de Galego e Español, cursou o Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Linguas e desde o ano 2022 é doutora en Estudos Lingüísticos pola Universidade de Vigo coa tese *Contribución á socio-dialectoloxía galega: a fala da Limia Baixa*. Desde o ano 2018 traballa como investigadora colaboradora no Instituto da Lingua Galega na Universidade de Santiago de Compostela, onde realiza funcións de recolleita, análise e tratamento de

datos lingüísticos. Participa no deseño de mapas e lendas para o proxecto Atlas Lingüístico Galego (ALGa) e tamén no “Apoio na compilación e análise de corpus para o coñecemento da lingua das novas xeracións galegas” en relación co proxecto de investigación *A lingua das novas xeracións: competencia, cambio lingüístico, actitudes, mantemento e transmisión da lingua*, dentro do cal se centra na transcripción e anotación de *Corpus de textos galegos escritos por estudantes no ámbito académico*. *Ferramenta para a*

análise da competencia escrita en lingua galega (CORTEGAL). Colabora noutros proxectos como o *Corpus Oral Informatizado da Lingua Galega* (CORILGA) e *A lingua das familias: mantemento, transmisión e cambio de lingua ao longo de tres xeracións*. A súa produción científica céntrase no estudo socio-dialectal da fala da Limia Baixa, o contacto con outras linguas como o español e o portugués e tamén na fala da xeración moza.

Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo



Materiais Lingüísticos

n.º 014

Edición

Universidade de Vigo
Servizo de Publicacións
Rúa de Leonardo da Vinci, s/n
36310 Vigo

Materiais Lingüísticos é unha colección publicada en colaboración coa Área de Normalización Lingüística

Deseño gráfico

Tania Sueiro Graña
Área de Imaxe
Vicerreitoría de Comunicacións e Relacións Institucionais

Fotografía da portada

Adobe Stock

Maquetación e impresión

Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

ISBN

978-84-8158-025-1

Depósito legal

VG 419-2024

© Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2024
© Reyes Rodríguez Rodríguez

Sen o permiso escrito do Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, queda prohibida a reprodución ou a transmisión total e parcial deste libro a través de ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluídos a fotocopia, a gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación.


Ao ser esta editorial membro da **une**, garántense a difusión e a comercialización das súas publicacións no ámbito nacional e internacional.

Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo



HR EXCELLENCE IN RESEARCH





Este volume publícase
co financiamento da



**XUNTA
DE GALICIA**

A Limia Baixa

Onde o mundo se chama en galego

Autora

Reyes Rodríguez Rodríguez

*A presente monografía dedícollela a todas as persoas
que **imaxinan** a súa vida en galego*

Agradecementos

A mellor mostra de gratitude que lles podo ofrecer a todos os informantes que participaron nas miñas investigacións arredor do galego baixolimego é este libro que presenta a boa saúde de que goza a lingua galega nesta área do sur de Ourense, grazas á súa querenza por manter a identidade lingüística. A todas as persoas que se comprometeron co proxecto, por me deixar sentar á súa mesa, entrar nas casas, responder as enquisas... e, sobre todo, por me agasallar as súas voces: grazas!

Quero comezar os agradecementos persoais polos meus pais: porque me criaron en galego, porque me transmitiron o amor e o respecto pola identidade e, por suposto, porque me apoiaron incondicionalmente coa investigación desde o primeiro día que me matriculei no doutoramento. Á miña parella de vida e de corazón, Pedro, teño que agradecerllo todo: o seu apoio diario, o seu tempo, a súa implicación en cada unha das páxinas que escribo e, sobre todo, a súa fiel confianza en que os soños se van cumprindo.

Moitas persoas foron testemuñas infatigables de todo o proceso de creación deste libro: familia, amigas e amigos que puxeron a ilusión canda min nestas « cousas miñas » (o galego, a Limia Baixa, os mapas, as sibilantes sonoras, o contacto cos veciños portugueses, falas sempre galego?, onde escoitas castelán?...). Grazas tamén á familia do ILG, o meu primeiro traballo, por valorar e acrecentar o meu amor pola lingua e por me facer sentir partícipe do seu forte compromiso co galego. Convivir a diario con toda a xente do ILG faime moi feliz.

E, con toda certeza, teño que agradecerlle este camiño aos meus directores da tese (traballo que, moi modificado, revisado e ampliado, está nas orixes deste libro): Xosé Henrique Costas e Alexandre Rodríguez Guerra, porque me encarreiraron, porque se esforzaron, porque me motivaron e porque confiaron en min. Grazas por vos ilusionardes comigo e por me ensinares tanto!

Finalmente, a quen, sen sabelo, porque o tempo non llo permitiu, me alentou a diario co seu recordo: «miña meniña do meu corazón».

A 70 km ao norte das miñas Tomadas, Ferreiros de Arriba, Entrimo.


01	Introdución	13
----	-------------	----

02	A Limia Baixa: da terra e da xente	15
	2.1 Entrimo	
	2.2 Lobios	
	2.3 Lobeira	
	2.4 Bande	
	2.5 Muíños	

03	A Limia Baixa: monolingüismo galego nunha encrucillada trilingüe	33
----	--	----

04	Percepcións e actitudes sociolingüísticas na Limia Baixa	37
	4.1 A gheada desde a óptica da sociolingüística	
	4.2 As sibilantes sonoras desde a óptica da sociolingüística	

05	O futuro social e lingüístico na Limia Baixa: a mocidade baixolimega	61
	5.1 O galego sitúase...	
	Cando e con quen falas galego?	
	Onde escoitas falar máis galego e onde máis castelán?	
	5.2 Un compromiso co galego	
	Cres que no futuro falarás galego no teu traballo, cos teus amigos e coa túa familia?	
	Cres que é importante coñecer o galego normativo?	
	Se un/unha amigo/a che fala en castelán, ti en que lingua lle responderías?	



Pensas que o galego é unha lingua igual de válida que o castelán en Galicia?

5.3 Galego local ou galego estándar?

Que galego che gusta máis?

Cando vas a Ourense ou a Celanova intentas falar dunha maneira distinta á que falas na túa aldea?

Alguén se riu de ti por como falas?

Percibes diferenzas entre o galego que falades no teu concello e o galego que se fala nos concellos veciños?

5.4 Conclusións xerais e contraste en catro anos

06

A lingua das TIC antes, durante e despois da pandemia entre a mocidade da Limia Baixa 97

07


As actitudes lingüísticas dos habitantes de Entrimo: as tres xeracións 105

08

Cabo 119

Bibliografía 123

Anexos 127



Capítulo 01

Introdución

13

A situación tan especial descuberta, sobre todo, na mocidade da Limia Baixa, que rompe coa tendencia debuxada na inmensa maioría dos estudos coñecidos, aconsella, para a propia saúde dos seus falantes, sacar á luz traballos focalizados en áreas específicas en que o galego ocupa actualmente case a totalidade dos espazos cotiás destes mozos e mozas. Estes falantes merecen un recoñecemento polo seu labor e tamén, por suposto, cómpre reforzar a súa autoestima sociolingüística para que sexan eles mesmos os que valoren a importancia de seguir empregando o galego no futuro.

Certamente, a Limia Baixa, unha das áreas ao suroeste da provincia de Ourense que linda con Portugal na metade occidental do seu territorio, destaca tamén pola especial complexidade de contacto lingüístico, o que lle confire a nivel sociolingüístico un certo valor pola relación entre lingua (galega) e sociedade coas outras linguas en contacto como o portugués e o español.

O presente traballo quere contribuír á investigación sobre a sociolingüística actual que ocorre nunha das áreas galegófonas sobranceiras, xa que case a totalidade dos seus habitantes son habitualmente galegofalantes. Trátase dun panorama dominado polo monolingüismo en galego, en todos os ámbitos e niveis da vida; como segunda lingua teñen o castelán (identificado, por unha banda, como a lingua relegada e desprestixiada respecto do galego) e, nalgúns casos, o portugués (debido á proximidade co territorio luso). Esta investigación céntrase en coñecer a situación sociolingüística desde o punto de vista da propia mocidade baixolimega e para acadar este propósito creouse un corpus con enquisas propias realizadas a máis dun cento de falantes desta área xeográfica (datos que supoñen unha representación moi alta desta xeración, xa que conseguimos chegar case aos dous terzos desa franxa) en diferentes anos (2018, 2020-2023). Deste xeito, manéxanse datos moi actuais e, ademais, permiten avaliar a situación extraordinaria que se viviu, como foi a pandemia de Covid-19, en relación á lingua galega entre a propia mocidade baixolimega.


As páxinas que compoñen este libro están estruturadas coa seguinte orde: comézase por esbozar os trazos xerais da Limia Baixa sobre o seu territorio, os habitantes e a relación entre eles; a continuación, ofrécese un repaso sobre a situación do galego en relación coas linguas de contacto e, seguidamente, inclúese un capítulo sobre percepcións e actitudes sociolingüísticas a partir de dous fenómenos dialectais que representan o galego baixolimego: a gheada mais as sibilantes sonoras. A continuación, a cerna desta investigación, a análise do futuro social e lingüístico na Limia Baixa a través da mocidade baixolimega e, para isto, faise unha división en tres bloques desde os que se precisa a situación sociolingüística actual: en primeiro lugar, o bloque «O galego sitúase...» que fai referencia ó índice e percepción de uso do galego e do castelán na Limia Baixa; en segundo lugar, o bloque «Un compromiso co galego...», en que se tratan cuestións de avaliación dos propios mozos e mozas cara ao galego e o seu futuro e, en terceiro lugar, o bloque «Galego local ou galego estándar?», que está centrado en cuestións relacionadas coa súa variedade dialectal. O seguinte capítulo xira arredor dos comportamentos lingüísticos da mocidade baixolimega antes, durante e despois da pandemia de Covid-19 e as repercusións que este tivo no eido das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC): as redes sociais, as videoconferencias e a mensaxería instantánea como o WhatsApp. Deseguido, inclúese unha revisión dos usos e actitudes lingüísticas nas tres xeracións co fin de achegar datos xerais de todos os perfís desta área. Finalmente, péchase esta monografía coas conclusións finais desta investigación.

Capítulo 02

A Limia Baixa: da terra e da xente

15

Ao suroeste da provincia ourensá, ao límite con Portugal, sitúase a área da Limia Baixa, ou tamén denominada como Baixa Limia polos propios habitantes. Administrativamente encádrase nunha comarca que abrangue cinco concellos: Bande, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños.



Mapa 1 A Limia Baixa e arredores cos que limita. Mapa administrativo.


Fonte: Rodríguez Rodríguez (2022).

Desde a óptica da Dialectoloxía galega, como é habitual, unha vez máis, a fala traspasa as fronteiras administrativas e deixa á marxe desta área dialectal integramente o concello de Bande e o de Muíños por non compartiren os trazos lingüísticos máis sobranceiros que caracterizan o galego baixolimego, mentres que se incorporan a esta área dialectal aldeas dun concello máis afastado e situado ao norte, Padrenda. Mais este lugares de Padrenda quedaron fóra desta investigación debido ao seu acusado despoboamento e á inexistente comunicación actual cos tres concellos analizados (Entrimo, Lobeira e Lobios). Aínda así, cómpre precisar que son as aldeas da Azo-reira, Lapela e Gorgua as que a tradición dialectal encadra dentro da área dialectal da Limia Baixa e pertencen ao concello de Padrenda. Estas lindan directamente coa aldea portuguesa da Alcobaça. Mais, na actualidade, cando nos achegamos a estes lugares decatámonos de que sofren un cruel despoboamento que nos impediu dispoñer de informantes.

Na segunda década do século XXI esta comarca, ao igual que a maioría das comarcas galegas centrais e orientais, atópase nunha situación de despoboamento acelerado. Cada vez existen menos oportunidades de traballo, o mundo rural desaparece e a xente nova vese obrigada a emigrar cara ás cidades en busca de posibilidades laborais, xa que ao remataren no exterior a súa formación non teñen opcións de regresar para exercer cadansúas profesións nestes lugares. A día de hoxe é unha obriga categórica que todas as familias teñen asumida. Ademais, actualmente, a comarca da Limia Baixa segue a se caracterizar por carecer dunhas vías de comunicación óptimas e eficaces que lles permitan aos seus habitantes residir nestes lugares aínda que traballen fóra. Por estrada precisan percorrer 50 quilómetros de distancia a través da N540 para chegar ata Celanova ou 75 quilómetros ata a cidade de Ourense. Ademais, esta deficiencia nas redes de comunicación reverte nas conexións co país veciño, Portugal, xa que o fluxo de camións que cruza a diario as fronteiras é continuo, por iso os dous pobos, actualmente, están unindo forzas co obxectivo de conseguiren mellorar as redes que os comunican; amais, os habitantes baixolimegos cruzan por Melgaço para chegaren á cidade de Vigo (un dos destinos primordiais na emigración dos novos e adultos), a unha hora de distancia, e non por Ourense, xa que lles suporía o dobre de tempo de desprazamento.

Esta zona do sur de Galicia tivo activas tres fronteiras con Portugal ata o ano 1992: a fronteira da Ameijoeira, a fronteira da Madalena e mais a fronteira de Portela do Homem. Isto marcou de cheo a vida dos seus habitantes, o seu carácter e a súa personalidade, pois a realidade do contrabando estivo presente na economía de moitas casas da Limia Baixa. O contrabando foi o sustento de moitas familias que pasaban mercadorías ao outro lado da raia coa finalidade de gañar algún beneficio económico ou simplemente para o autoconsumo. É decer, precisaban produtos que nalgún tempo non se atopaban nesta zona de Galicia como o café, os utensilios da cociña, os lenzos ou as sabas. Isto supuxo unha intensa e estreita relación de achegamento entre ga-

legos e portugueses da raia durante, ao menos, trinta anos¹, polo que a confianza e o entendemento foi fundamental nestes intercambios. A día de hoxe, este tipo de trocos xa se extinguiu, pero si que segue existindo unha relación comercial no que se refire á venda de gas e de combustibles, xa que son moitos portugueses os que chegan a diario á Limia Baixa para mercar estes produtos debido á importante diferenza de prezos² entre Galicia e Portugal. Isto tamén axuda a crear unha rede de comunicacións que favorece as relacións persoais entre os dous pobos: as noticias do día cruzan de país dun xeito recíproco e continuo. Este mantemento de relacións humanas e comerciais repercute positiva e directamente na economía da Limia Baixa.



Mapa 2 As tres fronteiras galegoportuguesas: a fronteira da Ameijoeira, a da Madalena e a de Portela do Homem. Fonte: Rodríguez Rodríguez (2022).

1 David Sánchez González, historiador e veciño do concello de Bande, investiga sobre o contrabando na provincia de Ourense:
https://tv.uvigo.es/video/5b5b6a248f4208fb77d087c3?track_id=5b5b6a258f4208fb77d087ca.

2 Arredor de 25 céntimos de diferenza en cada litro de combustible (segundo os prezos medios dos últimos anos). Mesmo hai ocasións en que en Portugal se paga o litro a 30 céntimos por riba de Galicia. Realmente é unha entrada de diñeiro moi importante para as gasoleiras da Limia Baixa. Por exemplo, na gasoleira de Lobios asegúranos que os portugueses son os seus principais clientes.

A nivel social, actualmente, a relación entre os galegos e os portugueses mantense moi activa a través da celebración de dúas feiras mensuais. Aos primeiros domingos do mes celébrase a feira en Entrimo e aos segundos domingos en Lobios. Estas eran e seguen a ser desde hai trinta anos os elementos máis vertebradores que unen estas dúas comunidades arraianas. Isto significa que, polo menos, dous días ao mes a xente coincide na Terrachán (Entrimo) e en Lobios para mercar comida, ferramentas, aparellos de labranza, hortalizas, roupa e calzado. O escenario é sempre o mesmo: a maioría dos tendeiros e das tendeiras proceden de Portugal e montan os seus postos para vender os produtos tanto aos galegos destes concellos coma aos portugueses das aldeas máis lindeiras que acoden ás feiras. Estes intercambios comerciais son unha mostra do continuo contacto da lingua galega e da portuguesa e demostran *in situ* a facilidade de entendemento entre elas. Outro factor que tamén mantén os lazos a ambos os lados das fronteiras nestes últimos anos é o aumento considerable da circulación de traballadores portugueses da construción cara á Limia Baixa.

Tamén é un elemento común destacable dentro desta comarca o Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés (declarado Reserva da Biosfera pola UNESCO no ano 2009). O incremento do turismo nos últimos cinco anos está a significar unha posibilidade económica tanto para os galegos como para os portugueses raianos. Creáronse pequenas empresas que se encargan de pór en valor a natureza das serras do Xurés a través de rutas de sendeirismo, mostras de oficios, representacións, mercados... calquera tipo de actividade que atraia o turismo; nesta liña, as persoas emprendedoras deste sector sempre tiveron claro que cómpre traballar da man entre Galicia e Portugal e por iso confirman que esa é unha das claves do seu éxito, xa que xogan con esta baza que lles permite vender a experiencia do contacto entre os dous países e a súa comunicación. Unha nova oportunidade que se lle abre ao turismo na actualidade na Baixa Limia é a pasaxe do Camiño Miñoto Ribeiro que arranca en Braga e pasa por Lobios, Entrimo (ata aquí pola antiga vía romana) e Padrenda ata chegar a Santiago de Compostela. Desde o norte de Portugal, entra a Galicia pola antiga fronteira de Portela do Homem, chega a Lobios, atravesa Entrimo, entra de novo en Portugal por Castro Laboreiro, segue ata Melgaço, volve a Galicia en dirección aos concellos de Padrenda, Pontedeva, Cortegada, Arnoia, Ribadavia, Beade, Leiro, Boborás, Beariz, Forcarei, A Estrada, Vedra ata Santiago de Compostela. Este é outra oportunidade sobre todo para os locais de hostalería que xa estaban en activo, pero que nos últimos anos viron reducida a súa actividade considerablemente e que agora isto lles permite reabrir e manter o seu negocio.

En canto ás comunicacións intracomarcais da Limia Baixa na actualidade, a vida de diario transcorre paralelamente en distintos concellos. Cada municipio organiza os seus servizos principais a nivel particular. O único servizo que comparten é o relacionado co ensino secundario, xa que a mocidade acode ao instituto de Bande (IES Aquis Querquernis). Alí xúntanse os rapaces e rapazas procedentes de Entrimo, Lobeira, Lobios, Muíños, Bande e parte do concello de Vereá. Outra rutina común que

tamén caracteriza o día a día dos baixolimegos é o comercio: para mercar certos produtos (como a roupa, o calzado ou os libros) teñen que acudir á vila máis próxima que é Celanova ou chegar directamente á cidade de Ourense. Polo tanto, existe un contacto diario tamén neste sentido.

Demograficamente, os datos máis actualizados que manexan os concellos recóllense na táboa 1.

2019-2020	TOTAL	HOMES	MULLERES
ENTRIMO	1173	557	616
LOBEIRA	765	376	389
LOBIOS	1917	987	930

Táboa 1 Datos demográficos de Entrimo, Lobeira e Lobios (fornecidos polos concellos, 2019/2020).
Fonte: Rodríguez Rodríguez (2022).

Estas cifras mostran que arredor de tres mil oitocentas cincuenta persoas están empadroadas nos censos dos tres concellos (Entrimo, Lobeira e Lobios), mais os datos dos últimos anos non describen unha situación á alza, pois o número de empadroados descende cada ano. Actualmente, existen correntes migratorias cara ás cidades máis próximas (Ourense e Vigo) que converten en tendencia a emigración interna dos baixolimegos cara a estes núcleos urbanos.

Historicamente, tamén cómpre mencionar certos movementos que se deron entre os habitantes destes concellos e que a día de hoxe seguen a condicionar os seus contactos a todos os niveis sociais. No ano 1992, o Encoro de Lindoso anegou as aldeas de Aceredo, Buscalque, O Vao e parte de Quintela (estas catro pertencentes ao concello de Lobios) e tamén a aldea da Reloeira mais algunhas casas de Lantermil (do concello de Entrimo). Isto derivou nun movemento migratorio forzoso de aproximadamente duascentas cincuenta persoas cara ás aldeas veciñas do Casal, A Feira Vella, A Terrachán (de Entrimo), cara ao centro de Lobios ou directamente cara ás cidades. Estes movementos significaron que a fala de Lobios e Entrimo, en moitos casos, se mesturou e convive nas casas desde hai case trinta anos, o cal é un factor que se reflectirá na confluencia e mestura de trazos dialectais da fala de cada lugar.

Outro movemento transcendental que aconteceu entre os habitantes baixolimegos ocorreu nos anos setenta cando pecharon as escolas unitarias das aldeas e isto obrigou os escolares de Lobeira a desprazárense cara aos concellos veciños porque no seu non existía grupo escolar. A solución que se adoptou foi repartir o alumnado en diferentes centros: aos da parroquia de San Xes (desde onde saía cada mañá un autobús cheo) enviáronos durante sete anos ao grupo escolar de Entrimo (alí cursaban desde primeiro de EXB ata oitavo); os da zona de Lobeira centro (Santa Cruz, Gaiás e As Conchas) acudían á escola de Bande, mentres que os da zona máis montañosa

como A Fraga enviáronos directamente a un centro educativo na cidade de Ourense, a Laboral, onde pasaban toda a semana internos ata a fin da semana cando retornaban ás casas familiares.

- 20 Volvendo ás características actuais, en xeral, a economía da Limia Baixa móvese arredor do sector da construción, da restauración, do coidado dos maiores, do turismo e tamén existe algunha explotación gandeira, mais esta zona non conta con grandes empresas ou fábricas que ofrezan unha ampla posibilidade de traballo, polo tanto este queda reducido a, sobre todo, traballos de tipo autónomo, os cales non ofrecen unha oportunidade de futuro que lles permita aos máis novos non ter que marchar cara a outros lugares.

Nas epígrafes seguintes caracterizamos máis polo miúdo cada un dos tres concellos porque entre eles ocorren diferenzas que lles confiren un carácter particular a cada un.

2.1 Entrimo

O concello máis occidental desta área é Entrimo. Está formado por trece aldeas (Ferreiros, Guxinde, Bouzadrago, Pereira, Queguas, Vilar, Venceáns, A Feira Vella, O Casal, A Terrachán, A Illa, Olelas e Lantemil) agrupadas en cinco parroquias: A Terrachán, A Illa, Venceáns, Galez e Pereira. Segundo o Instituto Nacional de Estatística (INE: 2022), Entrimo conta con 1.118 habitantes que conviven nunha superficie de 84 km². Xeograficamente, limita ao norte e ao oeste con Portugal, ao sur con Lobios e ao leste coa aldea de Grou (Lobios) e cos montes da parroquia de San Xes (Lobeira).



Mapa 3 Parroquias do concello de Entrimo (mapa de elaboración propia).
Fonte: Rodríguez Rodríguez (2022).

A continuación cómpre facer unha descrición de cada parroquia³ para coñecer a situación de cada unha e, ao mesmo tempo, as diverxencias sociais entre elas.

A Terrachán: é a parroquia onde se atopan os servizos municipais e os establecementos. Sempre se caracterizou por ser o «centro» de Entrimo e onde se concentraba o poder (de aí a idea de certo «señoritismo» que se mantén aínda na actualidade nas actitudes dalgúns habitantes de Entrimo). As aldeas de Ferreiros e O Casal forman parte desta parroquia e son as que se atopan máis cerca territorialmente do núcleo, polo que se achegan máis aos costumes da Terrachán que aos do resto de aldeas (por exemplo, xa crean comunidade coa xente da Terrachán e non tanto entre os veciños da propia aldea).

A Illa: esta parroquia alberga as aldeas da Illa e Olelas. Estas son dúas aldeas moi diferentes, xa que Olelas é a máis próxima a Portugal, lonxe do centro (a nove quilómetros da Terrachán), teñen moita máis convivencia cos portugueses (sobre todo coa aldea da Várzea ou Paradela) que o resto das aldeas do concello. Ademais caracterízanse pola existencia dunha comunidade moi unida e endogámica, cunha cultura distinta que mestura as tradicións de Galicia coas de Portugal (por exemplo, no verán xúntanse moitos días para tocar a concertina e bailar o vira, un baile tradicional portugués que os olélans e olélás teñen como seu). A súa situación lingüística é particular: esta aldea de arredor de trinta e cinco veciños en realidade é trilingüe, pois ao galego autóctono e ao portugués dos habitantes das aldeas portuguesas pegadas engadíuselle nos últimos anos o francés de moitos emigrantes retornados e dos seus descendentes (mesmo que nunca emigrasen a Francia). Nos períodos vacacionais este trilingüismo de practicamente todos os veciños é un feito constatable e abraiante. Outramente, a Illa xa é unha aldea diferente, na que tamén existe sentido de comunidade entre os seus habitantes, pero xa non manteñen trazos tan diferenciados do resto de Entrimo como os de Olelas.

Venceáns: é unha parroquia formada por tres aldeas ás que se lle chama en conxunto «A Montaña» por estaren situadas nas zonas máis altas do concello. Caracterízanse por seren as aldeas onde mellor se conservan certos usos e tradicións xa desaparecidas no resto do concello. Isto apréciase, por exemplo, no pastoreo, pois todos os veciños botan as herdades ao xeito de antes e moitos deles aínda teñen gando na casa, feito que non ocorre nas aldeas veciñas. Poderíamos decer que esta é a parroquia que mellor conserva o modelo de vida tradicional galego, de aí que entre algunha mocidade desta parroquia domine o sector primario.

Galez: é unha parroquia que acolle os lugares de Asperelo, A Feira Vella, Galez, Olín e As Quintáns, os cales se atopan amoreados nun mesmo núcleo. Isto implica que as relacións sociais entre os seus habitantes son máis densas que noutras parroquias.

³ Os nomes que se seleccionaron para identificar cada unha das parroquias parten da decisión de manter as denominacións que empregan os propios habitantes no seu día a día.

Ademais, a existencia de tres bares que exercen a función de puntos de encontro implica unha intensa convivencia entre os seus veciños. Outra diferenza coas demais parroquias de Entrimo é que destaca, sobre todo nas fins de semana, pola alta afluencia de xente nova que regresa ás casas familiares, o que reforza a idea de comunidade. Case se pode decer que, ao igual que A Terrachán, Galez ten carácter de vila en contraposición á parroquia da Montaña ou a Pereira, onde a vida rural tradicional segue a ser un trazo fundamental e característico das súas vidas.

Pereira: Pereira, Bouzadrago e Guxinde (denominadas co topónimo Carriás no seu conxunto pola veciñanza) son tres aldeas pequenas que se definen por lindaren coa fronteira portuguesa da Ameijoeira. Pereira e Bouzadrago están moi próximas territorialmente e, ao mesmo tempo, lonxe das demais. Isto crea unha relación estreita entre os seus veciños. Guxinde é a última aldea do concello, a catro quilómetros da fronteira da Ameijoeira, mais para os portugueses esta aldea é un lugar de paso no camiño desde Crasto Laboreiro á Terrachán, a onde chegan habitualmente para mercar nos establecementos comerciais.

Un dato que destaca nestes últimos anos en Entrimo é o regreso da emigración. A rutina diaria atopouse de novo con todas esas persoas que marcharan á emigración (sobre todo a Francia e a Suíza) arredor dos anos 1960 e 1970 e que agora retornan ás casas familiares que deixaron sendo novos para pasar a súa xubilación. Entrimo é un deses concellos que recuperou vida grazas a toda esta xente retornada. Este factor reverte na lingua, pois esta xente estivo minimamente ou nada exposta ao influxo do castelán.

Os servizos dos que dispón os habitantes de Entrimo son un colexio con vinte rapaces e rapazas, un centro de saúde, un banco, unha biblioteca e dous supermercados. A nivel cultural, Entrimo conta na actualidade con asociacións como a Asociación de Mulleres do Rural, que promove actividades de todo tipo (ximnasia, excursións, encontros, campañas...) e obrigan así os seus habitantes a estar en continuo contacto. Outro proxecto que destaca neste concello é o labor dun grupo de xente nova que edita o xornal *O Picaraño*⁴ de carácter trimestral que xira arredor de temas sobre Entrimo.

Unha característica que comparte con moitos outros concellos rurais galegos é o avellentamento da súa poboación. No gráfico 1 corroboramos este trazo a través da pirámide poboacional de Entrimo, elaborada polo Instituto Nacional de Estadística e contrastada cos datos que o propio Concello de Entrimo nos forneceu (18/03/2020).

4 *O Picaraño* é unha revista cultural local, polo tanto a súa prioridade é a publicación de artigos que poidan interesar ao público de Entrimo. Está escrito enteiramente en galego, co máximo esforzo posto en reproducir a fala de Entrimo e coa finalidade de preservar e os seus trazos dialectais; sendo esta a única oportunidade de que a nosa lingua se vexa, ademais de falada, retratada nun rexistro formal. A decisión do título nace coa finalidade de render tributo ao xornal *Picaraño* que vía a luz en Entrimo no ano 1909.




Gráfico 1 Pirámide poboacional do concello de Entrimo. Fonte: <https://www.ine.es/> [data de referencia: 01/01/2020].

Deste xeito, comprobamos que se trata dunha pirámide regresiva, xa que é máis longa nos grupos superiores que na base debido á baixada da natalidade e ao avelentamento continuo da poboación. Polo tanto, a perspectiva do futuro⁵ do concello vai en descenso e, ademais, a taxa bruta de natalidade é dun 2,2%, fronte a unha taxa bruta de mortalidade do 20,1%, (IGE, 2011).

2.2 Lobios

Lobios é tamén un dos concellos encravados na Limia Baixa que está formado por aldeas agrupadas en dez parroquias: Araúxo, A Cela, Grou, A Illa, San Miguel de Lobios, Manín, Río Caldo, San Martiño de Grou, San Paio de Araúxo e Torno. Atendendo ao seu padrón municipal, actualmente conta con 1.703 habitantes (INE: 2022) que conviven nunha superficie de 168,77 km². Xeograficamente, limita ao norte con Lobeira, ao oeste con Muíños, ao sur con Portugal e ao oeste con Entrimo e tamén con Portugal. Na actualidade, cómpre subliñar algúns dos trazos máis particulares de cada parroquia para describir a súa situación.

⁵ Véx. o artigo de Cristian Oliveira en que se pregunta se «Está morrendo Entrimo?» (Oliveira, 2021).



Mapa 4 Parroquias do concello de Lobios (mapa de elaboración propia). Fonte: Rodríguez Rodríguez (2022).

Araúxo: a parroquia de Araúxo está formada polas aldeas de Delás, Gustomeao, A Portaxe, A Regada, Requeixo, Sa, Suigrexia e A Vila. A que máis destaca de todas elas é a da Vila por atoparse nun momento de confraternización entre os seus veciños co fin de loar o seu lugar e todas as súas características propias.

A Cela: esta parroquia está formada unicamente pola aldea da Cela. A súa maior particularidade remóntase á época Constitucional, xa que naquel tempo pertencía á freguesía de Pitões das Júnias (Montealegre, Portugal). Hoxe conta con pouca xente, moitos veciños e veciñas arrimáronse moito cara a San Paio e San Martiño debido aos matrimonios entre estes lugares.

Grou: en primeiro lugar, cómpre mencionar o desligamento desta parroquia co resto de Lobios: «á xente de Grou cústalle ir a Lobios», é decer, teñen un carácter máis individual, case funciona coma un concello propio, mais este carácter xa vén desde a Idade Media. Realmente os seus habitantes actualmente tamén conviven coa xente de Galez (Entrimo), xa que territorialmente, pola súa situación xeográfica, atópanse máis próximos a Entrimo. Isto apréciase en que moita xente de Grou merca en Entrimo en lugar de ir a Lobios e tamén o percibimos pola gran cantidade de matrimonios que se deron entre estes dous lugares. Son moitos os lugares que pertencen a esta parroquia de Grou: A Carreira, Casal do Souto, Casardecima, Casardomato, Cimadevila, Coloño, O Corgo, A Cruz, O Eido, Ferreiros, Ferreiros de Alén, Foz, Marás, Pazos, Pedrosa, Pousa, As Quintas, A Rasela, Reguengo, Requeixo, A Rúa, Silvares, O Souto e Terradas.

A Illa: as aldeas de Buscalque e Quintela tiñan o río Limia polo medio, pero non dispuñan dunha ponte, así que era un problema nos invernos xa que non podían cruzar o río e quedaban illados. Actualmente, en Quintela aínda quedan varias familias, pero Buscalque foi unha das aldeas que quedou asolagada debaixo da auga coa chegada do encoro no ano 1992. Por estes motivos sempre tiveron e seguen a ter unha conexión moi forte con Olelas porque o monte de Buscalque chegaba ata a aldea de Olelas.

San Miguel de Lobios: referímonos a esta parroquia comunmente como «Lobios», onde se concentran a maioría dos habitantes do concello e funciona como centro natural da vida diaria en que se sitúan os comercios, os bancos, as cafetarías, os restaurantes, o centro médico, o colexio e a biblioteca. Os barrios que conforman esta parroquia son O Barreal, Cimadevila, Cruces, Fábrica, Fondevila, Ogos, O Outeiro, Pazos, Quintás, Rial, Ribas de Araúxo e Zapateiros.

Manín: está formado por Compostela, Ludeiros, Manín, O Vao (asolagado polo encoro) e Aceredo (tamén asolagado). Actualmente son aldeas que sofren un forte despoboamento.

Río Caldo: esta parroquia abrangue as aldeas de Os Baños, Bubaces, A Devesa, Padrendo, Torneiros e Vilameá. Son aldeas con moita conexión con Portugal continuamente: no pasado, foi unha zona de contrabando ata os anos 1950 e 1960 e na actualidade, o bar de Río Caldo recibe portugueses a diario debido ós baños nas pozas de augas quentes (estas son, sen dúbida, o trazo que define esta zona porque reciben moita xente). É unha parroquia con bastantes habitantes en comparación coas outras de Lobios. Concretamente, Bubaces, Vilameá e Torneiros son os lugares máis poboados.

Estas tres últimas parroquias destacan entre elas pola súa convivencia conxunta desde principios do século XIX, sempre foron lugares próximos e cunhas pautas de actuación común.

San Martiño de Grou: esta parroquia só está conformada pola aldea do Valoiro, onde só residían sete habitantes no ano 2020. Esta parroquia ten unha peculiaridade, xa que ademais do Valoiro, tamén engloba a aldea de Cabaleiros, pero esta última pertence a outro concello, a Lobeira (é decer, é das poucas parroquias de Galicia que ten dividido o seu territorio en dous concellos).

San Paio de Araúxo: as aldeas que inclúe esta parroquia son Bouzas, Briñidelo, Esperanzo, Guende, Prencibe, Puxedo, O Reguengo e San Paio. En xeral, en toda esta parroquia, percíbese un descenso de xente nos últimos anos, que regresa as fins de semana e que aínda se segue xuntando no bar do centro da parroquia. A aldea de Puxedo é o núcleo con máis actividade, xa que entre os veciños e as veciñas están recuperando o seu patrimonio material, os costumes a través dun Ecomuseo do Pan

do Xurés (todos os anos recrean o proceso de elaboración do pan entre toda a veciñanza) e tamén realizan xornadas de visibilidade sobre as súas tradicións; todas estas actividades crean un sentido forte de comunidade entre os habitantes de Puxedo. Outro factor da xente das aldeas da parroquia de San Paio que os distingue das demais parroquias de Lobios é o contacto que sempre mantiveron cos habitantes de Prado, Cados, Alvite (pertencentes ao concello de Muíños) ou incluso con Tourém (unha freguesía portuguesa do concello de Montealegre) a través dos montes, xa que levaban o gando ás serras limítrofes con estes lugares. Hoxe esta convivencia non é tan próxima, pero conviven debido aos lindes xeográficos.

Torno: coloquialmente entre os habitantes da comarca dise que é «a terra de ningún» debido ao seu carácter individualista. As aldeas que o conforman son Ganceiros, A Herdadiña, A Lama, Torno, Xeás e Xendive.

Orixinariamente poderíamos decer que de todos os concellos da comarca, Lobios é o máis artificial, xa que xuntaron territorios históricos sen vinculación entre si e agrupáronos. Por iso semella un concello máis «atrapallado» en canto á súa formación histórica, non coma no caso de Entrimo, por exemplo, que ten un núcleo (Terrachán) e arredor sitúanse as aldeas que converxen nel.

Os servizos de que dispón este concello son: catro supermercados, un colexio, dous bancos, un centro de saúde e unha biblioteca.

A nivel cultural, Lobios conta desde hai 140 anos cun proxecto que levan xestionando os veciños baixolimegos: a Banda de Música de Lobios, que reúne xente de todos os concellos da contorna. Ademais do conxunto da banda, tamén existe unha Escola de música en que os instrumentistas se forman desde o inicio. Esta actividade musical conseguiu xuntar todos os músicos aos venres e aos sábados e iso sempre supuxo un vencello de unión moi forte entre os seus integrantes. É unha banda que nos veráns sae tocar por moitos lugares de Galicia e Portugal; polo tanto, chégase a crear unha colectividade familiar, sobre todo entre a mocidade baixolimega, o que provoca a consolidación dunha identidade comarcal que se corresponde moito coa área dialectal, como describiremos nas percepcións dos seus habitantes no capítulo de sociolingüística.

A sede do Parque Natural Baixa LimiaSerra do Xurés tamén se atopa no concello de Lobios. Este Parque Natural (que limita co Parque Nacional de Peneda-Gerês) abrangue as montañas de Lobios, Entrimo e Muíños, aínda que posteriormente se ampliou aos concellos de Lobeira, Bande e Calvos de Randín. Na vida diaria de Lobios cómpre destacar as oficinas deste Parque, que están á disposición das persoas que chegan á Baixa Limia, ofrecen actividades, xestionan os montes dos concellos, encárganse do medio ambiente da zona (fauna e flora), dan cabida a cooperativas e reciben e guían excursións.

En canto á pirámide poboacional do concello de Lobios, apóiase nos datos do INE mais os facilitados polo propio Concello de Lobios [30/04/2020] e de novo, igual ca no caso de Entrimo, trátase dunha pirámide regresiva, que vai enfraquecendo cara aos grupos inferiores dun xeito considerable.

27




Gráfico 2 Pirámide poboacional do concello de Lobios. Fonte: <https://www.ine.es/> [data de referencia: 01/01/2020].

2.3 Lobeira

O concello de Lobeira posúe unha superficie de 68,9 km², nos que se estenden oito parroquias que abranguen vinte e seis aldeas, onde residen un total de 774 habitantes (INE: 2022). Este concello está situado ao suroeste da provincia de Ourense, na marxe dereita do río Limia. Xeograficamente, limita ao norte con Verea, ao oeste con Portugal, ao sur con Lobios e ao este con Bande, e está situado ao suroeste da serra do Laboreiro.



Mapa 5 Parroquias do concello de Lobeira (mapa de elaboración propia). Fonte: Rodríguez Rodríguez (2022).

A continuación, ao igual que cos outros dous concellos, nas páxinas que seguen describimos a situación das súas parroquias.

A Fraga: esta parroquia só está formada por unha aldea, que é a que se atopa máis afastada do centro de Lobeira. Sitúase nunha chaira a bastante altitude. O seu modo de vida é a gandería de alta montaña. Os habitantes da Fraga sempre se caracterizaron por cultivar moito centeo, por teren un xeito de falar propio (segundo perciben os outros veciños de Lobeira) e por posuíren certos trazos físicos diferenciais como baixa estatura, seren louros, con abundantes pencas e ollos azuis e resgados.

Lobeira (San Vicente): é a capital do concello e consta dos seguintes barrios: A Vila, onde se atopa a casa do concello, a residencia de anciáns, o centro médico, o cuartel da garda civil, o tanatorio, o supermercado e bares; As Quintas, onde ata hai moi

pouco tempo había unha farmacia e un banco; Santa Baia, onde se colle o desvío para o santuario do Viso e, por último, o barrio de Meás, onde se atopa un núcleo de casas na periferia. Tamén pertence a esta parroquia a aldea de Facós, lugar nativo do etnógrafo Xaquín Lorenzo «Xocas».

Monte Longo: alberga tres lugares: Nogueira, Souto e Vilariño, aos que os veciños doutras parroquias denominan «Os de Tras do Viso». Esta parroquia mantén pouco contacto con San Xes, San Martiño, A Fraga ou Parada. Relaciónanse máis coa xente de Bande.

Parada do Monte: está conformada polos lugares de Parada e de Taboazas. Está situada nun val ao lado do río Fragoso. Na década de 1960 emigrou moita xente a Venezuela. Taboazas é a aldea máis fría do concello de Lobeira, no inverno chega a neve e actualmente está case deshabitada.

San Martiño de Grou: é a parroquia que alberga a aldea de Cabaleiros, onde xa só quedan tres veciños.

San Xes de Vilariño: esta é a parroquia máis extensa de todo o concello e está composta polas seguintes aldeas: Senderiz, Vilariño, A Canle, Baldemir, Sabariz e Torneiros. O centro desta parroquia concéntrase na Canle, onde se atopa a igrexa, o cemiterio e tamén un bar, mais nos últimos anos perdeu moita poboación, por iso agora xa non destaca do resto das aldeas.

Santa Comba: parroquia compartida co concello de Bande. As aldeas que pertencen a Lobeira son Os Chaos e Fradalvite, que están ao carón do encoro das Conchas, que asolagou parte das súas terras. Actualmente sérvense máis en Bande.

Santa Cruz de Grou: esta parroquia está formada polas seguintes aldeas: Gaiás, Carreiras, As Conchas, Tedós, Ermille e Santa Cruz. Este último lugar, que lle dá nome á parroquia, é onde se atopan a igrexa e o cemiterio. Non dispón doutros servizos, agás na aldea das Conchas, que se sitúa a carón da N540, onde se atopa un banco, un centro médico privado, unha tenda de electrodomésticos e a parada do autobús.

Ademais, os servizos que ofrece este concello son mínimos en comparación con Entrimo ou Lobios. En Lobeira só queda un supermercado na zona central, xa que non dispón de biblioteca, o banco pechou e o colexio cerrou as portas no ano 2007 e agora reconverteuse nunha residencia de anciáns, símbolo e resumo da deriva demográfica do concello e da comarca.

A nivel cultural, en Lobeira destaca a figura de Xaquín Lorenzo Fernández «O Xocas» (Facós, 1907-1989), xa que construíu un inventario etnográfico e cultural de toda a área limega. A través do seu interese conseguiu que moitos veciños e veciñas valorasen un pouco máis a súa lingua, as tradicións e os costumes. Ademais, foi a persoa que recibiu ao lingüista alemán Hans Karl Schneider en Lobeira, a quen tamén lle facilitou moito material e lle transmitiu a importancia da fala desta área dialectal.

30

A pirámide poboacional que extraemos do INE e que cotexamos cos datos que nos facilitou o Concello de Lobeira (concretamente, o día 8 de abril de 2020) amósanos unha situación tremendamente devastadora, xa que o adelgazamento nos grupos inferiores é aínda máis vertixinoso ca en Entrimo ou Lobios. O tramo de 10 a 24 anos é moi escaso, o que demostra que Lobeira sufriu un brutal despoboamento que derivou nunha baixada vertixinosa da natalidade.




Gráfico 3 Pirámide poboacional do concello de Lobeira. Fonte: <https://www.ine.es/> [data de referencia: 01/01/2020].

2.5 Bande

Desde o comezo desta investigación partimos do trazado da área dialectal da Limia Baixa para poñer os límites do noso tecido entrevistado. Isto significa que o concello de Muíños e o concello de Bande quedaron excluídos inicialmente, xa que estes se adscriben á subárea dialectal auriense (Fernández Rei, 1990: 108), mais como os mozos e mozas comparten diariamente algúns contextos esenciais, como o centro de estudos secundarios e de bacharelato, pois decidimos incluílos nas enquisas de sociolingüística (*Enquisa A* mais *Enquisa Aa*), polo tanto cómpre fornecer unha pequena descrición cadansúas situacións.

Bande é o concello, canda Lobeira, situado máis ó norte e isto significa que os seus habitantes non adoitan acudir aos demais concellos baixolimegos habitualmente, é decer, non teñen que pasar polas outras terras para chegar a Celanova ou a Ourense,

cousa que si lle acontece aos demais concellos como Entrimo, Lobios, Lobeira ou Muíños, que teñen que cruzar o núcleo de Bande para seguir cara á vila ou cidade máis próxima. Sitúase, ademais, a trinta quilómetros de Portugal, polo tanto xa non teñen esa relación diaria co país veciño, a cal rexistramos nos outros concellos, coma Entrimo ou Lobios.

31

Administrativamente, Bande é a sede do partido Xudicial número 8 da provincia de Ourense, polo que alberga os servizos da comarca da Baixa Limia como, por exemplo, o Punto de Atención Continuada (PAC). Ten unha superficie de aproximadamente 99 km² cunha poboación de 1500 habitantes repartidos en 12 parroquias: san Pedro de Bande, O Baño, Cadós, Calvos, Carpezás, Corbelle, Garabelos, Güin, Nogueiroá, O Ribeiro, Santa Comba e Vilar. O río Cadós atravesa este concello de norte a sur ata que converxe co río Limia. A parroquia de san Pedro de Bande é onde se atopan as oficinas municipais, os bancos, o centro médico, os comercios, os bares e restaurantes, a biblioteca, o pavillón e os centros de ensino, tanto o CEIP Xoaquín Lourenzo Xocas como o instituto IES Aquis Querquernis.

En canto á actividade económica, Bande non posúe industrias e, ao igual que os concellos veciños, a súa economía céntrase no sector da construción e dos servizos. As feiras deste concellos, que son o día 13 e 28 de cada mes, foron moi importantes, mais non en gando, senón en realización de xestións administrativas, documentación na Cámara Agraria, e tamén para mercar o plantío e ferramentas. Hoxe están reducidas a feirantes de roupa, calzado e algún posto de ferramentas e plantío, mais séguense celebrando todos os meses. A estas feiras acoden, non unicamente os veciños de Bande, senón que os de Lobeira tamén debido á súa proximidade territorial. Na actualidade, ademais destas feiras, tamén se celebra en Bande o primeiro domingo de cada mes un mercado de artesanía e produto local que se denomina «O mercado do Xurés».

Nos últimos anos, recibe moitas visitas ao campamento romano Aquis Querquernis, onde se atopa un centro de interpretación, as ruínas (nun estado de boa conservación) e as termas romanas.

2.6 Muíños

O concello de Muíños ten unha extensión de 109 km² que albergan 12 parroquias: Parada de Ventosa, Farnadeiros, Xermeade, Barxés, Cadós, Couso de Salas, Maus de Salas, Muíños, Porqueirós, Prado, Requiás e O Souto. Conta cunha poboación de arredor de 1440 habitantes e o núcleo do concello sitúase no lugar de Mugueimes (que pertence á parroquia de Muíños) e alí é onde se atopa a casa do concello, os bares, o CEIP Valle Inclán de Muíños, o centro de saúde e os comercios.

Muíños limita polo norte con Lobeira e Bande, polo leste cos concellos de Porqueira e Calvos de Randín (que xa non pertencen á comarca baixolimega), polo oeste con Lobios e polo sur con Portugal. Ademais, tamén o podemos situar segundo o val do río Limia (onde se atopa o encoro das Conchas) e do río Salas (encoro de Salas).

Economicamente, presenta unha situación moi similar á dos concellos veciños e, a maiores, nos últimos anos destaca polo complexo turístico «O Corgo», xa que ten locais habilitados para recibir grupos de estudantes ou visitantes e, deste xeito, poder desfrutar da praia fluvial que se sitúa ao carón do mesmo e practicar deportes náuticos.

Os habitantes de Muíños, ao igual que o caso de Bande, non manteñen un contacto estreito e diario con Entrimo, Lobios ou Lobeira (agás a mocidade no centro de estudos de secundaria e bacharelato). A súa xente quizais teña máis comunicación coa vila de Xinzo de Limia debido á proximidade xeográfica pola estrada de Ponte Liñares.

Capítulo 03

A Limia Baixa: monolingüismo galego nunha encrucillada trilingüe

33


En relación ó contacto de linguas, a vida diaria das persoas baixolimegas nestes lugares xira ao redor do seu galego dialectal, xa que é a variedade que se rexistra en todos os contextos: na rúa, nas casas, nos establecementos e na administración e é na que se comunica a maioría da comunidade baixolimega, tanto os novos coma os adultos ou os maiores. Pero nesta fala percíbese a influencia doutras variedades e linguas: o español, o galego estándar e o portugués tamén gardan o seu espazo nalgunhas situacións sociais. En primeiro lugar, o galego estándar entra na vida de todos os habitantes por algúns medios de comunicación, principalmente, a través da canle de Televisión de Galicia, da Radio Galega e de documentos administrativos (a un nivel baixo); tamén chega aos máis novos a través da escola, sendo este o factor que máis vai condicionar a súa fala, xa que moitos dos informantes da franxa de idade máis nova que entrevistamos transmitíronnos o seu desexo de seren completamente competentes na variedade estándar, «é o seu modelo de lingua». Esta xeración tamén emprega o galego estándar para comunicarse nas redes sociais (afondaremos neste tipo de medios no capítulo §6) e para a linguaxe escrita en todos os rexistros.

En segundo lugar, cómpre mencionarmos a influencia do español. É a segunda lingua dos falantes e tamén é para moitos adultos e maiores a lingua que empregan na súa competencia escrita. Ademais, é a lingua teito de toda esta poboación: é a lingua da maioría dos medios de comunicación aos que teñen acceso, tamén das redes sociais e a da paisaxe lingüística que os rodea (a publicidade, os carteis, os letreiros...). Isto crea unha situación contraditoria: o contacto entre os habitantes da Limia Baixa ocorre en galego, mentres que a relación de cada individuo baixolimego co mundo ten lugar en español⁶ e isto repercute directamente na súa fala; aínda que

6 Xa nos anos noventa se describía como unha «situación de anormalidade» referíndose a «[...] hai dúas linguas que se empregan en contextos diferentes. Unha para andar por casa e a outra en todas as demais situacións» (Rodríguez Domínguez, 1993: 33).

non podemos obviar que o factor xeográfico (ese distanciamento coas vilas e cidades) fai que o español entre nesta fala dun xeito máis paulatino que noutros lugares da contorna, como por exemplo Celanova, xa que non teñen contacto diario *in situ* con persoas que falen español.

En terceiro e último lugar atópase o portugués como lingua de contacto. A comunicación do galego da Limia Baixa co portugués é unha realidade que ocorre actualmente nestes lugares, polo tanto, a relación continua cos veciños portugueses incide, sobre todo, na fala das aldeas máis achegadas á fronteira. En canto á actitude destes galegos cara á lingua portuguesa atopámonos cunha bipolaridade: por unha banda, rexistramos unha actitude positiva baseada nese *continuum* lingüístico (do que son conscientes todos estes falantes) apoiado no léxico compartido, na prosodia, na morfoloxía e no fácil entendemento; por outra banda, encontramos unha actitude negativa (pouco compartida) coa que marcan distancia entre un pobo e o outro e que a transmiten a través dunha posición pexorativa ao identificaren a fala dalgunhas aldeas como «galego aportuguesado», é decer, como unha perda de prestixio social por parte destes falantes que se atopan máis próximos a Portugal (isto é, que lle confiren un valor menor á lingua portuguesa).



Imaxe 1 Representación das linguas en contacto co galego da Limia Baixa. Fonte: Rodríguez Rodríguez (2022).

O contacto interno entre os diferentes lugares desta comarca, desde una perspectiva social e local, tamén pode deixar pegada na fala e condicionar a variación lingüística e o grao de cambio lingüístico destes falantes. Por exemplo: as aldeas da Montaña (Entrimo) tiveron sempre moito contacto co punto xeográfico de San Xes (Lobeira), xa que os seus montes son lindeiros e iso obrigáballes a teren un contacto estreito; aínda a día de hoxe existen moitos matrimonios entre os veciños destes lugares, o que os leva a comprobar que manteñen trazos comúns entre eles e que, ao mesmo tempo, os diferencian das aldeas veciñas. Outro factor que favorece ou restrinxo o uso de unha ou outra variedade nestes falantes tamén é, por suposto, a distancia entre xeracións. A situación de cada xeración con respecto a causas externas como a imposición do castelán (mediático ou escolar) ou a introdución do galego estándar na escola decidirán profundamente sobre a conservación dos seus trazos dialectais e tamén sobre a competencia e a seguridade da variedade no seu uso, tanto na oralidade coma na escrita, como nos diferentes rexistros.

Neste senso, a perspectiva sociolingüística permitiranos entender moitos dos factores que inflúen directamente no galego baixolimego; polo tanto, no grao de variabilidade de cada fenómeno dialectal (véx. Rodríguez Rodríguez, 2022).

Capítulo 04

Percepcións e actitudes sociolingüísticas na Limia Baixa

37

Un dos obxectivos deste estudo é dar a coñecer a situación sociolingüística desde o punto de vista dos propios falantes a través dos dous fenómenos dialectais máis representativos da fala da Limia Baixa: a gheada mais as sibilantes sonoras. De modo que nas dúas subepígrafes seguintes describiremos as actitudes sociolingüísticas que estes dous trazos dialectais espertan nos propios falantes e na veciñanza.

4.1 A gheada desde a óptica da sociolingüística

A fala da Limia Baixa caracterízase tradicionalmente por ser unha área de vacilación gheadófono. Desde os primeiros estudos centrados nas falas destes lugares (Schneider, 1938) ata os máis recentes (Rodríguez Lorenzo, 2011) describen esta área dialectal cun alto grao de vacilación na pronuncia da gheada en diferentes contextos fónicos. Se facemos unha pequena recapitulación dos autores e das obras representativas que documentaron a vitalidade deste fenómeno dialectal nestas falas, partimos dos datos que achegou Hans Karl Schneider (1938: 94), xa que retrata a gheada destes falantes a través de dous fonemas: por unha banda, detecta nesta zona a fricativa velar xorda [x] e, pola outra, a fricativa velar xorda con menos fricación ca [x], a cal representa co mesmo fonema que o anterior, mais entre parénteses [(x)]. Fernández Rei (1990: 163) denomina a realización da gheada desta zona como fricativa faringal xorda e represéntaa mediante o fonema /h/. O volume III do *Atlas Lingüístico Galego* (1999), *ALGa* en diante, representa a gheada baixolimega a través da realización [h] que nomea como aspirada faringal xorda, a mesma denominación que no volume anterior do *ALGa* (o número II), mais neste último caso empregaron outro símbolo fonético, o [h̥]. A través dos volumes do *ALGa* comprobamos como se rexistraron moitos casos de variación gheadófono no punto 0.26 (A Terrachán, Entrimo) e tamén no punto 0.31 (Bubaces, Lobios). Extraemos trece exemplos susceptibles de gheada que clasificamos segundo as catro posicións (inicial, interior intervocálica, posconsonántica e posconsonántica por fonética sintáctica) e verifica-

mos que, en posición inicial, na Terrachán nos atopamos cunha vacilación maioritaria entre os fonemas velares sonoros [g, ɰ] e a aspirada faringal xorda [h̥]. Polo tanto, a gheada está presente de maneira irregular ou asistemática. No caso de Bubaces, a gheada rexístrase en exclusiva en case a totalidade dos exemplos, a non ser o caso de *gando* que tanto sinala o fonema aspirado xordo [h̥] como o sonoro [g]. Polo tanto, isto indica que a gheada, en posición inicial, está plenamente presente. No caso da posición interior intervocálica, na Terrachán a situación é moi similar, case idéntica, á anterior, xa que a vacilación de gheada/non gheada segue a ocorrer, tan só nunha forma empregan unicamente [ɰ]; mentres que en Bubaces a situación muda con respecto á posición inicial, porque en posición intervocálica observamos como a gheada comparte a súa presenza co fonema [ɰ] en case todos os casos e deixa de ser a única pronuncia, á excepción do exemplo *agulla* en que só se rexistra a aspiración [h̥]. En posición posconsonántica, a situación é distinta: na Terrachán desaparece por completo o fonema aspirado faringal xordo, quedando como única solución as consoantes sonoras e no caso de Bubaces só se mantén presente a gheada nun único exemplo. Os datos dos cadernos do ALGa demostran que nestes puntos de Entrimo e Lobios a gheada estaba presente a mediados dos anos 1970 do século pasado, hai 50 anos, aínda que con vacilación gheada/non gheada. Ademais, tamén se fai patente nesta obra que os concellos lindeiros como Bande (punto 0.23) son concellos gheadófonos, sen vacilación.


O estudo de Rodríguez Lorenzo (2011), un dos traballos en que se presentaron os últimos datos da gheada en todo o territorio da nosa xeografía, documentou que existe unha situación de retroceso da gheada en todo o territorio e engade información verbo do punto de Entrimo, xa que no ano 2008 acode de novo aos puntos do *Atlas Lingüístico da Península Ibérica* e engade un apuntamento no seu traballo moi interesante: «En Viveiro (114), Silleda (129) e Entrimo (150) os informantes identificaron a gheada como un trazo pertencente á fala dos seus ascendentes e que xa non está presente na actualidade; é posible que aínda quede alguén nestes puntos que fale con gheada, pero eu [sic] non se atopou ningún caso» (Rodríguez Lorenzo, 2011: 456).

Finalmente, a través dunha das análises que realizamos para a investigación da tese de doutoramento (Rodríguez Rodríguez, 2022) coa finalidade de coñecer a vitalidade da gheada en toda a área dialectal baixolimega, concluímos que este trazo fonético se concentra na actualidade nos lugares máis afastados. O tecido de puntos en que realizamos as nosas enquisas, que abranguen toda a área dialectal baixolimega, aparece debuxado no mapa 6. En total son catorce puntos en que pasamos o cuestionario e en que fixemos gravacións para construír o corpus do que extraeremos os datos lingüísticos da situación de cada fenómeno dialectal que caracteriza actualmente a fala destes lugares.



Mapa 6 Rede de puntos (mapa de elaboración propia). Fonte: Rodríguez Rodríguez (2022).

Segundo este cuestionario, e atendendo ao fenómeno da gheada, despois de entrevistar os falantes e peneirar todos os seus exemplos, detectamos gheada en seis lugares da nosa rede de puntos: na Montaña, en Xes, na Fraga, en Grou, nas Conchas e na Serra. Ademais, rexistramos que a gheada baixolimega se atopa nunha boa situación, é decer, que goza dunha boa vitalidade entre estes falantes na actualidade e tamén que a posición inicial é a que ten os valores máis elevados. Deste xeito, a isoglosa gheada/non gheada divide o mapa desta área en dous.



Mapa 7 Isoglosa da gheada baixolimega. Fonte: Rodríguez Rodríguez (2022).


Unha vez que concretamos a situación actual da gheada na fala da Limia Baixa, cómpre centrarnos nas actitudes e percepcións que teñen os falantes desta zona sobre este fenómeno.

«Os cambios lingüísticos nas comunidades rurais galegas non poden entenderse sen estudar os factores sociolingüísticos en que se inscriben» (Regueira Fernández, 2016: 231). Así pois, a situación xeográfica e orográfica das aldeas pode ser pertinente, xa que, como mencionamos no capítulo da descrición actual da Limia Baixa, socialmente atopamos diferenzas notables entre os núcleos dos concellos (onde se atopan os supermercados, bancos, casa dos concellos, escolas, bibliotecas...) e as aldeas máis afastadas do centro. Semella que este tipo de diferenzas (costumes,

tradicións, formas de vida, de relación entre os veciños, menor contacto con outros veciños nas aldeas máis montañosas...) poden acelerar ou minorar o grao de cambio ou mudanzas nos trazos propios das falas. Por conseguinte, precisamos comprobar se isto interfere na vitalidade da gheada, e para isto, cómpre situar no mapa estas áreas máis illadas do núcleo de maior poboación. 41

De primeiras, podemos pensar que este factor situacional, cando menos, amosa unha tendencia: as áreas gheadófonas baixolimegas son as que están máis afastadas dos núcleos de poboación principais. Na área dialectal da Limia Baixa, os núcleos situámoslos nos puntos A Terrachán (Entrimo) e Araúxo (Lobios), deste xeito, en Lobeira non marcamos ningún, mais o motivo é que o que poderíamos entender como o centro deste concello (barrio da Vila) quedaría fóra dos límites da área dialectal que Fernández Rei (1990) delimitou; ademais, teríamos bastantes dúbidas de se hoxe funciona como núcleo, pois xa pecharon moitos locais que cumprían estas funcións (banco, colexio, supermercados...) en que se centra o maior contacto entre os veciños. Mais temos unha excepción nesta teoría dos lugares máis illados seren os gheadófonos porque a área das Conchas si que é unha das áreas máis concorridas que non se sitúa lonxe dos núcleos, xa que ata hai pouco tempo era núcleo propio (había un supermercado, tendas, banco e a central hidroeléctrica que implicaba unha maior concentración e contacto entre os veciños, mais sobre todo porque é área de paso obrigatorio para chegar aos concellos de Entrimo e Lobios). Mais neste caso, existe tamén outra razón sobranceira que facilita o mantemento da gheada entre os seus falantes e é que está rodeada completamente de territorio gheadófono, de aí que o contacto diario e directo entre os veciños e veciñas actúe como reforzo nesta fala.

Deste xeito, ao comprobarmos que actualmente a gheada é un trazo dialectal das zonas máis afastadas da Limia Baixa, podemos confirmar que, de inicio, se trata dunha característica que favorece o mantemento do fenómeno en si. Mais o certo é que, desde unha perspectiva cartográfica, os tres puntos máis afastados e montañosos forman un triángulo e todo o que queda no seu interior é territorio gheadófono, mentres que fóra destes límites xa non se rexistra gheada. A explicación desta existencia e mantemento da gheada podería deberse a que son os lugares máis afastados e con menor contacto cos demais, é decer, un illamento secular como favorecedor da conservación, mais tamén puido ser motivo de que foi ata onde a gheada penetrou cara ao sur e se mantivo nestas zonas polo estreito contacto entre a súa xente (por exemplo, entre a xente da Montaña coa de Xes).



Mapa 8 Mapa en que se representan as tres aldeas máis afastadas que forman un triángulo gheadófono. Fonte: Rodríguez Rodríguez (2022).

Ademais da localización xeográfica, cómpre deterse tamén en ofrecer unha pequena descrición do perfil destes falantes con gheada (atendendo a algunhas variables que axudarán a entender a situación en que se atopa este fenómeno da oralidade)

que nesta mesma investigación se documentou, polo que nos obriga a fixarnos na variable idade, sexo e emigración e achegar os resultados para entendermos mellor a actitude sociolingüística que manteñen os seus falantes ante a gheada.

Desde a óptica xeracional, fixemos unha análise das diferenzas lingüísticas xeracionais⁷ que nos axuda a coñecer o grao de vitalidade da gheada en cada tramo de idade e as consecuencias do cambio lingüístico que se pode estar producindo, de maneira que precisamos esmiuzar os resultados de cada exemplo segundo as tres franxas de idade en que encadramos os nosos informantes. En conxunto, analizamos a presenza da gheada por posicións (posconsonántica, intervocálica e inicial) e, desta maneira, comprobamos como os tramos de idade dos adultos e dos maiores manteñen uns índices altos na presenza da gheada nos lugares gheadófonos da Limia Baixa, mentres que nos máis novos xa se reducen considerablemente.




Gráfico 4 Gheada baixolimega segundo a posición e a idade.

O trazo máis significativo que revela o gráfico 4 sitúase no mantemento da gheada inicial no tramo de idade dos informantes adultos, pois os datos reflicten que a diferenza é de 50 puntos respecto ao tramo de idade dos entrevistados máis novos e tamén se sitúa a case 20 puntos do tramo da xente de máis idade. Desta maneira, os adultos son os que conservan a gheada inicial cunha maior porcentaxe, ademais

⁷ Os tres tramos considerados foron: os máis novos (ata 35 anos), os adultos (entre 36 e 65 anos) e os maiores (de 66 anos en diante).

é un dato rechamante, xa que o «esperable» sería que a maior porcentaxe aparecese nos maiores. Esta tendencia repítese en posición posconsonántica (situándose os adultos cunha diferenza do 6,06% sobre os maiores), mentres que en posición intervocálica é a xeración dos máis maiores a que encabeza unha maior pronuncia gheadófono, mais con tan só unha diferenza de 1,51 puntos sobre a dos adultos. Ademais, estes datos amósannos que nos maiores e nos novos a gheada se produce con maior asiduidade na posición intervocálica, mentres que nos adultos isto sucede na posición inicial.

Verbo dos falantes baixolimegos gheadófonos dos lugares da Montaña, Xes, A Fraga, Grou, As Conchas mais A Serra, confiren un total de 31 falantes: 14 mulleres e 17 homes.

Incorporamos na nosa pescuda a variable sexo para verificar se é pertinente ou non para a vitalidade da gheada. Unha vez analizados os datos tendo en conta a variable idade, observamos que os homes novos (xeración 1) e adultos (xeración 2) son os que manteñen un maior número de ocorrencias con gheada, mentres que na xeración dos maiores (xeración 3) este lugar ocúpano as mulleres. Isto amósanos que son as mulleres novas e adultas as que encabezan o cambio lingüístico cara á variedade das falas veciñas (non gheadófonas), mentres que os novos e adultos manteñen con máis forza o seu trazo dialectal da gheada. Mais isto invértese no caso dos maiores. Isto é, semella que hai unha maior «presión» lingüística sobre a muller actual en contacto coa escola, comercio e medios. A muller «fóra do campo e da casa» cambia aceleradamente. A muller tradicional conservaba mellor a lingua. A muller actual semella estar moito máis condicionada e forzada ao cambio lingüístico.

A variable emigración é outro factor que fornece sinais sobre a situación actual da gheada, é decer, como pode influír a adaptación da muller e do home no estranxeiro con respecto á súa fala: se esta saída da Limia Baixa fixo que conservasen a gheada á súa volta ou se, pola contra, significou a perda ou o cambio lingüístico dos seus trazos dialectais. Para abordar esta variable ímonos fixar, dentro das áreas gheadófonas, nos informantes que emigraron nalgún momento e se, deste xeito, influíu a emigración no mantemento, na perda do fenómeno, ou se pola contra, o reforzou. Atopámonos con sete informantes que si emigraron (tres deles pertencen á área da Montaña, un á da Fraga e tres máis á zona de Xes).

EMIGRACIÓN	PARROQUIA	LUGAR	GALOS	GALIÑAS	GATO	GALEGO	ALGUÉN
MULLER	A Montaña	Andorra	gh	gh	gh	gh	gh
HOME	A Montaña	Andorra	gh	gh	gh	gh	gh
SEÑOR	A Montaña	Vigo	g	0	g	g	-
MOZO	A Fraga	Suíza	gh	gh	gh	gh	g
SEÑOR	Xes	Francia	gh	gh	gh	vacila	gh
MULLER	Xes	Vigo	gh	gh	gh	gh	gh
HOME	Xes	Vigo	gh	gh	gh	gh	gh

Táboa 2 Datos e resultados dos informantes da área gheadófono baixolimega que emigraron. Fonte: Rodríguez Rodríguez (2022).

Despois de analizar en profundidade a variable emigración en cada un dos informantes emigrantes destes lugares (Rodríguez Rodríguez, 2022), concluímos que a emigración na maioría dos nosos informantes de zona gheadófono non significou unha regresión no emprego da aspiración, mais ben atopámonos cunha tendencia de que cando retornan á Limia Baixa seguen falando a variedade de cando marcharon sendo máis novos. Mais si nos chama a atención o señor maior do lugar da Montaña que perdeu a gheada, nun lugar ao que retornou onde as persoas da súa idade e da xeración anterior a seguen empregando, mentres nos máis novos xa non a rexistramos. Poida que a causa fose que en Vigo tivo contacto co castelán e co galego urbano sen gheada ou que tivo mala experiencia co idioma, que se acomplexeu ou que simplemente renegou. Ante este caso, cómpre comprobar se existe relación entre o caso deste home, que pertence á xeración 3 e que regresou á Montaña sen gheada en ningunha das formas, e que na variable idade baixen os datos de gheada na xeración 3. Mais, unha vez comparados os resultados, podemos confirmar que non só inflúe directamente a casuística deste home, senón que hai outros homes da súa idade que tampouco empregan a gheada, polo tanto si que inflúe o seu caso, pero non é o motivo polo que rexistramos menos gheada en homes ca en mulleres.

En resumo, comprobamos que nos tres concellos baixolimegos enquisados, nalgún dos seus puntos, se rexistrou a pronuncia da gheada entre os seus falantes. O que significa que para toda a comunidade da Limia Baixa este é un fenómeno dialectal propio ou “moi próximo” das falas veciñas máis próximas, polo tanto cómpre preguntarlles a todos os enquisados, non unicamente aos gheadófonos, sobre este fenómeno para coñecermos a súa posición actitudinal cara a este trazo.

Partimos, de inicio, da conclusión á que chega Regueira Fernández (2016: 232) nun seu traballo sobre os factores dos cambios fonolóxicos no galego actual: «as pequenas comunidades rurais están sometidas a procesos de cambio que afectan

46

de maneira desigual os seus membros. As actitudes e a valoración da súa propia comunidade, a súa integración nela, parecen xogar un papel relevante no seu comportamento lingüístico». Esta idea aparece recollida e analizada en traballos posteriores como o de Suárez Quintas (2017: 187-213) sobre a percepción e as actitudes como condicionantes do cambio lingüístico. Por iso estamos obrigados a deternos na perspectiva sociolingüística para entendermos mellor a situación en que se atopa a gheada entre os falantes da Limia Baixa. É preciso observar que parámetros son pertinentes en canto á vitalidade, mantemento e condicións da gheada. Sabermos se cada variable é oportuna ou non para coñecermos ao detalle a realidade social e lingüística que lle pode afectar a este fenómeno dialectal, tal como confirma Recalde Fernández (2011: 341) en relación a que «A situación da gheada galega [...] sendo unha variante dialectal cunha demarcación xeográfica ben definida, no galego actual a súa presenza está claramente correlacionada co nivel de estudos, a procedencia socioeconómica, a idade do individuo e o estilo de fala», por tanto como xa describimos o grao de influencia da variable idade, sexo e emigración entre os falantes baixolimegos que pertencen ao territorio de gheada (A Montaña, Xes, A Fraga, Grou, As Conchas mais A Serra), agora imos coñecer cal é a súa actitude ante a variedade estándar do galego e cales son as súas reflexións e posicionamentos no uso da gheada.

En Rodríguez Rodríguez (2022) verificamos que a gheada se atopa nunha situación de retroceso na xeración máis nova, xa que comprobamos como o 50% da mocidade das terras gheadófonas xa non posúe este trazo no seu galego, polo que isto nos obriga a considerar se a variedade estándar inflúe nesta situación. Así e todo, é necesario retomar os datos do cuestionario da investigación para afondar en quen non emprega a gheada e quen si, mais tamén retomaremos a enquisa de sociolingüística que lles pasamos aos 71 mozos e mozas que acoden ao instituto para buscar a(s) explicación(s) máis acaída(s) a estes datos de regresión.

	PARROQUIA	GALOS	GALIÑAS	GATO	GALEGO	ALGUÉN	«DOMINGO»
MOZO	MONTAÑA	g	g	g	g	g	g
MOZA	CONCHAS	gh		g	gh	g	g
MOZO	FRAGA	gh	gh	gh	gh	g	g
MOZO	GROU	gh	gh	gh	gh	gh	g
MOZA	GROU	g	g	g	g	g	g
MOZO	SERRA	g	g	g	g	g	g
MOZO	CONCHAS	gh	gh	gh	gh	gh	g
MOZO	CONCHAS	g	g	g	g	g	g

Táboa 3 Resultados dos novos ante os exemplos de gheada.


Na enquisa de sociolingüística, a través da pregunta 10 [Cuestión 10. Percibes diferenzas entre o galego que falades no teu concello e o galego que se fala nos concellos veciños?] sabemos que só catro mozos e mozas (= 5,63%) perciben a gheada como un fenómeno diferencial na Limia Baixa. Despois de lermos as resposta da cuestión 10 de todas as enquisas, interpretamos que a maioría da mocidade percibe dous mundos ben diferenciados na fala desta zona: por unha banda, a fala dos que están próximos a Portugal (algunhas aldeas de Entrimo e Lobios) fronte aos demais lugares (que non lle pon nome). Aínda que tamén 23 de 71 mozos non perciben ningunha diferenza. Entón, que catro persoas perciban a gheada como característica dalgunhas aldeas significa que si está representado nalgúns novos, mais é certo que son moi poucos os que son conscientes da existencia deste trazo. Isto vai relacionado directamente co escaso número de persoas novas que viven nas aldeas gheadófonas. O maior número de alumnado chega desde Entrimo e Lobios fronte a Lobeira, Muíños e Bande (que son moitos menos), polo tanto non se dá un contacto equitativo entre variedades no instituto, senón que estas áreas case non teñen representación entre o alumnado, xa que son os lugares máis despoboados.

Ademais deste motivo, existe outro sobre a variedade estándar: para moitos a variedade estándar é a máis prestixiosa, a que desexan manexar, o seu modelo lingüístico, o desexable. Amais, unha moza das Conchas recoñece cando a entrevistamos que polo colexio (referíndose tamén ao instituto) perdeu a gheada que aínda teñen seus pais. Deste xeito, podemos declarar que estamos ante un cambio lingüístico focalizado nos máis noviños (ata 20 anos), por conseguinte os datos apuntan a que a gheada xa está en proceso de desaparición entre a mocidade, aínda que nos queda por deternos nalgúns factores máis que poden moderar ou acelerar o proceso de cambio.

Ante esta situación, preguntámonos: existe un certo estigma sobre a gheada na Limia Baixa? Cremos que, polo tanto, cómpre abordar a gheada desde outra perspectiva máis, xa que desde os primeiros estudos existiron voces con ton de menosprezo e agresión cara á súa presenza nas diferentes variedades dialectais. Fernández Rei (1990: 177) aglutina na súa obra unha serie de autores que testemuñaron este desprezo nos seus traballos: Valladares, Cotarelo Valledor, Couceiro Freijomil, Carré Alvarellos ou Pilar Santamaría Sande. Isto significou que a miúdo se considerase a gheada como un fenómeno vulgar, había que tratar de puír e relegar para os rexistros máis coloquiais. Outramente, cometeríamos inxustiza se non dixésemos que tamén outros estudosos defenderon a autenticidade e normalidade deste trazo dialectal. Ante esta situación, pareceunos interesante afondar nas actitudes dos nosos informantes e observar como perciben o uso da gheada os propios baixolimegos, tanto por parte dos gheadófonos como os que non o son. Partimos da posibilidade de que teñan estigmatizada a gheada, xa que estudos recentes recollen que algunhas connotacións negativas seguen viventes: véx. Suárez Quintas (2017: 205) «a práctica

totalidade dos falantes entrevistados nas zonas de seseo e gheada, cando se lles pregunta polo lugar onde se fala peor o galego, alude á súa zona, centrándose precisamente na presenza destes dous trazos».

- 48 A estigmatización deste fenómeno é unha realidade que está documentada en varios traballos como o de Recalde Fernández (2011: 360) en que sinala que «vemos como as preferencias polo uso da gheada van diminuindo segundo nos achegamos aos rexistros máis formais. É unha opinión compartida tanto para o grupo dos gheadófonos, como para os nongheadófonos, como para os castelanfalantes». Retrata moi ben esta actitude a través dun gráfico (reproducido na imaxe 2) no que corrobora as actitudes cara ao uso da gheada en distintas situacións comunicativas como: na casa, cos amigos, en público ou nunha entrevista.



Imaxe 2 «Gráfico 2. Medias actitudinais cara ao uso da gheada en distintas situacións comunicativas» Recalde Fernández (2011: 360).

Amais, Recalde Fernández (2011: 362) engade que comprobou como «a gheada non se acepta como parte da variedade lingüística que se debe utilizar para acadar a dita promoción social». Polo tanto, os seus datos confirmaron un rexeitamento claro da gheada para as situacións formais. Este discurso darase tamén na nosa área dialectal?

Sorprendentemente, a actitude dos gheadófonos baixolimegos ante o trazo da gheada fíxonos saber que eles non a consideran vulgarismo. Atopámonos con bastantes casos de agradabilidade cara á súa variedade fronte á dos falantes veciños. A gheada adquire connotacións positivas fronte «á fala aportuguesada dos de Entrimo ou Lobios»⁸ (dous homes adultos das Conchas, Lobeira) teñen a impresión de que fai que a lingua sexa máis «pura» «coma os da costa, que tamén fala esí» (home adulto de Xes, Lobeira) e tamén lles confire certo poder ao compartiren ese trazo con outras variedades, a idea de pertencer a un grupo máis grande «por eí arriba falan todos con gheada» (muller adulta da Fraga, Lobeira). Esta visión de galego puro, diferencial, con máis falantes fai que teñan preferencia por facer visibles os seus trazos dialectais. Aínda que tamén é certo que houbo unha persoa da Fraga que antes de comezar a gravación quíxonos advertir de que non sabía falar ben, que a propia filla a corruxía moitas veces: «eu digho ghallegho e ela dime “non mamá, dise galego”», este foi o único caso en que nos atopamos cunha posición crítica tanto por parte da nai cara á súa variedade coma por parte da filla que a corruxe para que empregue a variedade estándar. Porén, nos demais falantes non detectamos unha identificación negativa do uso da gheada, nin por parte dos que teñen este trazo coma dos que non o teñen, simplemente o identifican como sinal de diferenciación entre unhas falas e outras.

Certamente, a gheada na Limia Baixa non semella ser un trazo que represente prexuízos lingüísticos en comparación coas connotacións negativas, por exemplo, debido aos trazos de semellanza coa lingua portuguesa como mencionamos xa en varias ocasións, tanto por parte da mocidade, coma dos adultos e dos maiores. Esta crenza tamén a identificou Suárez Quintas (2017: 202) ao preguntarlles aos seus enquisados: Onde cre(s) que se fala mellor galego?, Onde cre(s) que se fala peor galego?, Onde cres(s) que se fala o galego máis correcto?, Onde cre(s) que se fala o galego máis incorrecto? As respostas concluíron que na área fronteiriza con Portugal o contacto entre linguas degrada a calidade da fala. Moitos dos informantes identificaron como «menos correctas» as variedades lingüísticas do sur de Galicia e aludiron a que o código empregado nesas áreas é unha «mestura» entre o galego, o castelán e o portugués.

Asumido isto, cómpre mencionar que nos chamou a atención que os informantes dunha das enquisas (que presentaremos no capítulo §4.2 como CM) se sentisen con autoridade para facer reflexións metalingüísticas; por exemplo, en Entrimo batín reiteradamente cunha mesma reflexión entre os falantes da xeración 3, os maiores de 66 anos. Teñen a idea de que conservan «o galego auténtico, o que se falou sempre» (señora, A Terrachán). Alguén conseguiu con este argumento motivar e reforzar a súa autoestima lingüística dunha gran parte da comunidade.

8 Atopamos esta mesma idea reproducida por un veciño de Calvos de Randín nun estudo de Santos Raña e Suárez Quintas: «Eiquí parécese menos ao portugués. O que é dentro da Baixa Limia, que me decides que estades facendo a encuesta na Baixa Limia, onde máis se parece ao portugués é o concello de Entrimo e o concello de Lobios» (Santos Raña e Suárez Quintas, 2014: 106).

Santos Raña e Suárez Quintas (2014: 99) no seu estudo sobre actitudes lingüísticas, centrado na fronteira galega-portuguesa da zona de Ourense, para o que crearon un corpus de datos entre os que se atopa o concello de Lobios (mais concretamente a aldea de San Paio que se sitúa dentro da área do noso tecido que denominamos A Serra), recolleron tamén esta idea de preferencia e agradabilidade pola súa variedade (Santos Raña e Suárez Quintas, 2014:100):

¿Onde lle parece que se fala o galego máis bonito?

¡Eiquí, na miña terra! ¡Onde nacín e onde me criei! (San Paio, Lobios)

O noso é o máis bonito. (Grou, Lobios).

Desta maneira, na Limia Baixa non atopamos ningún estigma sobre a gheada (a excepción dunha falante) nin por parte dos falantes gheadófonos coma dos non-gheadófonos. Esta mesma actitude aparece recollida nun artigo de Asaka (2018: 190) sobre a vitalidade da gheada en Cambados, xa que asegura que «en Cambados a gheada non se considera vulgarismo, ninguén trata de ocultar a gheada cando fala en galego».

Así e todo, de existiren actitudes negativas cara á gheada e o seseo, por exemplo, poderíanse puír. Nunha comunidade como a do noso estudo, cunha porcentaxe tan elevada de galegofalantes urxiría a encomenda de actuar e limar este tipo de actitudes negativas. O reforzo positivo dos seus trazos, a competencia de escribiren en galego, facerlles ver a súa capacidade e o seu poder, isto funciona, comprobámolo na nosa xeración 3 que comentabamos. Son moi necesarias píululas de poder como o artigo de de Regueira Fernández en *La Voz de Galicia*, o 25 de outubro de 2014: «non hai ningún sitio no que se diga que o galego con seseo e gheada non é normativo; de feito, nas normas ortográficas si que se contemplan esas variedades e a nivel fonético están aceptadas».

Con todo, poida que tamén axude a que non sexa un trazo estigmatizado a baixa percepción da existencia deste fenómeno nos lugares veciños por parte dos máis novos, aínda que os adultos e os maiores son plenamente conscientes destas diferenzas dialectais. Ademais, é unha gheada «suave» (así a denomina Schneider), pasa desapercibida, e como entre os máis novos (mocidade de ata 20 anos) se está perdendo, xa que fóra do seu entorno máis familiar desexan empregar a variedade estándar (non por renegaren do seu dialecto, senón por acadaren o dominio da norma), non chega a supoñer unha marca negativa que derive nun estigma social. Aínda así, esta situación non a percibimos entre a mocidade de entre 25-35 anos, quen si opta por usar a súa variedade dialectal fóra dos ámbitos máis familiares e íntimos.

Tamén sería moi interesante extrapolar esta actitude favorable dos baixolimegos cara á gheada en contextos extracomunitarios, mais non dispoñemos de moita información centrada soamente neste trazo como para chegar a unha conclusión de-

finitiva. Si sabemos que a mocidade respondeu na enquisa de sociolingüística (véx. Rodríguez Rodríguez, 2022: §6.1.3.b.) que catro mozos fronte a cincuenta e sete recoñecen que si intentan falar dun xeito distinto a como falan na súa aldea cando saen á vila ou á cidade máis próxima, por tanto son moi poucos os que cambian de rexistro dialectal fóra da súa localidade. Pero das persoas adultas e maiores non dispoñemos de datos certos.

Consonte a isto e centrados no fenómeno da gheada, só nos queda engadir que tamén nos atopamos con falantes con perfís de mantemento militante da gheada. Persoas comprometidas co seu grupo, que mostran preferencia pola súa variedade fronte á estándar, con xuízos avaliativos que eles van construíndo en comparación coas variedades veciñas. Isto ocorre sobre todo na xente nova, máis concretamente no lugar das Conchas, onde encontramos ese sentimento militante por manter a gheada e reivindicar que é un trazo que lles pertence e os identifica fronte á mocidade de Lobios e Entrimo. Exemplos do discurso metalingüístico que mantivemos con estes informantes: «En Entrimo e Lobios falan máis aportuguesado, eiquí temos gheada coma noutros lugares de Galicia» (mozo das Conchas, Lobeira) e «En Lobeira falamos ca <gh> [...] pero eso só o faemos nós» (moza das Conchas, Lobeira).

4.2 As sibilantes baixolimegas desde a óptica da sociolingüística

O mantemento do sistema de sibilantes sonoras é o fenómeno lingüístico máis sobranceiro do galego falado na área dialectal da Limia Baixa. A súa vitalidade e exclusividade fai que este sexa o trazo máis especial desta área debido á súa particularidade entre todas as variedades dialectais que conviven no galego falado na actualidade. Polo tanto, isto obríganos a valorar o contexto sociolingüístico arredor deste fenómeno dialectal para analizar as actitudes que xera entre os propios falantes e os seus veciños.

A tradición dialectal recolleu a existencia de sibilantes sonoras na área da Limia Baixa desde o comezo dos seus estudos, cando menos detectaban unha pronuncia particular nos seus falantes. Leite de Vasconcellos, nos seus opúsculos de 1929 (1929a e 1929b) sobre as falas de San Miguel de Lobios e de Ferreiros en Entrimo, ofrece varios datos sobre as sibilantes destes dous lugares, aínda que a información que Vasconcellos achega vai ligada a unha comparación co portugués. Pouco tempo despois, Schneider (1938) testemuña a existencia deste trazo dialectal e fai unha descrición en tres apartados independentes segundo as parellas de sibilantes e clasifica os exemplos que recolleu segundo a súa etimoloxía. Manuel González González publicou un estudo en 1986 sobre os subsistemas de sibilantes no galego actual e nel definiu a situación de todos os subsistemas que convivían nas diferentes variedades do galego á altura de mediados dos anos 1970 cando recolleron os materiais para o *Atlas Lingüístico Galego* ademais de gravacións que conservan no arquivo sonoro

da lingua galega no Instituto da Lingua Galega (González González, 1986: 1). Polo tanto, sabemos con seguridade que González González traballou, cando menos, con materiais e datos dos puntos 0.26, 0.31 e 0.19 que abranguen o noso territorio de estudo, a Limia Baixa. Explica a situación do subsistema que documenta na área da Limia Baixa, que González González denomina como «arcaico» (González González, 1986: 534), e dedícalle un apartado cunha descrición exhaustiva: sitúa este subsistema de sibilantes nunha zona moi reducida que acouta nos concellos de Padrenda, Entrimo e Lobios (Ourense), ademais de Hermisende (Zamora). Cando Fernández Rei describe a orixe dos actuais sistemas seseantes desde o galego medieval (1990: 211) detense na explicación da evolución das parellas de sibilantes do galego e é cando adscribe a fala da Limia Baixa ao sistema arcaico (SA), é decer, momento en que se desafrican os fonemas /ts//dz/ e evolucionan cara ás predorsodentais. Un último antecedente que se sitúa no ano 1994, Costas González recolle na súa tese de doutoramento (inédita) sobre as sibilantes galegas ó longo da súa historia (1994: 250-260) as seguintes reflexións. En primeiro lugar, refírese a Entrimo e Lobios (el tamén inclúe as aldeas de Padrenda) como unha área marxinal e minoritaria onde se conserva un sistema de sibilantes que conteñen oposicións entre fonemas sibilantes xordos e sonoros, onde a marca de sonoridade é fonoloxicamente pertinente e distintiva. Ademais, retoma as denominacións dos dialectólogos anteriores para explicar o sistema das sibilantes; así que describe tres microvariantes: o Limego 1, o Limego 2 e o Limego 3 que se diferencian segundo a presenza do par nas falas da Limia Baixa en xeral (sen adscribir cada un dos sistemas a un perfil determinado ou localización).

En conclusión, os dialectólogos que traballaron sobre este trazo fonético rexistraron realizacións sonoras nos lugares de Entrimo e Lobios e etiquetaron e clasificaron de distintos xeitos a situación que atoparon. Por conseguinte, unha vez que introducimos os antecedentes que rexistraron este trazo dialectal nesta área, é necesario presentar os datos actuais, a modo de resumo, a través da análise das sibilantes sonoras que se desenvolveu para a investigación da tese de doutoramento (Rodríguez Rodríguez, 2022).

Fixemos un estudo con datos actuais (para o que creamos un corpus propio con gravacións e recolleita de datos actuais) que tiña como obxectivo principal confirmarmos a vitalidade das tres parellas de sibilantes sonoras na Limia Baixa, o seu grao de ocorrencia e como está enfocado o seu porvir, o cal nos esixiu a creación dun corpus propio para esta investigación. Para o estudo das sibilantes, partimos da nosa base de datos⁹ que, neste caso, está conformada por un cuestionario marco (CM) (véx. Anexo C en Rodríguez Rodríguez, 2022) en que lles preguntamos a 72 informantes

9 Na base de datos do corpus marco, partimos dunha primeira división en tres segundo as parellas de sibilantes que abranguen os datos individuais de cada palabra, un campo xeral por cada parella e outro campo no que indicamos se ten sonoras nunha serie, en dúas series ou nas tres series, ou, se pola contra, non pronunciou ningunha sonora ese informante.

por 30 palabras dirixidas á pronuncia do subsistema de sibilantes que describiron os estudos anteriores. A metodoloxía que seguimos para crear o noso corpus a través deste cuestionario marco consistiu en combinar preguntas directas, imaxes e mímica, por exemplo: «que lle son as persoas que viven ao seu redor? *Veciños*»; ou sinaláballes partes do meu corpo e os informantes respondían: *brazo, queixo*²; a maiores tamén empregamos imaxes impresas que nos axudaban a atopar a palabra exacta, sobre todo no relativo ao nome de plantas, alimentos, animais... O obxectivo centrábase en que o informante pronunciase cada palabra de xeito individual, illado, sen contacto con outras vogais ou consonantes.

Unha vez que dispomos da versión final das bases de datos (pechada/cuberta e revisada), comezamos a extraer os resultados do territorio¹⁰ da Limia Baixa onde aínda se manteñen as sibilantes sonoras como trazo da súa fala actual e que representa o 57,14% do total do territorio baixolimego, ou o que é o mesmo, documentamos a existencia do sistema de sibilantes hexamembre (Costas González, 1995: 260) en oito lugares da nosa rede de puntos: A Montaña, Pereira, Ferreiros, Galez, A Illa, Olelas, Compostela e Río Caldo.

¹⁰ Dato que alude unicamente ao tecido territorial, non fai referencia ao número de habitantes. Está calculado segundo os puntos que conforman o tecido baixolimego do cuestionario que percorren a totalidade da xeografía baixolimega (como xa indicamos ao comezo deste estudo, as aldeas que pertencen a Padrenda deixámolas fóra do noso tecido debido á dificultade de atoparmos informantes e cubrir o espectro das tres xeracións).



Mapa 9 Territorio baixolimego onde se manteñen as sibilantes sonoras [destacado en cor verde]. Fonte: Rodríguez Rodríguez (2022).

Entendido desde unha óptica menor, rexistramos sibilantes sonoras nos seis puntos de enquisa que pertencen a Entrimo e tamén en dous lugares do concello de Lobios: Compostela e Río Caldo. Porén, non rexistramos ningún exemplo de seseo con sibilantes sonoras nos informantes que se enmarcan dentro do concello de Lobeira nin tampouco en tres puntos de enquisa en Lobios: Grou, Araúxo e A Serra. Desta maneira, os primeiros resultados do CM xa nos axudaron a delimitar a zona seseante.

Mais debido á importancia deste fenómeno fonético e á difícil interpretación das realizacións de xeito perceptivo, decidimos filtrar os datos a través dunha análise acústica, isto é, consideramos esencial podermos manexar cifras precisas sobre as que tirar resultados fiables cos que chegar ás conclusións da vitalidade de cada parella de sibilantes. Xa que logo, realizamos unha enquisa específica a vinte e catro informantes, con equilibrio entre homes e mulleres, con seis persoas que se sitúan no tra-

mo de idade nova, oito no de adulta e dez no de xente maior, e que se estende por oito lugares diferentes entre Entrimo e Lobios. A través da análise acústica, os resultados xerais describen unha situación que se traduce nun 41% de enxordecemento (das consoantes potencialmente por etimoloxía sonoras), mais, deste xeito, isto significa que aínda rexistramos mantemento das realizacións sonoras (contabilízanse tamén os casos que etiquetamos como mixtas) nunha gran parte dos informantes. Das tres parellas de sibilantes que proceden de étimo medieval sonoro, comprobamos que a parella de apicoalveolares é a que mantén un maior número de sonoras, seguida das postalveolares e das interdentaís, quedando con menor número de sonoras as láminodentaís.

Se contabilizamos todos os exemplos de realización sonora, con independencia do étimo xordo ou sonoro, concluímos que os puntos en que documentamos máis casos foron en Galez (77,4%) e na Montaña (55,5%), seguidos da Terrachán (41,9%), Olelas (41,4%), A Illa (37,7%), Pereira (33,7) e, finalmente, con menos casos de sonoras, Río Caldo (25%). Verbo do factor idade, quen rexistra máis sonoras é a xeración dos maiores, seguidos dos adultos e, por último, sitúase a xeración 1 con menos casos de sonoras. En xeral, a xeración 1 obtén case a metade de resultados en relación á xeración 3. En canto á variable sexo, nas sibilantes, ao contrario da gheada, as mulleres son as que representan un maior mantemento de sibilantes sonoras nas tres parellas fronte aos homes. No caso da variable estudos, en xeral, os informantes con estudos primarios son os que albergan un maior número de realizacións sonoras e mixtas, seguidos dos universitarios e os de estudos secundarios con resultados moi parellos. Por último, o factor da emigración non desempeña un papel transcendental no mantemento ou perda de sibilantes sonoras, xa que non amosa unha gran diferenza entre o perfil de emigrantes e non emigrantes, pero é certo que os datos dos non emigrantes son os que rexistran, en xeral, máis casos de sibilantes sonoras.

Centrados na perspectiva da sociolingüística, cómpre fixarse nas diferentes variables que poden condicionar de xeito directo ou indirecto a vitalidade e o mantemento deste fenómeno dialectal. Xa que logo, revisaremos diferentes datos que nos achegan información pertinente para acadar unha descrición o máis completa posible do panorama social e lingüístico da Limia Baixa arredor das sibilantes. Ata agora, achegamos información sociolingüística sobre a situación deste trazo lingüístico desde a perspectiva da variable diatópica (por puntos de enquisa) e tamén partindo da variable da idade debido á importancia que esta marca á hora de clasificar e explicar a vitalidade do sistema de sibilantes actual que se mantén nesta fala. Aínda así, que outros trazos confiren a paisaxe social dos falantes seseantes baixolimegos?

Ao contrario do que acontecía co fenómeno da gheada, non podemos relacionar as sibilantes coas áreas máis afastadas dos núcleos, xa que o sistema de sibilantes sonoras traza liñas diferentes. Mais ben poderíamos esbozar os seus límites formando un varrido cara ao suroeste da área dialectal Limia Baixa, é decer, as sibilantes sono-

ras concéntranse na parte máis occidental da área. Tampouco respecta os límites galegos acoutados administrativamente, xa que non se focaliza nun único concello. Concéntranse nas áreas que máis se acercan aos lindes co portugués¹¹. Pero no caso de Entrimo e Lobios, as relacións sociais coas fronteiras da Ameijoeira e Portela do Homem poida que sigan sendo moito máis fortes e continuas entre a xente das nosas aldeas en que se mantén este sistema de sibilantes arcaico e a portuguesa (matrimonios, contacto diario, mercado, feiras, transporte...) (véx. §2).

Ademais, estamos convencidos de que son moitas as variables que inflúen positivamente na conservación das sibilantes sonoras nestes lugares, non só debido aos lindes estreitos con Portugal, senón tamén pola pouca necesidade de contacto diario cos límites galegos cara ao norte (Bande) e cara ao leste (Muíños, Calvos de Randín). Que Entrimo fose un lugar historicamente autosuficiente e sen necesidade de conexión diaria con Bande por exemplo, que é a capital da comarca, reforzou o mantemento dos seus trazos e non foi condicionada tan facilmente polas falas veciñas galegas.

Outro factor importante é o forte vínculo diario entre algúns habitantes de Entrimo cos dos dous lugares de Lobios: en primeiro lugar, a proximidade territorial da área da Illa con Compostela e, en segundo lugar, a forte relación de dúas áreas debido á alta cantidade de matrimonios (actualmente adultos e maiores que viven alí) que se forxaron entre a xente da zona de Galez e da zona de Río Caldo e Compostela.

En resumo, a situación das sibilantes no mapa amósanos como este fenómeno non se concentra nas áreas máis afastadas dos núcleos de poboación, como ocorre coa gheada, senón que neste caso se trata de proximidade coas falas portuguesas e polo contacto da poboación entre os seus núcleos, sen necesidade de saíren dos seus límites. O que si coincide con outros fenómenos estudados (véx. Rodríguez Rodríguez, 2022) é a concentración da mesma variante (neste caso, a seseante) dos lugares de Entrimo canda o punto de enquisa de Compostela e Río Caldo (de Lobios) fronte aos demais puntos que completan a área dialectal baixolimega (a zona non seseante queda representada por todos os lugares de Lobeira e tres de Lobios: Araúxo, Grou e A Serra).

Outro trazo que cómpre avaliarmos é o grao de influencia do galego estándar. Retomamos os datos da variable estudos nas sibilantes, xa que é o contexto en que manteñen un maior contacto con esta variable, e así podemos relacionar o nivel de estudos coa perda de sonoridade.

11 Cómpre sinalar que no sur de Ourense o factor «proximidade con Portugal» non implica o mantemento do sistema de sibilantes, xa que en Muíños ou en Calvos de Randín, concellos veciños de Lobios e Entrimo, que tamén limitan con Pitões das Júnias (Portugal) non teñen este trazo fonético na súa fala.

%	[θ]~[ð]								
	[ʃ]~[ʒ]			[s]~[z]			[ʂ]~[ʐ]		
	P	S	U	P	S	U	P	S	U
Xordas	5,8	2,6	19,8	11,9	4,7	3,4	15	8,1	3,2
Sonoras	1,8	0,9	0,6	4,1	1,8	1,8	9	3,1	5,2
Mixtas	1	0,3	0,6	2,4	0,8	0,8	6,4	2,3	0,6

Táboa 4 Resultados xerais das sibilantes por estudos [P: Estudos primarios; S: Estudos secundarios/ bacharelato; U: Estudos universitarios]. Fonte: Rodríguez Rodríguez (2022).

Se nos detemos na táboa xeral (véx. táboa 4) en que se recollen os datos das realizacións sonoras nas tres parellas de sibilantes, observamos que a tendencia xeral mostra un retroceso no perfil de estudos universitarios, agás na parella das sibilantes laminais ou non sibilantes dentais en que este retroceso se ve truncado na transición dos estudos secundarios cara aos universitarios, xa que se dá un leve ascenso de sonoras, malia que o dato segue sendo inferior ao nivel de estudos primarios que soportan case o dobre de sonoridade. Nesta mesma liña, aparece de novo este retroceso de realizacións sonoras no perfil de estudos secundarios, aínda que neste caso se estende a todas as parellas de sibilantes. Deste xeito, comprobamos que o galego estándar, que está presente nas escolas, inflúe na perda de sibilantes sonoras.

Un factor que tamén pode influír nesta xeración, a diferenza das outras, é o contacto diario coas falas veciñas e con outros falantes novos (de Muíños, Bande, Lobeira e Vereas) que ocorre durante a súa etapa de formación no instituto, onde conviven todos os mozos e as mozas a diario durante seis anos e onde crean os grupos de amizade cos que manteñen contacto social. Isto non o viviu a xeración de adultos debido a que no seu tempo aínda se cursaban estes anos de formación en cada concello, xa que dispoñían de centros individuais tanto en Entrimo coma en Lobios. Persoalmente, percibín un cambio nas relacións dos adolescentes (pasouse de crear grupos de amizade territorialmente limitados e pechados a, desde que se mudou a localización do instituto cara a Bande, formar grupos de amizade moito máis amplos e mesturados entre persoas de varios concellos). Isto supuxo unha mudanza e de aí a diferenza de actitude que atopamos entre a mocidade máis noviña (arredor dos 16 anos) e a que xa cumpriu os trinta anos: mentres a primeira ambiciona empregar o estándar sempre que poida en calquera ámbito, non só no escolar, tamén no familiar ou entre os amigos, pola contra, os mozos de arredor de trinta anos desexan

empregar a súa variedade dialectal e recuperar a fala de cando eran pequenos para diferenciarse das demais falas veciñas.

58 Outro factor importante sobre o que cómpre deterse é se existe un estigma das sibilantes entre os nosos informantes. Ao igual que acontece coa gheada, o seseo considerouse unha marca de ruralidade, incultura, de persoas sen formación. O propio Zamora Vicente o describiu como un «rasgo de incultura» (1986: 10). Porén, Míguez Iglesias anota que:

«Para os investigadores que estudaron este tema [refírese nunha nota ao pé: Costas González (1986: 5998) e a Recalde Fernández (1994: 362-363)], a gheada e o seseo adquiriron unhas connotacións positivas na fala coloquial que son as responsables da súa vixencia entre os máis novos. As actitudes favorables dos falantes cara ás devanditas pronunciacións determinarían, pois, o seu uso» (1996: 40).

Por un lado, como mencionaremos no capítulo sete (en base a unha enquisa que lles pasamos a 38 habitantes do concello de Entrimo), atopámonos entre os nosos informantes coa idea de que os falantes da Limia Baixa «non saben falar ben». Esta idea recollémola nunha señora de 84 anos, veciña de Pereira, ao preguntarlle que lingua fala vostede? «Galego, eu que sei, esta mezcla» e tamén engade que «En Muíños falan un pouquiño mellor», ou tamén unha veciña de Galez de 87 anos que nos responde a esta mesma pregunta: «Galego, o noso, medio portugués, raianos atravesados». E por outro lado atopámonos coa idea compartida por moitos falantes orgullosos de que nesta zona é o lugar onde se fala «o galego máis auténtico» (unha veciña de Ferreiros de 74 anos) e, deste xeito, percibimos como moitos maiores están libres de prexuízos neste aspecto, realmente moitos non son conscientes de que empregan estas parellas de sibilantes, mais, pola contra, algúns adultos e novos recoñeceron que intentan evitalo fóra do seu núcleo cos veciños, poderíase decer que as teñen «un pouco» estigmatizadas.

A nivel externo, entre os falantes dos concellos veciños (Lobeira, Bande e Muíños), cando nos achegamos a estes lugares para facer algunha comprobación (como por exemplo, o mantemento da gheada en Muíños, ou cando entrevistamos aos informantes de Lobeira, ou cando fixemos as gravacións para recoller datos para facer unha análise acústica) atopámonos con prexuízos negativos cara á fala de Entrimo e de Lobios a través de enunciados como «os de Entrimo falan máis cerrado ca nós» (señor maior de Xes, Lobeira) ou «falan medio portugués» (muller adulta da Fraga, Lobeira, mais unha señora maior de Grou, Lobios).

Tamén podemos tirar información sobre a actitude dos falantes máis novos a través da pregunta 10 da *Enquisa A*¹²(véx. §5.3.4.) que lles pasamos aos 64 rapaces e

12 No capítulo §5 descríbese exhaustivamente o cuestionario sociolingüístico que denominamos Enquisa A.

rapazas baixolimegas enfocado na sociolingüística, dos cales 34 nos responderon que si perciben diferenzas entre o galego que falan no seu concello e o galego que se fala nos concellos veciños, mais só catro deles fixeron referencia a que o seseo é unha das diferenzas máis notorias e non engadiron ningún dato que nos achegue información sobre as súas actitudes ao respecto das diferenzas que perciben entre a fala duns concellos a outros.

Outro trazo en que quixemos deternos foi na situación das sibilantes en contextos extracomunitarios. Os rapazas da xeración un que son máis maiores confesan que na súa nenez non eran conscientes de pronunciaren sibilantes sonoras, mentres que na adolescencia si comezaron a percibir un certo estigma por parte dos concellos veciños e agora declaran que na súa etapa de case adultos teñen intención de recuperar ese trazo autóctono de cando eran nenos e nenas: «cando veño no vrau recupero como falaba antes», «cando cheguei a Vigo a xente dicíame que falaba diferente, preguntábanme de onde era, pero agora xa me din cando veño a Entrimo que xa non falo coma iles, xa se meten comigo!» (moza da Terrachán, Entrimo). Tamén recollemos nunha gravación cos nosos informantes do cuestionario marco (CM) a idea de que «no instituto metíanse connosco por como falamos, pero agora deu a volta, agora queremos que saiban de onde somos» (mozo de Galez, Entrimo).

Outro dato que nos pode achegar información sobre a percepción das sibilantes fóra da comunidade é a cuestión sete do cuestionario (*Enquisa A*) (véx. §5.3.2.) que lle pasamos á mocidade limega: «cando vas a Ourense ou a Celanova intentas falar dunha maneira distinta á que falas na túa aldea?» As respostas afirmativas só foron catro, mentres que sesenta responderon «non». Este último é, sen dúbida, un dato moi positivo a nivel sociolingüístico. Porén, non podemos obter outras conclusións, unicamente que hai catro persoas que poida que teñan estigmatizada a súa fala, pero ao analizar os seus perfiles, resultou que só unha delas pertence ao concello de Lobios, das outras tres: dúas son naturais de Bande e outra de Lobeira, polo tanto non nos achega datos significativos neste eido.

Por último, co obxectivo de lograr describir a situación sociolingüística que rodea o fenómeno dialectal das sibilantes sonoras na Limia Baixa, non podemos deixar de mencionar a existencia da militancia das sibilantes que rexistramos nalgúns dos nosos informantes. A percepción e a opinión da xeración nova (sobre todo, por parte dos que xa case entran na xeración de adultos) ante a súa propia fala baséase en que se están a perder moitos dos trazos seus e a necesidade de recuperar, pola súa parte, a fala que tiñan na infancia. Non só nos máis novos detectamos a teima e a querenza de recuperar as sibilantes sonoras por ser unha das características que os diferencia dos demais galegofalantes: «Dános un carácter diferencialista», engade un mozo de Galez, Entrimo. Porén, tamén percibimos certo estigma nalgúns informantes por falaren «medio portugués». Encontramos un sentimento negativo que crea unha marca de «menor galeguidade», aínda que, en contraposición a esta idea,

tamén é certo que moitos nos contaron que conservan «o galego auténtico, o que se falou sempre» (señora maior da Terrachán, Entrimo), tal como indicabamos na subepígrafe da gheada, xa que alguén¹³ conseguiu con este argumento motivar e reforzar a autoestima lingüística dunha gran parte da comunidade. Dos maiores tamén percibimos o seu apego ás sibilantes e a querenza de que se manteñan a través de enunciados do tipo: «é unha pena que se perda en nós porque antes falabamos así, i'aora xa estamos a perder» (señora de Pereira de 86 anos á que entrevistamos para indagar nas actitudes lingüísticas dos falantes de Entrimo). Estas percepcións dos propios falantes tamén nos remiten á idea que Míguez Iglesias recolle nun artigo seu en 1996: «[o seseo e a gheada] son utilizados como «marcadores» estilísticos e sociais, que veñen a reforzala identidade grupal ou local dos falantes novos» (1996: 51).

Por tanto, a preferencia pola súa variedade fronte ás veciñas percíbese na maioría dos falantes, mais no caso das sibilantes atopamos compromiso coa súa variedade, pero non encontramos esa defensa ou militancia de diferenciación coma no caso da gheada, agás no caso dalgúns novos, en que comprobamos que existe unha posible querenza por empregar as sibilantes.

13 Temos indicios que esta idea de «o galego auténtico, o máis antigo» chegou aos baixolimegos a través duns vídeos que se realizaron para coñecer as falas arraianas e que tamén se retransmitiron no Telexornal da Televisión de Galicia.

Capítulo 05

O futuro social e lingüístico na Limia Baixa: a mocidade baixolimega

61

A situación que detectamos nesta zona do sur de Galicia posúe un dobre foco de interese dende a perspectiva sociolingüística. Por unha banda, esta área contrapón a situación «alarmante»¹⁴ que sucede noutras moitas áreas galegas que demostran a perda de falantes que ten o galego. Por outra parte, a Limia Baixa é unha zona cun alto índice de galegofalantes, o que significa que a transmisión interxeracional segue sendo un trazo activo; mais non é este o único factor que condiciona esta situación excepcional para o galego, xa que os baixolimegos tamén ofrecen un alto índice de falantes que manteñen o galego como a súa lingua habitual, tal como veremos nas páxinas que seguen.

Para medirmos o que acontece nas rúas, nas casas, nas escolas, no instituto e nos establecementos da Limia Baixa decidimos centrarnos na xente nova, polo que lles pasamos un cuestionario, que denominamos *Enquisa A*¹⁵, a sesenta e unha rapazas e rapaces de entre doce e dezanove anos para coñecermos as súas vidas en relación coas linguas que os rodean desde unha perspectiva demolingüística; ademais, como veremos no capítulo §7, realizamos entrevistas semidirixidas¹⁶ a trinta e nove habitantes do concello de Entrimo co fin de afondar nas actitudes e nos prexuízos lingüísticos que xorden entre as persoas debido ao contacto de linguas nesta zona fronteiriza con Portugal. Deste xeito, a través desta investigación cuantitativa e cualitativa foinos posible desenvolver unha aproximación e unha valoración da situación sociolingüística baixolimega. Empregamos estes dous métodos de investigación pola diferenza do público ao que ían dirixidos.

En canto ao cuestionario que preparamos para a mocidade do instituto quixemos acaroarnos á metodoloxía cuantitativa para obter un número representativo de da-

14 Cfr. 5º ECELR.

15 Véx. o modelo do cuestionario no anexo A.

16 Véx. o guión da entrevista sociolingüística no anexo C.

tos da mocidade baixolimega. Para enfocalo ao centro educativo decidimos que o mellor instrumento sería preparar un cuestionario pechado, *Enquisa A*, no que tanto as preguntas como as respostas estivesen estandarizadas para facilitar o labor de resposta do alumnado.

Outramente, nas entrevistas semidirixidas aos falantes de Entrimo (véx. §7) decidimos reducir o número de informantes e empregar un método cualitativo a través de entrevistas guiadas por nós para as que redactamos unha serie de preguntas estandarizadas, mais con respostas libres, é decer, o que Corbetta denomina *entrevistas estruturadas* (2007: 148).

Enquisa para a mocidade da Limia Baixa (Enquisa A)

Localización: IES Aquis Querquernis (Bande)

Mostra: 61 enquisas (62% enquisados. Total alumnado: 98)

Método: cuestionario en papel. Aleatoria. Anónima. Voluntaria

Traballo de campo: curso 2019/2020

Aulas: 1º ESO, 2º ESO, 3º ESO e Bacharelatos

Sexo: 26 homes, 33 mulleres, 2 que non indican o sexo

Procedencia: Entrimo (24 mozas e mozos), Lobios (19), Lobeira (2), Muíños (3) e Bande (13)

Deseñamos unha enquisa a modo de sondaxe composta por dez preguntas enfocadas ao alumnado do centro de secundaria, do IES Aquis Querquernis de Bande, ao que acoden todas as rapazas e rapaces da Limia Baixa e, en colaboración co profesorado de Lingua e Literatura Galega, realizámosllesla a estudantes de todos os cursos dun xeito anónimo e voluntario. Os únicos datos identificadores que lles pedimos son: idade, sexo e lugar de procedencia (os cales fan imposible a súa identificación persoal). Canto ao formato desta enquisa, combinamos táboas con respostas programadas e preguntas pechadas, empregamos un léxico informal pero, neste caso, escrito na variedade estándar en lugar da dialectal para non condicionar as súas respostas. Ademais, ao ser en formato escrito, sería unha tarefa moi complexa redactar varias enquisas atendendo aos trazos dialectais de cada lugar de procedencia dos estudantes. Nas demais enquisas e cuestionarios que empregamos para esta investigación, ao seren orais, si que intentamos manter sempre o galego dialectal de cada concello para acadar un maior acercamento co informante.

A continuación, retrataremos fielmente as dez preguntas que compoñen o cuestionario. A enquisa comeza coa pregunta da lingua que empregan habitualmente dependendo da situación en que se atopen. Para iso empregamos unha táboa co método de pregunta dirixida con opción múltiple.

1) Cando e con quen falas galego? (podes marcar máis dunha opción)

Cos amigos	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca
Na casa	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca
Na escola	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca
Na cidade	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca
Na túa aldea	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca

Para a pregunta dúas, que fai referencia á súa intención lingüística de futuro, empregamos o mesmo procedemento que na anterior.

2) Cres que no futuro falarás galego no teu traballo, cos teus amigos e coa túa familia?

No traballo	☐ si	☐ non	☐ depende
Cos amigos	☐ si	☐ non	☐ depende
Coa familia	☐ si	☐ non	☐ depende
Aos teus fillos falaraslle en	☐ galego	☐ castelán	☐ as dúas

Na cuestión tres preguntámoslles directamente que variedade lles gusta máis para sabermos, principalmente, o grao de valoración da súa variedade dialectal.

3) Que galego che gusta máis?

- ☐ O que falas ti ☐ O galego estándar
☐ O que falan en Ourense ☐ Ou o que se fala noutra zona de Galicia:.....

Na cuarta pregunta quixemos coñecer o ambiente lingüístico en que se move a xente máis nova ofrecéndolles nós algunhas posibilidades de resposta.

4) Onde escoitas falar máis galego e onde máis castelán? (Por exemplo: na rúa, no supermercado, na escola, na televisión, na cidade, no centro comercial...)

Galego	Castelán

A quinta pregunta xira arredor da variedade estándar, queriamos coñecer a súa actitude fronte a esta variedade coa que manteñen un contacto diario, así que decidimos usar neste caso unha pregunta reflexiva.

5) Cres que é importante coñecer o galego normativo? Por que?

Coa pregunta seis utilizamos a técnica da reflexión, coa que se deben situar nun contexto cotián; e para iso, quixemos recrear un escenario propio da súa idade co que conseguirmos unha maior realidade.

- 64 6) Imaxina que estás no centro comercial de Ourense. Atopas alí unha amiga/o e comezades a falar.

Se esta amiga/o che fala en castelán, ti en que lingua lle responderías?

☐ castelán ☐ galego

E por que?

Coa pregunta sete quixemos saber se existe unha actitude negativa cara á súa variedade dialectal. Entón, apelamos pola variación extracomarcal a través dunha pregunta pechada.

7) Cando vas a Ourense ou a Celanova intentas falar dunha maneira distinta á que falas na túa aldea?

☐ si ☐ non

A pregunta oito é tamén de tipo pechada. Debido á sensibilidade do tema, preguntamos directamente se alguén sufriu burla por como fala, mais sen pedir máis datos.

8) Alguén se riu de ti por como falas?

☐ si ☐ non

Coa pregunta nove quixemos coñecer a súa opinión en canto á validez das linguas, por iso utilizamos o método de pregunta aberta e reflexiva.

9) Pensas que o galego é unha lingua igual de válida que o castelán en Galicia? Por que?

Por último, na cuestión 10, interesounos facer unha pregunta metalingüística sobre as diferenzas intracomarcais e isto obrigounos a empregar de novo un tipo de pregunta aberta e reflexiva.

10) Percibes diferenzas entre o galego que falades no teu concello e o galego que se fala nos concellos veciños? Saberías dicirme algunha diferenza?

Ademais de pasar esta enquisa no curso 2019/2020 (que denominaremos: *Enquisa A*), decidimos facer unha comparación e actualizar os datos no ano 2023 (*Enquisa Aa*), xa que este período foi unha época moi singular a causa da pandemia de Covid-19. Despois de pasarmos polas diferentes situacións de confinamentos, corentenas e restricións, un dos centros de preocupación a nivel global é a pegada que estas circunstancias puideron deixar na xeración da mocidade a nivel social. Ademais, o impacto que puido ter esta pandemia nas súas vidas en relación coa súa lingua é

un factor que cómpre ter en conta: o illamento social, o incremento do emprego de Internet ou o distanciamento das amizades, por exemplo, puideron repercutir no uso do galego. Polo tanto, con este estudo quixemos facer unha análise centrada nos datos que recadamos na enquisa do 2019/2020, pero aproveitamos para engadir unha comparación con datos que obtivemos no ano 2023 para marcarmos calquera particularidade ou tendencia que poida emerxer ao contrastarmos as reflexións das mozas e os mozos baixolimegos despois de case catro anos e, ademais, con todo o proceso da pandemia por coronavirus polo medio. Metodoloxicamente, para a *Enquisa Aa* empregamos exactamente o mesmo modelo de cuestionario e dirixímonos ao mesmo contexto para acadarmos información totalmente comparable. Porén, engadímoslle tres preguntas novas á enquisa base (*Enquisa A*), enfocadas directamente na relación entre o galego, a pandemia e as TIC (tecnoloxías da información e da comunicación), que nos permitirán facer unha achega ás posibles (ou non) repercusións que a pandemia tivo no galego da Limia Baixa. Esta pequena investigación centrada nestas tres últimas e novas preguntas levarémola a cabo no capítulo §6 deste libro, mentres que a continuación centrarémonos fundamentalmente en trazar as respostas da mocidade da enquisa inicial do curso 2019/2020 (*Enquisa A*) e, amais, sempre que sexa necesario contrastarémola cos resultados da enquisa do ano 2023 (*Enquisa Aa*) para achegar información asíncrona en dous tempos. Para isto, decidimos estruturar as dez preguntas da enquisa en tres bloques que están completamente interrelacionados, mais esta división axúdanos a precisar nas diferentes situacións sociolingüísticas. Comezaremos a esmiuizar as respostas da mocidade que incluimos baixo o título: «O galego sitúase...», seguiremos polas respostas baixo a denominación: «Un compromiso co galego...» e remataremos co bloque tres: «Galego local ou galego estándar?».

5.1 O galego sitúase...

Neste bloque incluimos dúas preguntas da enquisa (pregunta 1 e pregunta 4) que xiran arredor do índice de uso do galego mais tamén da percepción de uso do galego e do castelán na Limia Baixa para debuxar a situación da(s) lingua(s) habituais da mocidade baixolimega no seu día a día na actualidade.

5.1.1 Cando e con quen falas galego? (Podes marcar máis dunha opción)

%	SEMPRE	ÁS VECES	CASE NUNCA	NUNCA
AMIGOS	72,13	21,31	4,92	1,64
CASA	77,05	11,47	6,56	4,92
ESCOLA	65,57	27,87	4,92	1,64
CIDADE	44,26	37,70	13,11	4,92
ALDEA	81,97	11,47	1,64	4,92

Táboa 5 Índice de uso do galego na Limia Baixa. Lingua habitual. [Enquisa A]. Fonte: Rodríguez Rodríguez (2022).

A situación que nos describen estes primeiros datos, relativos ao índice de uso do galego como lingua habitual na Limia Baixa, semella ser un panorama moi alentador para a lingua galega. Se nos fixamos nos valores da columna que fai referencia a «sempre uso galego en» son elevados: cos amigos o 72,13% da mocidade comunícase sempre en galego, mentres que só un 6,56% non o fai nunca ou case nunca. No contexto da casa os valores son similares, un 77,05% sempre emprega o galego. Na escola baixa un pouco, pero segue sendo unha cifra alta, o 65,57% sempre fala en galego. Como é de esperar, os valores máis altos acádaos o contexto da aldea, cun 81,97%; mentres que descende considerablemente, un 30%, na cidade, onde só o 44,26% emprega sempre o galego.

Se contrastamos as porcentaxes da táboa 5 da cuestión 1 cos datos do Instituto Galego de Estatística (IGE 2018¹⁷) sobre a lingua habitual da mocidade ourensá de entre 15 e 29 anos desde unha perspectiva diacrónica, apreciamos que existe unha baixa considerable no emprego da lingua galega desde o ano 2003 ata o ano 2018, en cuestión de quince anos descende dez puntos: no 2003 (31,48%), no 2008 (20,67%), no 2013 (26,08%) e no 2018 (20,17%). Deste xeito, isto confírelles aos nosos datos un posto moi privilexiado en comparación co conxunto da provincia. A media da mocidade baixolimega que emprega sempre o galego é de 68,20%; mentres que a media do IGE (2018) da mocidade de Ourense que ten o galego como lingua habitual é de 20,17%. Polo tanto, hai 48 puntos de diferenza entre a área da Limia Baixa e o conxunto da súa provincia. Aínda que o certo é que esta cifra baixa 20 puntos cando a mocidade baixolimega acode á cidade de Ourense, xa que se desgaleguiza porque se adapta á mocidade ourensá (desgaleguizada).

A nivel Galicia, con respecto á mocidade galega que sempre emprega o galego como lingua habitual, no ano 2018 a cifra descende ata un 18,94%, dous puntos menos que en Ourense provincia. Polo tanto, a Baixa Limia sostén unha situación aínda

17 https://www.ige.eu/estatico/estat.jsp?ruta=html/gl/ecv/ECV_ResumoResultados_galego.html.

máis idónea e de protección para a lingua galega. Nomeadamente, cómpre recordar que estamos centrados en termos de «sempre galego», sen termos en conta o perfil «máis galego ca castelán» ou o ítem correspondente ao noso cuestionario «galego ás veces», mais neste caso os resultados son máis próximos, xa que o noso corpus achéganos o dato de 26,84% e o IGE 2018¹⁸ ofrece unha cifra do 18,45% para toda Galicia.

A maiores, se nos achegamos aos datos do cuestionario do ano 2023 tamén podemos facer unha comparación do galego como lingua habitual entre a mocidade da Limia Baixa que enquisamos catro anos despois e, deste xeito, podemos medir se houbo algún movemento relevante segundo o índice de uso do galego nesta área.




Gráfico 5 Índice de uso do galego na Limia Baixa. Lingua habitual. [Enquisa A+ Enquisa Aa].

O panorama que topamos no ano 2023 segue sendo moi bo, os valores sosteñen as boas condicións de que goza o galego. A situación dos cinco contextos non muda, agás no contexto «**amigos**» e «**cidade**» en que rexistramos unha desviación mínima á baixa da presenza do galego. Secasí, coliximos que, en xeral, os datos do uso do

18 «Persoas segundo a lingua en que falan habitualmente por idade Galicia. Ano 2018». [[https://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=2953&paxina=001&c=0206004&R=0%5ball%5D&C=1%5ball%5D&F=2;0;T%5B1:0%5D;9912:12&S=&SCF=](https://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=2953&paxina=001&c=0206004&R=0%5Ball%5D&C=1%5Ball%5D&F=2;0;T%5B1:0%5D;9912:12&S=&SCF=)].

galego da mocidade baixolimega na súa vida cotiá mantéñense estables durante os últimos catro anos.

68 De seguido, cómpre deterse na situación que esbozan todos estes datos (*Enquisa A*) da mocidade baixolimega estruturada por concellos. En primeiro lugar, comezamos polo concello de Entrimo.

Para analizarmos os datos da mocidade do concello de Entrimo debemos ter en conta que o padrón¹⁹ deste concello revela que nos últimos cinco anos chegaron a Entrimo algunhas familias estranxeiras, das cales seis rapazas e rapaces actualmente están en idade de acudir ao instituto (polo tanto, é altamente probable que fosen enquisados). É unha realidade que cómpre sinalar, xa que a través destes novos habitantes a mocidade de Entrimo na actualidade entrou en contacto directo co castelán (ata o de agora esta situación era pouco habitual como veremos a través dos informantes que entrevistamos para esta investigación).

ENTRIMO (TOTAL 24)	COS AMIGOS	CASA	ESCOLA	CIDADE	ALDEA
SEMPRE	16	17	15	8	20
ÁS VECES	5	4	7	12	2
CASE NUNCA	2	0	1	2	0
NUNCA	1	3	1	2	2

Táboa 6 Índice de uso do galego en Entrimo. [Enquisa A]. Fonte: Rodríguez Rodríguez (2022).

A primeira vista, o panorama sociolingüístico deste concello semella ser bastante regular en todos os contextos. Un pouco máis do dez por cento da súa mocidade non emprega «case nunca» ou «nunca» o galego en todos os contextos, mentres que máis das tres cuartas partes faino «sempre» ou «ás veces». Isto é unha tendencia que ocorre en todas as situacións polas que lles preguntamos (coas amizades, nas súas casas, na escola, na cidade e na aldea). É decer, poderíamos fixar unha bipartición.

O movemento que chama a atención é a inseguridade que transmite o emprego do galego na cidade, atopamos unha migración da metade deses galegofalantes en todas as situacións que se situaban no ítem «sempre» cara ao «ás veces»; o que significa que algunhas destas rapazas e rapaces ao chegaren á cidade hai ocasións

19 Datos que nos facilitou o concello de Entrimo nas súas oficinas (consultado en marzo do 2020).

en que mudan de lingua. Referímonos a unha mocidade (arredor do 50% poderíamos decer) que se comunica unicamente en galego cos seus amigos, na casa, na escola e na aldea; polo tanto, na cidade é a única situación en que fan o cambio de lingua cara ao castelán.

Non podemos deixar de mencionar a nosa sorpresa cando quixemos saber máis sobre estas familias estranxeiras que chegaron a Entrimo nestes últimos anos. A maioría proceden de Portugal, mais tamén chegaron familias desde diferentes cidades de España; pero percibimos unha diferenza de actitude entre eles xa que os portugueses (sobre todo as nenas e os nenos máis noviños) incorporan plenamente o castelán ao seu repertorio lingüístico, mentres que o galego élles indiferente. No caso dos españois, por exemplo, seguen a empregar o castelán como lingua vehicular, mais teñen intención de aprender o galego, mesmo xa intentan falalo. Neste sentido, percibimos un salto dentro da xeración dos máis novos: isto é o que está a ocorrer actualmente entre os nenos e as nenas de arredor de 10 anos de idade; pero os nenos que chegaron a Entrimo hai quince anos (que agora son mozos de arredor de 30 anos) procedentes de Portugal e Francia integráronse totalmente en galego en todos os contextos, asumiron o propio galego dialectal perfectamente e agora teñen un dominio pleno da lingua galega coma calquera nativo.

LOBIOS (TOTAL 19)	COS AMIGOS	CASA	ESCOLA	CIDADE	ALDEA
SEMPRE	12	15	12	7	14
ÁS VECES	7	2	5	8	4
CASE NUNCA	0	2	2	4	1
NUNCA	0	0	0	0	0

Táboa 7 Índice de uso do galego en Lobios. [Enquisa A]. Fonte: Rodríguez Rodríguez (2022).

Destaca no panorama de Lobios que ningún dos 19 entrevistados declara non empregar «nunca» o galego, é decer, que o galego está presente en todos os contextos, en maior ou menor medida. A situación é similar á que acontece no concello veciño de Entrimo, menos dunha quinta parte da mocidade de Lobios non emprega o galego («nunca» ou) «case nunca», a porcentaxe de «sempre» e «ás veces» mantense moi alta, arredor do 90% en case todas as situacións. Volvemos atopar unha baixada na cidade, de feito aféctalle (como en Entrimo) á metade, chegando á cifra de 21,05% os que incorporan o castelán ao chegaren á cidade.

70

LOBEIRA (TOTAL 2)	COS AMIGOS	CASA	ESCOLA	CIDADE	ALDEA
SEMPRE	1	2	0	1	2
ÁS VECES	1	0	2	1	0
CASE NUNCA	0	0	0	0	0
NUNCA	0	0	0	0	0

Táboa 8 Índice de uso do galego en Lobeira. [Enquisa A]. Fonte: Rodríguez Rodríguez (2022).

O baixo número de mocidade no concello de Lobeira, fai que dispoñamos só de dúas persoas enquisadas. Mais esta é a realidade que estamos a retratar e que ocorre nesta comarca, polo tanto temos que describir igualmente Lobeira a través de dúas respostas. O panorama que nos amosa a táboa de Lobeira (táboa 8) en termos xerais é bo porque o galego está presente en todos os contextos do seu día a día, mais o que denota é que perde forza/presenza segura á hora de comunicarse cos amigos, na escola e na cidade. A situación da casa e da aldea está asegurada, pero nas demais perde visibilidade.

Muíños é un dos concellos veciños da comarca da Limia Baixa co que non manteñen un contacto diario tan próximo como ocorre entre o resto dos concellos (debido á menor proximidade xeográfica), mais existe unha excepción no caso da mocidade, xa que acoden todos ao mesmo centro de secundaria.

MUIÑOS (TOTAL 3)	COS AMIGOS	CASA	ESCOLA	CIDADE	ALDEA
SEMPRE	3	2	2	2	3
ÁS VECES	0	1	1	0	0
CASE NUNCA	0	0	0	1	0
NUNCA	0	0	0	0	0

Táboa 9 Índice de uso do galego en Muíños. [Enquisa A]. Fonte: Rodríguez Rodríguez (2022).

A situación é moi similar á que acabamos de describir no concello de Lobeira, hai moita menos mocidade ca en Lobios ou Entrimo. No caso da mocidade de Muíños, esta tamén manifesta que emprega o galego en todas as situacións cotiás, na súa totalidade: cos amigos e na aldea; e na súa maioría: na casa, na escola e na cidade.

Bande é un concello lindeiro, mais con pouco contacto con Entrimo e Lobios; a maior relación mantena con Lobeira, xa que estes acoden a Bande pola súa proximidade para iren ao supermercado, ao banco ou tamén ás dúas feiras que se celebran en Bande cada mes. Mais a mocidade concéntrase no instituto e de aí que exista un contacto diario e próximo entre todas as mozas e mozos da Baixa Limia.

BANDE (TOTAL 13)	COS AMIGOS	CASA	ESCOLA	CIDADE	ALDEA
SEMPRE	12	11	11	9	11
ÁS VECES	0	0	2	2	1
CASE NUNCA	1	2	0	1	0
NUNCA	0	0	0	1	1


Táboa 10 Índice de uso do galego en Bande. [Enquisa A]. Fonte: Rodríguez Rodríguez (2022).

Os datos da mocidade de Bande seguen a mesma liña que os dos outros concellos, o emprego de «sempre» en galego supera o 80% na maioría dos contextos, excepto na cidade onde descenden un pouco os valores, incluso o descenso é menor ca nos casos anteriores que xa comentamos. Cómpre mencionar a un dos enquisados que *case nunca* emprega o galego na casa, si o fai *sempre* cos seus amigos porque el mesmo sinala que «Con todos os meus amigos falo en galego estea onde estea». Tamén destaca na táboa 10 que dúas persoas que na súa casa case nunca falan en galego, indican que tanto na escola coma na aldea si o fan sempre ou ás veces. Isto demostra que o ambiente deste concello para un rapaz ou rapaza favorece a comunicación en galego.

Emporiso, unha vez coñecida a variedade individual de cada concello, inferimos certos resultados a través da pregunta un deste primeiro cuestionario que nos axudan a visualizar a situación do galego na mocidade da Limia Baixa, xa que nos cinco concellos (Entrimo, Lobios, Lobeira, Muíños e Bande) ocorre unha mesma tendencia ante o uso do galego, non rexistramos diferenzas dispares entre uns e outros. A serie do gráfico 6, para os que calculamos a media de cada ítem que engloba as diferentes situacións de uso do galego permítenos facer directamente unha comparación entre

eles (*Enquisa A*) e amais un contraste catro anos despois (*Enquisa Aa*), o que nos axudará a reforzar estes resultados que manexamos no ano 2019/2020.

72



Gráficos 6 Comparación do uso do galego en diferentes contextos na mocidade de Entrimo, Lobios, Lobeira, Muíños e Bande entre o ano 2019/2020 e o ano 2023. [*Enquisa A + Enquisa Aa*].

Se nos detemos neste grupo de gráficos comparativos en que recolleemos os datos dos cinco concellos nos dous momentos de enquisa (*Enquisa A - Enquisa Aa*), o que chama a nosa atención é o caso do concello de Bande, onde os datos do ano 2023 reflicten unha baixada do uso do galego á metade nos diferentes contextos. En Lobeira tamén perde terreo o emprego «sempre» galego, mais non tan significativamente coma no caso anterior. En Muíños a situación do ano 2023 é bastante semellante á dos anos 2019/2020; porén, nos outros dous concellos, en Entrimo e Lobios, o índice de uso do galego incluso sobe: en Entrimo trátase dunha suba máis nítida, pero en Lobios o ascenso é relevante. En conclusión, en xeral rexistramos datos favorables para o galego no concello de Entrimo, Lobios e Muíños, mais, pola contra, en Bande e Lobeira a situación desmellora o uso do galego.

Outra perspectiva en que podemos indagar, a través desta mesma cuestión 1 da enquisa, é na descrición do perfil da mocidade baixolimega que chega ao instituto segundo o grao de galego como lingua habitual na súa casa. O gráfico 7 amosa o alto grao de alumnado que chega á etapa do ensino secundario co galego como lingua habitual na súa casa e comprobamos a través da *Enquisa Aa* como este perfil se mantén estable no ano 2023, xa que o gráfico que resulta dos novos datos traza un modelo semellante ao do ano 2020.




Gráfico 7 Perfil da mocidade que chega ao instituto segundo o grao de galego como lingua habitual na casa no ano 2020 (á esquerda) e no ano 2023 (á dereita). [Enquisa A + Enquisa Aa].

5.1.2 Onde escoitas falar máis galego e onde máis castelán?

Grazas a esta pregunta medimos a percepción de uso do galego e do castelán a través da mocidade baixolimega. Mais, en primeiro lugar, para situármolos, partimos dos datos da percepción de uso do galego que nos ofrece o IGE 2018 sobre a poboación da provincia de Ourense.

74

%	2013	2018
MOITO	14,47	8,41
BASTANTE	35,38	38,97
NORMAL	27,08	33,28
POUCO OU NADA	23,08	19,34

Táboa 11 Persoas segundo a percepción do uso do galego en Ourense (IGE, 2018).

Esta táboa 11 ofrécenos cifras bastante próximas entre as dúas datas afastadas entre si cinco anos, mais chama a atención que o parámetro «moito» diminúe ata case a metade no 2018, aínda que semella que se transvasa esta perda para o parámetro «normal», xa que sobe sete puntos.

En segundo lugar, detémonos nas respostas que nos ofreceron os enquisados sobre as localizacións onde escoitan falar máis galego e onde escoitan falar máis castelán e observamos as diferentes localizacións para analizar a situación en cada contexto e a través das dúas enquisas (*Enquisa A*).

%	GALEGO	CASTELÁN
RÚA	78,95	21,05
TENDAS	0	100
ESCOLA	90,74	9,26
SUPERMERCADO	65,79	34,21
ALDEA	100	0
CIDADE	0	100
MÉDICO	66,67	33,34
CASA	84	16
TELEVISIÓN	10	90
BAR	75	25
CENTRO COMERCIAL	7,5	92,5

Táboa 12 Percepción de uso do galego e do castelán a través da mocidade da Limia Baixa. [*Enquisa A*].
Fonte: Rodríguez Rodríguez (2022).

Na rúa, de trinta e oito mozos que marcaron este contexto, case un 80% sinalou que o que máis percibe na rúa é galego. Estes datos recrean ese ambiente galegófono que ocorre na actualidade na Baixa Limia. Ademais estes datos apoian os que viamos na cuestión anterior, en que o uso do galego na mocidade desta área oscilaba ao redor do 80%. Esta información xa nos adianta que a transmisión interxeracional do galego mantense na maioría das familias.

Nas tendas a percepción do uso do galego desaparece, cedéndolle o paso ao castelán. Esta opción marcárona cinco persoas, pero todas coinciden en adxudicarlle a lingua castelá, por iso é un dato bastante significativo.

Na escola atopámonos ante datos esperanzadores. Unha percepción dun 90,74% de galego fronte a un 9,26% de castelán, o que significa que a escola, neste caso, é un factor galeguizante. Ademais, vemos como estes datos se corresponden cos da pregunta anterior, en que a mocidade sinalaba que o uso do galego na escola é moi alto. Ademais, tamén lles preguntamos sobre a percepción de uso das dúas linguas no instituto e as respostas foron todas encamiñadas a sinalar o centro como un factor galeguizante, as persoas que optaron por citar o instituto, todas elas contestaron que é un dos lugares en que escoitan falar máis galego. A conservación do galego na etapa adolescente está a significar unha fonte de reforzo da lingua galega e tamén a mellora da súa competencia lingüística. Esta situación no instituto e tamén nas escolas da Baixa Limia fixo que se consolidase unha situación monolingüe moi arraigada entre o alumnado actual e tamén do alumnado que pasou por estes centros nos últimos anos que nos transmitiron a través de frases do tipo «ata en Lengua falo galego» ou «só falo castellano na clase de Lengua». É decer, que estas escolas xogan un papel moi activo na consolidación e no mantemento da lingua galega na Baixa Limia.

No supermercado atopámonos cunha situación boa, non idónea, pero positiva se o comparamos coas tendas. Neste caso vinte e cinco mozos ou mozas perciben un ambiente galegófono no supermercado, mentres que trece persoas marcaron castelán. Poida que nesta pregunta se mesturen dous contextos moi diferenciados: os supermercados que se localizan nos seus concellos fronte aos que se atopan na cidade e aos que todos acoden habitualmente. Mais a relevancia destas respostas é a alta presenza de galego.

No contexto da aldea obtivemos unha resposta unánime e esperada en relación aos datos que vimos presentando, o 100% (trinta e cinco mozos e mozas) indica que na aldea se escoita galego.

Na cidade o 100% (que representa cincuenta e unha respostas) sinala que escoita castelán, polo tanto a situación vira completamente e o galego semella non estar presente para ninguén. Dúas realidades opostas, a aldea e a cidade, téñeno perfectamente diferenciado. Aínda que era de esperar despois de analizarmos a cuestión anterior sobre o uso do galego da mocidade baixolimega que no contexto da cidade descendía considerablemente.

No médico, a situación é a seguinte: catro persoas sinalan que no médico se fala galego e dúas persoas indican que se fala en castelán²⁰.

76 Na casa, vinte e un rapaces perciben un ambiente galegófono e catro un ambiente castelanófono. Séguese mantendo ese 80%, unha cifra elevada ao igual que ocorre na escola e na aldea. Correspóndese coa percepción de uso do galego nesta área que analizabamos na cuestión anterior.

Na televisión, o castelán é a lingua que acapara case a totalidade das respostas. Corenta e cinco delas sinalan o castelán fronte a cinco que marcan o galego. Estas son respostas previsibles, xa que só dispoñemos de dúas canles na televisión que se emiten en lingua galega, polo tanto isto inflúe directamente nesta cifra tan baixa. De feito, se nos detemos nos datos que recolleu o IGE no ano 2018 sobre o uso do galego nos medios de comunicación, a situación apoia estes nosos resultados.




Gráfico 8 Uso do galego nos medios de comunicación. A televisión [%] (IGE, 2018).

20 Segundo os datos de Vanesa Rodríguez Tembrás que está analizando para a súa tese de doutoramento *La negociación de la asimetría: la alternancia de lenguas en consultas médicas en Galicia* da Universität Heidelberg: «En tres de cada diez consultas, médicos e pacientes realizan alternancias entre castelán e galego no desenvolvemento da interacción» (Rodríguez Tembrás, 2020).

Ademais, Álvarez Blanco (2017: 19) explica que «Non se detecta unha preferencia dominante por medios de comunicación en galego. Certo é que algúns programas da TVG e da Radio Galega son valiosos para a mocidade rural, mais en xeral non hai unha conexión salientable coa súa programación». Polo tanto, a conclusión que tiramos do contexto televisión é que este medio non fortalece a relación da mocidade -galego-medios.

No bar, seis persoas sinalaron que perciben que a lingua que se emprega é o galego, mentres que dúas indican o castelán. É un dato desde a perspectiva da mocidade, pero moi importante debido a que este é un medio social interesante como punto de reunión entre eles, xa que é un factor influínte durante os anos de adolescencia por ser das poucas opcións que teñen nesta área para relacionarse entre eles.

Emporiso, no centro comercial, como era de esperar ao estar localizado no centro da cidade de Ourense, trinta e sete mozos sinalaron o castelán como a lingua que se emprega nel, fronte a tres que seleccionaron o galego.

En termos xerais, poderíamos decer que a presenza do galego acapara a maioría dos contextos da Limia Baixa cunhas cifras moi elevadas que marcan a diferenza con outros lugares próximos como Celanova ou a propia cidade de Ourense, lugares nos que na rúa se percibe un ambiente moi castelanizado entre os máis novos. Como vimos, a excepción desta tendencia galegófona na vida desta mocidade remata cando acoden ás tendas (fóra da súa comarca porque na Limia Baixa xa non existen este tipo de comercios), cando van á cidade, ao centro comercial e cando ven a televisión; o positivo que tiramos destas situacións é que se atopan materialmente lonxe das súas rutinas, do seu día a día (agás no caso da televisión). Nesta mesma liña da televisión situamos todos os medios de comunicación e as redes sociais que exercen unha presión enorme sobre a mocidade. O ideal sería obter datos numéricos da escollo de lingua que empregan nas súas redes sociais, pero neste caso non dispoñemos deles. Desde unha perspectiva moi xeral fixemos buscas na Internet a través das redes sociais da mocidade que vive nestes concellos e atopámonos con que *a priori* nas súas publicación ou interaccións empregan o galego como lingua vehicular (do rastrexo que fixemos, concluímos que arredor do 98% das publicacións nas redes sociais da mocidade baixolimega están en galego).

En conclusión, a través desta pregunta puidemos comprobar que, segundo a percepción da mocidade baixolimega, a cidade de Ourense na actualidade actúa como un axente desgalguizador.

Partindo desta situación, cotexamos cos novos datos da *Enquisa Aa* do ano 2023 e atopámonos en conxunto con que a realidade segue sendo moi similar: o galego percíbese nos contextos máis próximos da súa área, mentres que o castelán etiquétano na cidade, nas tendas e na televisión. Ademais, na última enquisa aparecen novas localizacións en que estes mozos e mozas sinalan que escoitan galego en activida-

des extraescolares ou na igrexa. Cómpre engadir a resposta moi significativa de un mozo de Entrimo e outro de Muíños que declaran «escoito falar galego en todos os lados». Por outra banda, é certo que tamén mencionan novos lugares en que aparece o castelán: a biblioteca e nas redes sociais.

5.2 Un compromiso co galego

Este bloque 2 abrangue catro preguntas da enquisa (pregunta 2, pregunta 5, pregunta 6 e pregunta 9) que van encamiñadas cara á avaliación do compromiso de cada mozo ou moza coa lingua galega.

5.2.1. Cres que no futuro falarás galego no teu traballo, cos teus amigos e coa túa familia?

%	TRABALLO		AMIGOS		FAMILIA	
	2020	2023	2020	2023	2020	2023
SI	23	25	80	67	84	76
DEPENDE	66	59	15	27	8	14
NON	11	16	5	6	8	10

Táboa 13: Perspectiva lingüística de futuro da mocidade da Limia Baixa. [Enquisa A].

Respecto á perspectiva de futuro da mocidade, por unha banda, a intención da presenza do galego no traballo resólvese do seguinte xeito: catorce mozos teñen claro que si, sete non contemplan a posibilidade (esta cifra correspóndese directamente cos informantes que indican na táboa 18 do uso do galego que nas súas casas «nunca» ou «case nunca» se fala galego) e a maioría recae nas corenta persoas que sinalan «depende». Isto suxire que existe a posibilidade de que falen galego nos seus traballos, de aí a importancia de incidir nesta actitude lingüística na escola, momento decisivo para que tomen concienciación do propio.

En canto á presenza do galego cos amigos no futuro, os datos son moi positivos, transmiten vitalidade para a nosa lingua, xa que o 80% ten pensado empregar o galego coas súas amizades. Un dato moi similar acontece na familia: o 83% ten intención de empregar o galego como lingua habitual coa súa familia. Polo tanto, a presenza do galego estaría presente nuns índices moi altos e axudaría á súa transmisión. Deste xeito, a familia e os amigos seguirán sendo os motores do mantemento da lingua galega na Limia Baixa.

Catro anos despois, volvemos rexistrar estes datos esperanzadores? Pois neste caso, é certo que a perspectiva de intencionalidade da mocidade á hora de usar o galego no seu futuro segue sendo boa, mais os niveis baixan arredor dun dez por cento no contexto «cos amigos» e «coa familia», mentres que no caso do emprego do galego no «traballo» a tendencia é máis semellante á do ano 2020 nas tres variables.

Por outra banda, no caso da vitalidade lingüística a través da transmisión interxeracional, os resultados tamén son positivos:




Gráfico 9 A transmisión lingüística interxeracional no futuro na Limia Baixa [NC: non contesta]. [Enquisa A].
Fonte: Rodríguez Rodríguez (2022).

Nesta pregunta, aínda que os datos empeoran para o galego un pouco respecto aos anteriores, seguen sendo valores positivos: case o 60% responde que lles transmitirá o galego aos fillos, mentres que o 3% afirma que o fará en castelán e o 36% ten pensado transmitirllas as dúas linguas asemade. Estes datos sinalan que a transmisión interxeracional non se verá deteriorada se estes propósitos se cumpren. O galego terá asegurada unha alta presenza nestes concellos e iso é moi importante porque estará representado nos vínculos máis afectivos. Daquela, a tea que sosteirá os índices de galegofalantes nesta área será o mantemento da transmisión interxeracional.

Xa que logo, na actualidade, dáse a transmisión entre xeracións da Limia Baixa non como acontece noutras áreas xeográficas galegófonas e isto xa se ve reflectido nos datos de falantes habituais, tal como viamos que acontece na propia provincia. Re-

tomemos os datos do IGE 2018 que amosaban como no ano 2018 na provincia de Ourense a mocidade de entre 5 e 29 anos era galegofalante habitual no 14% do total. Se o comparamos cos datos que nos revela esta enquisa, estes últimos cuadriplican a cifra da provincia. Non son datos sorprendentes, xa que noutros puntos xeográficos con trazos similares á Limia Baixa, a vontade da transmisión do galego aos fillos e fillas é unha realidade.²¹ (véx. Álvarez Blanco, 2017: 24), tal como quedou recollido no informe que publicou o Consello da Cultura Galega no que analizaron un grupo de discusión de Frades (A Coruña): un grupo similar ao noso (rural, novos de entre 23 e 26 anos) e os datos son bastante actuais, o traballo de campo fíxose a finais de 2015 comezos de 2016. Pero que sexa en zonas con características similares á Limia Baixa onde se mantén uns índices tan altos, en comparación coas vilas ou cidades, non lles quita mérito; ao contrario, estes mozos e mozas están a punto de se mudar a áreas máis grandes, polo tanto son os que poden levantar no futuro os datos negativos transmitíndolle aos seus fillos e fillas a lingua galega. De aí a importancia desta transmisión, xa que «[a familia] segue sendo o sostén do mantemento do galego» (Ramallo, 2012: 167) e «a familia non é unha institución social independente, nin allea aos cambios sociais, senón que está moi influenciada por eles» (Ramallo, 2012: 169).

Cómpre revisar se os mozos e mozas da Limia Baixa manteñen este importante compromiso coa súa lingua catro anos despois, polo que extraemos os datos da *Enquisa Aa* e facemos unha comparación. Efectivamente, os datos sostén un compromiso claro por parte da mocidade coa lingua galega, mais rexistramos unha pequena translación do 7% do galego para o castelán. En todo caso, a exclusión do galego da súa transmisión interxeracional queda relegada a un 10%.

21 Mocidade de Frades: «A vontade de transmisión do galego aos fillos e fillas constitúe unha posibilidade irrenunciable para a mocidade falante desta lingua, sen descartar tamén a socialización familiar en castelán, orientada á adaptación á vida fóra de Galicia, unha posibilidade que algúns non descartan» (Álvarez Blanco, 2017: 24).




Gráfico 10 A transmisión lingüística interxeracional no futuro na Limia Baixa. [Enquisa A + Enquisa Aa].

Como conclusión da perspectiva de futuro, os nosos datos revelan que a mocidade baixolimega presenta un alto compromiso²² co uso do galego.

5.2.2 Cres que é importante coñecer o galego normativo?

Cincuenta e seis de sesenta e un rapaces cren que o galego estándar é importante manexalo e ademais engaden estes motivos que agrupamos en seis ideas principais:

- *Mellor o normativo para comunicarnos.*
- *Preciso o estándar para o traballo, o meu galego non o entenderían.*
- *Así sabemos se falamos ben ou mal.*
- *Para ter máis cultura.*
- *A estrutura do estándar é máis correcta.*
- *Para cometer menos erros na fala.*

²² «Encontramos un amplo número de falantes monolingües [...] em galego, bem, por posicionamentos políticos, lingüísticos..., este último grupo é muito pequeno» Rodríguez Domínguez (1993: 33).

82

Todas as súas respostas transmiten a relación do estándar coa cultura, co futuro, coa corrección e cun bo entendemento. Deste xeito, a través desta cuestión, coñecemos a súa actitude favorable cara ao galego estándar, xa que gran parte da mocidade que entrevistamos para as nosas enquisas asegura que o estándar é o seu modelo, o seu obxectivo, o seu reto. Así que é a variedade que desexan manexar para a escola e para un futuro traballo, pero reparamos nos prexuízos negativos cara á súa variedade dialectal que translocen nalgunhas respostas: «erros», «falar mal». Máis adiante, na pregunta tres, ao apelar á súa escala de preferencias, a variedade estándar pasa a un segundo lugar, cedendo o primeiro posto á variedade dialectal.




Gráfico 11 Comparación da cuestión: cres que é importante coñecer o galego normativo? [Enquisa A + Enquisa Aa].

Catro anos despois a distribución das catro columnas mantense, mais descende 16 puntos os mozos e mozas que cren que «si» é importante coñecer o galego normativo e, amais, é necesario sinalar que afloran a través dos seus argumentos sentimentos de reivindicación da súa variedade dialectal «porque a xente debe falar o seu dialecto pero tamén deben coñecer o normativo para saber, aínda que cada un fala como quere, porque en cada zona o galego ten súa fala e non está mal que varíe» e tamén sentimentos de defensa da súa lingua «porque é a miña lingua, porque é unha lingua moi bonita, porque é o idioma oficial de Galicia polo tanto case todos o saben,

por iso é importante para poder comunicarse, porque é necesario coñecer as bases da nosa lingua». Aínda así, as ideas principais que aparecen catro anos despois seguen a liña que rexistramos na enquisa anterior.

- *Para entendernos entre todos os galegos*
- *Para a escrita, os rexistros formais: traballo, documentos oficiais*
- *Para coñecer o uso correcto do galego*
- *Para falalo ben, por corrección (para non falar con palabras vulgares)*
- *Para evitar os castelanismos*
- *Para ter máis cultura*
- *Para a riqueza do idioma*
- *Para preservar/conservar o idioma*

83

5.2.3 Se un/unha amigo/a che fala en castelán, ti en que lingua lle responderías?

Imaxina que estás no centro comercial de Ourense. Atopas alí unha amiga/o e comezades a falar. Se esta amiga/o che fala en castelán, ti en que lingua lle responderías?

Esta pregunta vainos amosar máis nitidamente o grao de cambio de lingua ante esta situación cotiá para esta mocidade. Partimos da primeira cuestión que tratamos ao inicio sobre o uso do galego en que o 72,13% do total destas rapazas e rapaces nos indicaban que empregan *sempre* o galego cos seus amigos, o 21,31% *ás veces*, o 4,92% *case nunca* e, por último, o 1,64% marcou que *nunca* falaba galego cos amigos. Entón, queremos coñecer como actúan ante esta situación que lles describimos na cuestión 6 da enquisa e comprobamos como as respostas flutúan un pouco sobre os datos dos que arrancam, xa que responden que se mantería en galego o 59,02% fronte ao 36,06% que mudaría ao castelán (temos un 3,28% que responde «depende» posto que non ten claro como actuar).

GALEGO	CASTELÁN	DEPENDE	OUTRA
59,02%	36,06%	3,28%	1,64%

Táboa 14 Mantemento / Cambio / Acomodación lingüística na mocidade baixolimega. [Enquisa A].

Ademais, recollemos unha serie de argumentos en que apoian as súas respostas e que nos axudan a enterdermos e coñecermos mellor as súas decisións de por que deciden ou non mudar de lingua ante unha persoa amiga que se dirixe a eles en castelán nun ambiente relaxado e informal.

A favor do cambio ao castelán:

- *Máis cómodo falar na mesma.*
- *Por se non entende o galego.*
- *Está acostumada a responder castelán cando lle falan castelán.*
- *Por costume (3 respostas iguais).*
- *Por educación (2 respostas iguais).*
- *Para podernos entender.*
- *Para que non descoñeza ningunha palabra.*
- *En castelán porque ten maior sentido o diálogo.*

A favor do mantemento en galego:

- *En galego, porque cos meus amigos estou acostumada a falar en galego.*
- *Respóndolle en galego porque con todos os meus amigos falo en galego, estea onde estea.*
- *E se me falara en galego, falaríalle en galego.*
- *Non me sae ben o castelán.*

O primeiro que nos chama a atención é a bipolaridade que marcan algunhas respostas respecto a outras: mentres unha persoa responde que non lle sae ben o castelán, outra persoa afirma que lle é máis cómodo manter a conversa na mesma lingua; tamén hai outro par que se opón xa que temos dúas respostas que sinalan que falarían en galego porque é o que falan cos seus amigos, mentres outras tres persoas opinan que o fan por costume. Daquela, estanse conxugando dúas realidades opostas pero que camiñan en paralelo na actualidade.

Que responde a mocidade baixolimega catro anos despois? Actuarán deste mesmo xeito ou atoparémonos con unha resposta diferente ante unha situación que pasou a ser máis cotiá nos últimos anos?

Os novos datos (*Enquisa Aa*) describen unha situación exacta ao que respondían os mozos e mozas catro anos antes, nin sequera rexistramos unha diferenza dun punto nas dúas linguas, polo tanto o perfil de mocidade ante esta situación de mantemento, acomodación ou cambio segue a ser o mesmo. Sen dúbida, estes mozos e mozas

confírenlle unha posición moi favorable ao mantemento do galego nunha conversa iniciada en castelán nun contexto urbano. Con todo, aínda que a situación sexa case idéntica, recadamos os argumentos que nos achegaron os novos informantes, tanto a favor do cambio ao castelán como a favor do mantemento en galego.

A favor do cambio ao castelán:

- *Por entendemento: se é de fóra non entende o galego (5 persoas)*
- *Por educación*
- *Para que me entenda*
- *Respondo na mesma lingua, porque se me pega (2 persoas)*
- *Porque é o meu idioma, o que máis emprego, síntome máis cómodo*
- *Porque é máis fácil comunicarnos, responder na mesma lingua*

A favor do mantemento en galego:

- *Se é unha persoa galega, en galego*
- *Porque é a miña lingua, eu falo galego, é a lingua na que me sinto cómodo, porque é a lingua que uso a maioría do tempo (16 persoas responderon nesta mesma liña)*
- *Porque non estou acostumada a falar castelán*
- *Porque é o idioma que me gusta*
- *Porque entenden o galego, suponse que o entenden (4 persoas)*

Outra variable que precisamos analizar para coñecer o posible grao de influencia nestas respostas é o sexo, cantas mulleres e cantos homes cambiarían de lingua e cantos se manterían?

Os datos que tiramos desta cuestión demostran que, por unha banda, os homes son máis proclives a converxer nunha conversa iniciada en castelán que as mulleres, aínda que non podemos deixar de mencionar que eles teñen un comportamento similar nos dous casos. Por outra banda, as mulleres destacan por case triplicar a cifra do mantemento sobre o cambio. Polo tanto, concluímos que a variable sexo repercute á hora de iniciar unha conversa en galego.

Tamén é preciso comentar que percibimos unha diferenza notoria neste tipo de pregunta de cambio de código (galego-castelán) no interior do propio tramo de idade da mocidade. Cremos que existe unha distinción dentro da xeración de xente nova: a mocidade de entre os 12 e 18 anos respondeu en vinte ocasións que ante esta situación contestarían en castelán, mentres que a realidade entre a mocidade de 25 e 35 anos (que entrevistamos para o cuestionario marco e a nosa percepción)

86

indicáronnos que a día de hoxe ante esta mesma situación contestarían en galego indubidablemente e mesmo que lles sería difícil cambiar ao castelán (non se sentirían cómodos nin disporían de moita fluidez para manter unha conversa cunha amizade en castelán neste contexto).

Estes datos podemos cotexalos coa táboa de acomodación lingüística segundo a lingua habitual (Álvarez Blanco, 2017: 79) para saber cal é a situación da mocidade baixolimega en comparación co resto de Galicia. Nós partimos de que a persoa que inicia a conversa é unha amizade coa intención de condicionar a resposta, xa que buscamos que imaxinen a situación nun rexistro informal e afectivo, pero si que nos serve como indicativo para valorar os datos dos que dispoñemos porque tomamos como referencia as respostas dos galegofalantes para asemellarse máis aos nosos suxeitos.

GALEGOFALANTES		CASTELANFALANTES	
SÓ GALEGO	60,8%	SÓ GALEGO	39,2%
MÁIS GALEGO CA CASTELÁN	19,7%	MÁIS GALEGO CA CASTELÁN	80,3%
SÓ CASTELÁN	1,5%	SÓ CASTELÁN	98,5%
MÁIS CASTELÁN CA GALEGO	1,9%	MÁIS CASTELÁN CA GALEGO	98,1%

Táboa 15 Responder cando me falan en castelán (Álvarez Blanco, 2017: 79).

Obtemos resultados moi semellantes no contexto da Baixa Limia en comparación con Galicia. Desta maneira, o castelán neste contexto non provoca un forte descenso do galego, posto que existe unha certa predisposición por parte dos galegofalantes a responder en galego ante unha persoa que comeza a conversa en castelán. Pero vaise percibindo unha certa acomodación cara ao castelán por parte da mocidade máis nova en comparación coa mocidade «maior».

Ademais, tamén podemos comparar os datos desta *Enquisa A* cos novos datos da *Enquisa Aa* para saber se a conclusión que tiramos, de que a variable xénero si parece repercutir á hora de iniciar unha conversa en galego entre a mocidade baixolimega, se mantén catro anos despois. O resultado é que sorprendentemente os datos actuais do ano 2023 se inverten (véx. gráfico 12): agora son os homes os que lideran o mantemento do galego, o que significa que a tendencia que atopamos ata agora, semella que mudou entre a mocidade baixolimega.




Gráfico 12 A influencia do sexo na acomodación lingüística na mocidade baixolimega. [Enquisa A + Enquisa Aa].

5.2.4 Pensas que o galego é unha lingua igual de válida que o castelán en Galicia?




Gráfico 13 O galego é unha lingua igual de válida que o castelán en Galicia? [Enquisa A].

O nivel de validez que a mocidade baixolimega lle adxudica ao galego e ao castelán vai condicionar totalmente a súa elección de lingua para as súas intencións de futuro, por iso quixemos facerlles esta pregunta e que ademais do dato numérico tamén nos achegasen as causas que, segundo eles, motivaron a súa resposta.

- *Nos traballos non te collen por falar galego ou polo acento en castelán.*
- *Non é igual de válida porque case é portugués.*
- *Non é igual de válido porque hai xente que pensa que por falar galego é pouco culto.*
- *Non é igual de válido. O galego tiña que ser máis importante en Galicia.*
- *Hai xente que cre que o galego non é igual de válido có castelán porque ten unha educación cunha base de prexuizos.*
- *Si e non. O castelán fálase máis en Galiza que o galego, pero o galego é fundamental en Galiza, xa que é a nosa lingua.*
- *Non porque os temas legais están en castelán.*

O 88% responde que a lingua galega é igual de válida que o castelán e iso é un dato que desprende certa tranquilidade con respecto ás actitudes negativas que se lle atribúen á lingua galega en Galicia. O desprestixio da lingua tomba a oportunidade de que esta mocidade manteña o galego no seu futuro, por iso nos preocupan as dúas respostas que interpretamos como negativas, xa que engaden que «non é igual de válido porque o galego é case portugués» (Lobios) e «porque os temas legais están en castelán» (Entrimo). Este tipo de afirmacións pon en dúbida o prestixio e a validez do galego como lingua. A nivel percepción xeral, cómpre subliñarmos que este segundo argumento de que o galego non está na administración nin nos temas legais nin tampouco na maioría dos documentos é unha queixa moi estendida entre os nosos informantes (sobre todo adultos).

Catro anos despois a situación non muda, a inclinación cara á afirmación é exactamente a mesma, incluso sobe case tres puntos, polo tanto non rexistramos ningún pequeno cambio de tendencia. Mais si é importante documentar as novas motivacións coas que argumentaron as súas respostas as mozas e os mozos que entrevistamos no ano 2023.

- *Porque o galego é tan importante coma o castelán. As dúas son oficiais.*
- *Porque estamos en Galicia e deberíamos falar en galego.*
- *Penso que se lle debería de dar máis importancia ao galego porque é o idioma do territorio.*
- *Porque ten unha gramática e uns dicionarios coma o castelán.*
- *Incluso é máis importante porque en partes de Galicia só se emprega o galego e por iso é necesario aprendelo.*
- *porque ningunha lingua é superior a outra solo porque teña máis falantes, todas as linguas teñen un único fin a comunicación.*
- *porque podes comunicarte con ambas linguas e a xente pode entenderte, mesmo a xente que non sabe galego pode entendelo.*

Quixemos, ademais, coñecer os razoamentos das dúas persoas que sinalaron na *Enquisa Aa* que o galego *non* é igual de válido ca o castelán: o primeiro sinala «porque cada ano que pasa a mocidade de huxe en día pasa máis tempo falando castelán e non tanto o galego» e o segundo informante argumenta que «es más fácil el castellano» (comprobamos na base de datos como esta resposta fai referencia a un mozo de Bande que ten o castelán como lingua habitual).

5.3 Galego local ou galego estándar?

O bloque 3 está relacionado coa variedade dialectal dos mozos e mozas baixolimegos e abarca catro preguntas da enquisa (pregunta 3, pregunta 7, pregunta 8 e pregunta 10).

90

5.3.1 Que galego che gusta máis?

O QUE FALAS TI	90,16%
O QUE FALAN EN OURENSE	4,92%
O GALEGO ESTÁNDAR	8,20%
OU O QUE SE FALA NOUTRA ZONA DE GALICIA	3,28%

Táboa 16 Que galego che gusta máis? [Enquisa A]. Fonte: Rodríguez Rodríguez (2022).

Ao partirmos de que a Limia Baixa é unha zona rural conformada por pequenos concellos é case unha tendencia este resultado do 90% que presenta unha afiliación lingüística plena á súa variedade dialectal, xa que se apela ao sentimento e á sensibilidade do propio. Se nos fixamos na mocidade de Frades (Álvarez Blanco, 2017: 21), o informe tamén indica unha «identificación positiva con esta lingua, ou polo menos coa variante que eles usan, é unha evidencia neste sector da poboación galega».

Cómpre termos en conta que aínda que só cinco persoas seleccionasen como preferencia o galego estándar non significa que as demais teñan unha actitude pouco favorable cara a esta variedade, tal como viamos na pregunta anterior, xa que para eles é un reto acadar o manexo da norma; polo tanto, tampouco se pode afirmar que a través destes resultados transluzan prexuízos doutro tipo.

En canto ás respostas da enquisa do ano 2023 (*Enquisa Aa*), estas seguen a mesma liña de resultados e de argumentación que a *Enquisa A*. A única variación é que rexistramos un pequeno movemento de 10 puntos desde o ítem «o que falas ti» repartidos cara ao ítem «o que falan en Ourense» e «o que se fala noutra zona de Galicia», para o que dous mozos ou mozas responderon que lles gusta máis o galego da Coruña. O que si queremos destacar son as persoas (*Enquisa A* e *Enquisa Aa*) que sinalaron que o galego que máis lles gusta é o que falan en Ourense ou noutras zonas de Galicia fronte ao seu dialecto: non lles gusta o seu? Imos afondar nesta mesma idea no resto das cuestións da enquisa que expoñemos nas preguntas que tratamos a continuación.

5.3.2 Cando vas a Ourense ou a Celanova intentas falar dunha maneira distinta á que falas na túa aldea?




Gráfico 14 A actitude cara á súa variedade dialectal. [Enquisa A].

Percibimos que algunhas persoas adultas e maiores mudan ou agochan certos trazos dialectais. Ocorre o mesmo coa mocidade? Neste caso, catro mozos recoñecen que tentan falar doutro xeito distinto a como falan na súa aldea cando saen á vila ou á cidade máis próxima, fronte a cincuenta e sete que responderon que non. Esta última cifra é moi significativa porque demostra o orgullo falante. Ademais, na *Enquisa Aa* repítese este resultado; é significativo que se debuxaramos un novo gráfico as cores ocuparían o mesmo trazado, polo tanto non hai cambio de tendencia cara á querenza da súa variedade na actualidade.

5.3.3 Alguén se riu de ti por como falas?

%	2020 ENQUISA A	2023 ENQUISA AA
Si	14,75	13,73
Non	85,25	86,27

Táboa 17 Discriminación: alguén se riu de ti por como falas? [Enquisa A+ Enquisa Aa].

Ante os resultados da enquisa de 2020 (*Enquisa A*), quixemos afondar debido á sensibilidade que implican as respostas afirmativas. Que haxa nove mozos e mozas que viviron esta situación nalgún momento da súa vida por como fala poida que teña consecuencias negativas que afecten directamente ás actitudes cara á súa variedade dialectal.

Cómpre profundarmos nas características destas persoas, é necesario facermos tabulacións cruzadas para coñecermos a interrelación entre os parámetros comúns. En primeiro lugar, imos atender á diatopía de cada persoa: cinco son de Entrimo, un de Lobios, dous de Bande e un de Muíños; En segundo lugar, fixémonos na variable sexo: dous homes, seis mulleres e un enquisado que non indica o seu sexo. Datos sobre a variable diafásica ou a diastrática non manexamos ningún, xa que serían moi útiles para situar estes comportamentos discriminatorios e axudaríanos a marcar as tendencias que fan que ocorran este tipo de situacións tan transcendentais. Con esta información podemos tirar dúas conclusións: unha, que máis da metade das respostas son de Entrimo e, outra, que seis de nove respostas pertencen a mulleres. Indubidablemente, as respostas «si» a esta pregunta tiñan que ser cero, pois non se pode permitir este tipo de actitudes e aínda menos nestas idades en que os comentarios sobre a súa variedade lingüística poden chegar a incidir plenamente na validez que a persoa lle confire á súa fala. Polo tanto, estes datos demostran que hai endodiglosia interna, *ranking* entre estándar ou ourensán sobre baixolimego.

Ademais, estas nove respostas lévannos a pensar se estarán relacionadas con esas tres catro persoas que sinalan que cambian a súa maneira de falar ao ir a Celanova. Mais a resposta é negativa, ningún destes nove mozos ou mozas é dos que «agocha» a súa fala ao chegar á vila máis próxima a eles.

Para pechar esta cuestión, simplemente temos que engadir que no ano 2023, a través da *Enquisa Aa*, comprobamos como se repite o patrón da primeira enquisa, o que significa que o trato discriminatorio por razóns lingüísticas segue ocorrendo neste contexto da mocidade do rural cando acode á vila máis próxima, ou cando menos nesta área ourensá.

5.3.4 Percibes diferenzas entre o galego que falades no teu concello e o galego que se fala nos concellos veciños?

As vinte e tres respostas negativas (que representan o 37,7%) non achegan ningún tipo de aclaración, mentres que as trinta e oito persoas (62,3%) que perciben diferenzas entre a fala do seu concello e a fala dos concellos veciños engaden algunhas das singularidades da fala. En 2023, ao pasarmos de novo a enquisa, rexistramos datos porcentuais similares que catro anos antes (unha diferenza irrelevante do 2%). Nas dúas enquisas (*Enquisa A* e *Enquisa Aa*) os mozos e mozas anotaron certos trazos lingüísticos que perciben como diferentes e que nós agrupamos en dous bloques:

no primeiro, a fonética e, no segundo bloque, a morfoloxía, dentro da cal temos que diferenciar entre morfoloxía nominal e morfoloxía verbal.

ACLARACIÓNS FEITAS POLOS ENQUISADOS EN 2019 E 2023			93
FONÉTICA	<i>fome/fame</i> 17 respostas	<i>fome: + próximos a Portugal</i> <i>Lobios fame, Entrimo fome</i> <i>fame en Lobios, fome en Entrimo</i> <i>Entrimo dise fome e noutros fame</i> <i>Entrimo e Lobios fome</i> <i>Muíños fame e Entrimo fome</i>	
	Gheada 9 respostas	<i>Nalgúns lugares falan con gheada</i>	
	Seseo 7 respostas	<i>Eu (de Bande) non seseo, concellos veciños si</i>	
	Influencia na pro- nuncia por Portugal 3 respostas	<i>Entrimo: pronuncia distinta debido á influencia do portu- gués / de todo o instituto o galego máis diferente é o de</i> <i>Entrimo.</i> <i>Lobios: Vilameá decimos moitas palabras en portugués e</i> <i>temos un acento diferente.</i> <i>— Nalgúns sitios fálese galego aportuguesado</i>	
		<i>filloa, filló, filloga.</i>	
	2 respostas	<i>Lobios nai e Entrimo mai.</i>	
	<i>caso/causo</i> 3 respostas	<i>Entrimo causo en lugar de caso</i>	
		<i>Entrimo dise contente e noutros contenta</i>	
		<i>En Vilameá (Lobios) en lugar de decir garaxe decimos ga- raixe.</i>	
MORFOLOXÍA NOMI- NAL E MORFOSIN- TÁCTICA	<i>-án, -au</i> <i>-án, -á</i> 3 respostas	<i>irmán, irmau</i> <i>irmáns, irmau/irmá</i> <i>irman, irmá</i>	
	<i>ti /tu</i>		
	<i>-s, -ns</i> 2 respostas	<i>Bande plural cas, Entrimo e Lobios cans</i> <i>Entrimo pantalóns, outros concellos pantalós</i>	

94	MORFOLOXÍA VERBAL	facer 7 respostas	—	<i>fixen-figuen</i>
			—	<i>Entrimo figuen, outros fixen</i>
			—	<i>Entrimo figuen, Muíños fixen</i>
			—	<i>Lobios din faguer</i>
			—	<i>Bande fixen e Lobios figuem</i>
		ei / en 6 respostas	—	<i>acabei-acabén (hai diferenzas pero non moi grandes)</i>
			—	<i>acabén</i>
			—	<i>xoguei-xoguén</i>
			—	<i>escoitei, escoitén</i>
		<i>ouvir</i>		<i>oíches, ouviches</i>
		<i>ir</i>		<i>Entrimo vades en lugar de ides</i>
		<i>traer</i>		<i>Lobios din trauer</i>
		<i>decer</i>		<i>En Vilameá (Lobios) en lugar de decir > decer</i>
		<i>fechar</i>		<i>En Vilameá (Lobios) decimos fechar</i>
		<i>i</i>		<i>As zonas de Bande introducen un i nalgunhas formas verbais como calaide</i>

Táboa 18 Colección de respostas á cuestión 10 sobre as diferenzas dialectais entre os concellos da Limia Baixa a través do cuestionario pasado en 2019/2020 e o cuestionario de 2023. [Enquisa A + Enquisa Aa].

Na táboa 18 reproducimos e clasificamos as respostas da mocidade, tomando como referencia a *Enquisa A*: vinte e nove encádranse no ámbito da fonética e vinte e unha no da morfoloxía: dentro da morfoloxía, cinco refírense á nominal e dezaseis á morfoloxía verbal. No entanto, estamos enquisando un grupo de persoas que está en plena escolarización, polo que presupomos que a materia de Lingua e Literatura Galega incide directamente na escollo destas respostas.

Se afondamos nas respostas que achegaron os rapaces, a maioritaria fai referencia ao fenómeno vocálico da labialización de /a/ tónico cando está en contacto con consoantes labiais, como é o caso de *fame/fome*. Tamén sinalan outros fenómenos recorrentes como a existencia de seseo e de gheada nalgúns concellos, ou o incremento dun -n nas formas verbais do pretérito perfecto de Indicativo (*acabén* fronte a *acabei*, por exemplo), ou o emprego do radical do verbo *facer* que resollen en *fagu[er]*.

Cómpre resaltar que case a totalidade das respostas van enfocadas á fala de Entrimo ou de Lobios. Algúns xustifican a súa resposta en que estes dous concellos son os que están máis próximos a Portugal e por iso perciben máis diferenzas na súa fala debido á «influencia da lingua portuguesa». Mais isto non sempre vai encamiñado a describir unha realidade xeográfica, nalgúns casos agóchase un prexuízo negativo

cara aos falantes de Entrimo e Lobios por seren sinalados por falar unha especie de «galego aportuguesado». Foron bastantes ocasións en que nos topamos con esta afirmación ao longo da investigación, tanto por parte dos propios veciños destes concellos coma por parte dos falantes dos concellos lindeiros.

95

En relación coas respostas deste último bloque, poderíamos pensar que esa pequena porcentaxe que responde que se riron deles por como falan, os que intentan cambiar a súa forma de falar cando se desprazan á vila e os que lles gustan máis as outras variedades en lugar da súa, puideran ser as mesmas persoas, mais fixemos buscas cruzadas e resulta que non é o caso, non existe ningunha coincidencia entre uns e outros. Polo tanto, non significa que existan rechamantes prexuízos cara á súa variedade dialectal.

5.4 Conclusións xerais e contraste en catro anos

- Na Limia Baixa rexistramos falantes bilingües en galego e castelán, mais, na maioría dos casos, non se trata de poboación bilingüe activa. Os datos do uso do galego da mocidade baixolimega mantéñense estables durante os últimos catro anos, arredor do 80% dos novos (xeración 1) empregan o galego como lingua habitual.
- A área da Limia Baixa segue sendo principalmente galegófona en todos os seus contextos, mentres que a mocidade etiqueta o castelán na cidade, nas tendas e na televisión.
- A perspectiva de intencionalidade da mocidade á hora de usar o galego no seu futuro é moi boa (90%), aínda que os datos do ano 2023 reflicten unha pequena baixada dun 5%.
- A mocidade baixolimegas confírenlle unha posición moi favorable ao mantemento do galego nunha conversa iniciada en castelán nun contexto urbano, o que significa que a mocidade baixolimega presenta un alto compromiso co uso do galego.
- Case o 90% dos informantes da xeración nova responde que a lingua galega é igual de válida que o castelán. Aínda que seguimos rexistrando, catro anos máis tarde, un certo trato discriminatorio por razóns lingüísticas, xa que os nosos informantes declaran sufrilo cando acoden á vila máis próxima ou á cidade.
- En definitiva, non detectamos grandes diferenzas durante os catro anos entre as dúas enquisas (*Enquisa A* e *Enquisa Aa*). De feito, é asombrosa a similitude que detectamos nalgunhas cuestións, polo tanto poderíamos concluír que nos atopamos cunha situación de mantemento e estabilidade en canto

ao emprego do galego e ás actitudes sociolingüísticas que rexistramos entre a mocidade baixolimega nestes catro últimos anos.

Capítulo 06

A lingua das TIC antes, durante e despois da pandemia entre a mocidade da Limia Baixa

97

A necesidade de pasar de novo a *Enquisa A* no mesmo contexto da Limia Baixa, mantendo as mesmas variables, parte de coñecer as repercusións da situación extraordinaria e excepcional que acabamos de vivir coa pandemia de Covid-19. Os xornais comezan a citar estudos²³ que se están a facer sobre o impacto que a pandemia tivo entre a xente nova e nós quixemos coñecer o comportamento lingüístico da mocidade baixolimega durante a pandemia focalizado no uso do galego no eido das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), xa que é de vital actualidade.

A nivel lingüístico, partimos dun perfil de mozos e mozas que viviron a pandemia nun contexto bilingüe como é Galicia e, neste caso, desde unha área rural en que probablemente tiveron que empregar aínda máis as novas TIC para comunicarse no seu día a día. Decidimos seguir unha metodoloxía cuantitativa co fin de facermos unha pequena análise, que parte dunha distribución temporal en tres fases, coa finalidade de recadar información e obter en diacronía curta datos sobre o uso da lingua antes, durante e despois da pandemia nas novas TIC. Preguntamos sobre tres grandes ámbitos das TIC: as redes sociais, as videoconferencias e a mensaxería instantánea como é o caso da aplicación WhatsApp. Deste xeito, engadimos tres preguntas ao final da *Enquisa A*, seguimos a mesma estrutura, unicamente mudamos a referencia temporal (antes, durante e despois da pandemia) e ofrecemos catro opcións graduais de resposta: *sempre*, *ás veces*, *case nunca* e *nunca*. Secasí, completamos a *Enquisa Aa* con estas tres novas cuestións (véx. Anexo B) que fan referencia á pregunta 11, á pregunta 12 e á pregunta 13, as cales presentamos a seguir.

23 «No 2020 o suicidio pasou a ser a segunda causa de morte no Estado para as persoas entre 15 e 29 anos e segundo un estudo realizado no 2021 por Save de Children, entre 2017 e 2021 aumentaron un 4% os diagnósticos de trastornos mentais entre a xente moza». [Tirado de: <https://galizanova.gal/saudementalefectosdapandemia/>].

11) **Antes** da pandemia, nas aplicacións informáticas de..., usabas o galego:

...redes sociais	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca
... videoconferencias	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca
...mensaxería instantánea (WhatsApp...)	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca

12) **Durante** a pandemia, nas aplicacións informáticas de..., usabas o galego:

...redes sociais	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca
... videoconferencias	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca
...mensaxería instantánea	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca

13) **Despois** da pandemia ata a actualidade, nas aplicacións informáticas de..., usas o galego:

...redes sociais	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca
... videoconferencias	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca
...mensaxería instantánea	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca

Unha vez que baleiramos e clasificamos toda a información nunha base de datos, conseguimos recadar un total de 51 respostas da *Enquisa Aa* que pertencen a 23 mozos, 24 mozas e 4 persoas que non definiron o seu xénero, todos eles comprenden as idades entre 12 e 18 anos, distribuídos nos cinco concellos (Entrimo, Lobios, Lobeira, Muíños e Bande) que acoden ao centro de estudos comarcal IES Aquis Querquernis.

Enquisa para a mocidade da Limia Baixa (Enquisa Aa)

Localización: IES Aquis Querquernis (Bande)

Método: cuestionario en papel. Aleatoria. Anónima. Voluntaria

Traballo de campo: xuño de 2023

Aulas: 1º ESO, 2º ESO, 3º ESO e Bacharelatos

Sexo: 23 homes, 24 mulleres, 4 que non indican o sexo

Procedencia: Entrimo, Lobios, Lobeira, Muíños e Bande

A continuación imos presentar os resultados das tres fases temporais (antes, durante e despois) para medir a influencia da pandemia na lingua da mocidade baixo-

limega. Tal como vimos no capítulo anterior deste libro, trátase de mozos e mozas, na súa maioría, galegofalantes, dos cales queremos coñecer a súa reacción a nivel lingüístico ante o uso da súa lingua nas TIC.

Antes da pandemia, o galego non está «nunca» presente nas redes para 18 mozos e mozas da Limia Baixa e «case nunca» en 5 persoas, polo tanto, o 45% dos enquisados declaran non empregaren o galego nas súas redes antes da pandemia. Este é un dato relevante porque, como xa nomeamos na epígrafe §5, o 70% destes mesmos mozos empregan o galego como lingua habitual cos amigos e unicamente un 7% non o facía nunca ou case nunca, é decer, que as redes actúan como un factor desgaleguizador. As respostas «sempre» galego representan o 20% e «ás veces» o 35%, o que quere dicir que o galego segue estando presente nas redes destes mozos. Cumpriría manexar datos doutros lugares de Galicia para podermos facer unha análise contrastiva que nos axudaría a tirar as conclusións de se estes son datos esperanzadores que van ligados á alta porcentaxe de galegofalantes ou se, pola contra, segue a liña xeral da mocidade galega. O ideal sería poder contrastarmos os nosos datos cos datos da provincia ou das vilas máis próximas para coñecer o nivel de presenza do galego nas redes sociais dos mozos e mozas baixolimegas.

No caso das videoconferencias antes da pandemia a situación muda totalmente respecto das redes sociais. Dos 51 mozos que realizaron a enquisa, 33 deles manifestan que o facían sempre en galego antes da pandemia, o que significa que é un dato marabilloso para a nosa lingua. Isto pode vir motivado porque estamos ante un tipo diferente de TIC, neste caso trátase dun medio que se desenvolve oralmente, é decer, o 80% destes mozos empregan o galego como a súa lingua habitual e isto vai relacionado, por suposto, ao emprego deste tipo de TIC como son as videoconferencias en que as persoas se comunican oralmente (aínda que durante a conexión tamén pode aparecer durante a comunicación escrita a través de documentos ou no chat da propia aplicación). Por outra banda, o 20% responderon que «nunca» empregan o galego nas conferencias e o 4% «case nunca», pero seguen sendo valores baixos en comparación co 77% que responderon «sempre» ou «ás veces» galego.

A lingua que empregan no WhatsApp estes mozos e mozas da Limia Baixa tamén é unha achega que nos vai axudar a coñecer a situación da presenza do galego nesta aplicación de mensaxería que está moi presente diariamente e en todo momento nas súas vidas e comunicacións (probablemente sexa das aplicacións que máis empreguen). A posición do galego nesta aplicación antes da pandemia entre os mozos e mozas da Limia Baixa é bastante boa: o 53% declara empregar a lingua galega «sempre» e o 27% «ás veces», mentres que o 18% sinala non empregalo «nunca» e o 2% «case nunca». De modo que estes datos se asemellan máis ao uso do galego destes mozos e mozas no seu día a día. Polo tanto, non poderíamos afirmar que o WhatsApp sexa un factor desgaleguizador que está repercutindo negativamente no emprego do galego desta área galega.

En resumo, se analizamos estas tres ferramentas da tecnoloxías da información e da comunicación en conxunto comprobamos como non todas acolleron o galego do mesmo xeito: mentres as redes sociais non semella que teñan presente o galego moi amplamente, as videoconferencias e o WhatsApp cédenlle un importante territorio, poida que nestas dúas un factor importante sexa o emprego da comunicación oral, que fai que decidan usar a súa lingua habitual en favor de outra.




Gráfico 15 Resultados das TIC antes da pandemia. [Enquisa Aa].

Durante a pandemia, a presenza do galego nas redes non mudou significativamente, aínda que houbo unha pequena repunta dun 4% cara ao ítem «ás veces». Estas dúas persoas que representan esta diferenza movéronse desde a franxa «case nunca», o que supón que, cando menos, o galego gañou presenza neste medio debido á situación da pandemia.

No contexto das videoconferencias, estas aumentaron o seu uso na pandemia debido aos novos métodos de conexión entre o propio alumnado e tamén o profesorado, por exemplo, e rexistramos que os datos se manteñen estáticos desde o momento anterior e durante a pandemia. O mesmo ocorre no caso do WhatsApp, a situación durante a pandemia, con respecto á prepandemia é exacta, sen oscilacións.

En definitiva, durante a pandemia a situación mantívose moi similar ó período anterior, agás no uso das redes en que rexistramos un pequeno aumento do galego.




Gráfico 16 Resultados das TIC durante a pandemia. [Enquisa Aa].

Os datos que recollemos sobre o uso do galego na mocidade baixolimega **despois** da pandemia en canto ás súas redes sociais mostra unha lixeira suba do 4% no ítem «sempre» con respecto ás dúas fases anteriores. Asemade, nas respostas de «nunca» tamén se deu unha baixada de seis puntos, o que nos indica que a presenza do galego nas redes aumentou despois da pandemia.

A muda máis importante que detectamos nas videoconferencias fai referencia ao descenso de oito puntos no apartado de «nunca» galego. Con todo, esta cifra do 8% non se reparte entre os demais de xeito equitativo, senón que seis puntos se colocan no seguinte grao de emprego do galego: «case nunca». Isto significa que o galego despois da pandemia gañou presenza no uso das videoconferencias. Porén, o ítem «sempre», que se mantiña estable nas dúas fases anteriores, descende lixeiramente despois da pandemia.

O panorama do uso do WhatsApp nesta última fase amosa un aumento xeral do emprego do galego neste medio: sobe seis puntos o apartado «sempre» en detrimento de «nunca». Á súa vez, «ás veces» perde dous puntos a favor de «case nunca».




Gráfico 17 Resultados das TIC despois da pandemia. [Enquisa Aa].

En resumo, a posición do uso do galego despois da pandemia a través das tres tecnoloxías polas que lle preguntamos á mocidade baixolimega mellora lixeiramente con respecto aos dous períodos anteriores. Os datos sinalan que se produce un movemento ascendente cara ao uso de galego nas tres aplicacións en conxunto, aínda que de distinta maneira: mentres que nas redes sociais e no WhatsApp aumenta directamente o ítem «sempre», o que implica unha redución no uso de «nunca», no caso das videoconferencias ese ascenso reflíctese na distribución dos ítems «ás veces» e «case nunca», xa que a porcentaxe de «nunca» descende de xeito considerable nun oito por cento.

En conclusión, a pandemia, ante o emprego do galego nas tres tecnoloxías, non parece influír negativamente, mais ben semella que se deu unha repunta do uso do galego, o que nos leva a confirmar que, en xeral, a pandemia favoreceu o emprego do galego nas TIC na mocidade baixolimega.

		ANTES	DURANTE	DEPOIS
Redes	sempre	20%	20%	24%
	às vezes	35%	39%	37%
	case nunca	10%	6%	10%
	nunca	35%	35%	29%
Videoconferencias	sempre	65%	65%	63%
	às vezes	12%	12%	16%
	case nunca	4%	4%	10%
	nunca	20%	20%	12%
WhatsApp	sempre	55%	53%	59%
	às vezes	27%	27%	25%
	case nunca	2%	2%	4%
	nunca	16%	18%	12%

Táboa 19 As TIC antes, durante e despois da pandemia na mocidade baixolimega. [Enquisa Aa].

Capítulo 07

As actitudes lingüísticas dos habitantes de Entrimo: as tres xeracións

105

Ademais de concentrar a perspectiva sociolingüística unicamente na mocidade, tamén quixemos indagar nas actitudes lingüísticas das tres xeracións de idade para coñecermos a posición das persoas adultas e maiores desta área dialectal e, por suposto, reforzar a da mocidade baixolimega que analizamos no capítulo §5 deste libro. Para esta pequena investigación decidimos crear outra enquisa enfocada en cuestións máis xerais que nos permita chegar aos usos e actitudes lingüísticas dos nosos informantes, que, neste caso, pertencen ao concello de Entrimo.

Enquisa de actitudes lingüísticas

Localización: concello de Entrimo

Mostra: 38 enquisas aleatorias (establécense as cotas de sexo e idade)

Método: enquisa-gravación semidirixida

Traballo de campo: agosto de 2018

Parroquias: A Illa, Terrachán, Galez, Pereira e A Montaña

A comezos de setembro de 2018, Patricia Blanco Estévez (doutoranda naquel momento do Programa de Doutoramento de Estudos Lingüísticos da Universidade de Vigo coa que comparto un dos concellos, Entrimo, como territorio en que centramos as nosas investigacións) mais eu presentamos en Madrid no *XII Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos* a comunicación «Achea sociolingüística sobre os falantes de Entrimo» (Blanco Estévez e Rodríguez Rodríguez 2018). A finalidade deste relatorio foi materializar o panorama sociolingüístico dos habitantes deste concello para nos servir de apoio nos nosos estudos²⁴ en paralelo.

²⁴ Tratamos de que este traballo conxunto nos fose de proveito para ambas as investigacións, polo tanto decidimos obter resultados xerais que cada unha aproveitaría segundo as súas necesidades. No meu caso,

106

O obxectivo fundamental para nós, desde o comezo, centrouse na recollida dos usos e as actitudes lingüísticas dos entrimeiros. Para iso, elaboramos unha enquisa formada por doce preguntas dirixida aos habitantes das cinco parroquias do concello (A Terrachán, A Illa, Venceáns, Galez e Pereira), con representación das tres franxas de idade e de ambos os sexos (véx. táboa 20). Unha vez feitas estas discriminacións, a escolla dos suxeitos foi aleatoria para non repercutir nos resultados e, deste xeito, garantimos a máxima representatividade da nosa mostra a través de trinta e nove informantes que estiveron dispostos a colaborar²⁵ connosco.

	HOME	MULLER
Novos	8	6
ADULTOS	5	9
MAIORES	3	7

Táboa 20 O sexo e a idade dos informantes da enquisa de actitudes lingüísticas en Entrimo. Fonte Rodríguez Rodríguez (2022).

A enquisa consta de preguntas relacionadas coa lingua(s) habitual, cos ámbitos de usos desas linguas, tanto no ámbito familiar coma no profesional ou público, e tamén se compón de preguntas relacionadas coas actitudes²⁶ cara ás linguas en canto á prosodia, utilidade e perspectivas de futuro. O método para a obtención dos datos realizouse *in situ* e de xeito verbal; consistiu en enquisas orais e semidirixidas nas que nós lle fomos facendo as doce preguntas a cada informante segundo unha conversa que gravamos e que, posteriormente, plasmamos en papel para nós analizármola en conxunto. O modelo de táboa (cuberto coas respostas dunha informante) que empregamos para cinxirnos a un guión e compararmos os resultados recóllese na táboa 21.

interésanme os datos desde unha perspectiva xeral co fin de trazar a situación sociolingüística que apoie o meu corpus.


25 Respectamos sempre o anonimato destas persoas para protexer os seus datos.

26 Baseámonos no artigo de Iglesias Álvarez (2012).

PARROQUIA:	ANOS:	PROFESIÓN:
P1. LINGUA HABITUAL		Galego
P2. 2ª LINGUA		Galego
P3. GALEGO ENTRIMO = LOBIOS, MUÍÑOS		+/-
P4. GALEGO = PARROQUIAS		+/-
P5. ENTENDE PORTUGUÉS DA RAIA		Si
P6. PORTUGUÉS DA RAIA = LISBOA (SUR)		Non
P7. QUE PENSA DO GALEGO ESTÁNDAR		Enténdese
P8. CANDO FALA GALEGO?	SempreO galego é importante. Por falar caste- llano non penses tu...	
P9. CANDO CAMBIA DE LINGUA? A NECESIDADE DE CAMBIAR		Non. Non estou co castellano!
P10. DIFERENZAS POLÍTICAS, IDEOLÓXICAS...	Non. O galego ten o seu valor para seguir a falalo. Non anden co castellano!	
P11. IMPOSICIÓN/OBRIGA CASTELÁN		Non
P12. VAISE SEGUIR FALANDO GALEGO EN ENTRIMO		Si

Táboa 21 Modelo de táboa da enquisa de actitudes lingüísticas. Fonte: Rodríguez Rodríguez (2022).

A situación que describen as trinta e oito persoas sobre o panorama lingüístico que as rodea caracterízase polo predominio dun monolingüismo en galego ao longo dunha xornada cotiá nas súas vidas, tanto os máis novos coma os adultos ou os maiores, todos eles (o 100%) narran unha situación moi similar, case idéntica. Todas as persoas entrevistadas (lembremos a importancia da selección aleatoria) relatan unha especie de «biografía lingüística» respecto das linguas en contacto e o padrón repítese en todos os casos: na casa, na aldea, no concello, na comarca, cos veciños, coas amizades... comunícanse sempre en galego; as conversas que manteñen en calquera situación (no banco, no supermercado, de paseo, no bar...) son en galego e, ademais, perciben que os seus veciños e veciñas actúan deste mesmo xeito.



Mapa 10 Mapa de Entrimo en que se sinala a localización das persoas entrevistadas para a enquisa de actitudes lingüísticas. Fonte: Rodríguez Rodríguez (2022).

Para confrontarmos estas descricións, despois de conversarmos doutros temas²⁷, volvémoslles preguntar directamente polo índice de uso do galego nas súas vidas e, efectivamente, trinta e catro persoas declaran que empregan o galego *sempre*, en todos os momentos e situacións das súas vidas, a excepción de, por unha banda, tres persoas que aclaran que sempre falan en galego agás no traballo, onde tamén empregan o castelán (é o caso de tres persoas que traballan cara ao público na cidade de Ourense) e, por outra banda: outra persoa que tamén sinala que sempre fala en galego, quitando cando vai á Coruña, onde ten a súa segunda residencia (tamén engade o dato de que alí fala: «castelán, que remedio!»).

Cando se lles pregunta pola posición do castelán, todos os nosos informantes lle confiren o posto de ser a súa segunda lingua²⁸ sen dúbida. No castelán vense competentes en calquera situación, agás no caso dos máis novos, xa que algúns coinciden en que escribir si, pero falar na escola en castelán xa lles custa máis, «non temos soltura». É certo que nalgunha conversa translocen certos prexuízos cara ao caste-

27 Decidimos non facer estas dúas preguntas seguidas polo seu condicionamento recíproco.

28 Dúas persoas tamén nos sinalan que ademais do castelán, teñen o francés como segunda lingua, xa que emigraron a lugares onde se fala francés.

lán: «Por falar castellano non penses tu», «o galego ten o seu valor para seguir a falalo. Non anden co castellano!». Afondamos un pouco máis na posición do castelán e preguntámoslles sobre cando ten necesidade de mudar de lingua e se nos poden describir en que situacións. Dezaioito informantes responden que pasan a falar castelán por cortesía, se non os entenden en galego, dez aseguran non ter necesidade de cambiar de lingua en ningún caso, tres no traballo, tres na escola, dous con certos amigos que falan castelán²⁹: «cambio de lingua cos amigos que falan castelán, se non, falo sempre en galego» (home, 22 anos) e, por último, dous informantes que indican que cambian de lingua no caso de que vaian á capital («algo pouco habitual», engade un deles).




Gráfico 18 Cambio do galego ao castelán en Entrimo. Fonte: Rodríguez Rodríguez (2022).

Outro dato que nos interesou coñecer é se sufriron a imposición do castelán nalgunha situación. Partimos de que no caso desta pregunta atoparémonos con diferentes respostas debido a algúns factores como a diferenza de idade entre os entrevistados ou a escolarización en galego, mais sorprendémonos porque xusto a metade dos informantes respondéronnos cunha negativa, nunca os obrigaron a falar castelán.

²⁹ Destas dúas respostas cómpre comentar que apoian a conclusión que tiramos na enquisa anterior (véx.6.1.2.c) de que os máis novos dentro do tramo de idade da mocidade son os que cambian ao castelán con maior facilidade.




Gráfico 19 Persoas que sufriron a imposición do castelán en Entrimo.

Ante esta situación, afondamos nas variables en busca dalgún dato que nos ampliasse esta información, mais non atopamos ningún perfil visible detrás destas respostas contundentes. A única conclusión que tiramos é que os máis novos son o grupo máis numeroso que non teñen conciencia de se sentir obrigados a empregaren o castelán nalgún contexto da súa vida.

Con este primeiro achegamento os falantes describíennos un panorama galegófono idóneo, pero seguimos indagando sobre a situación sociolingüística que ocorre en Entrimo na actualidade porque atopámonos con comentarios do tipo «falo galego, o noso, medio portugués, raianos atravesados» (muller, 87 anos) e iso obríganos a profundar nas actitudes e crenzas dos propios falantes.

Cando se lles pregunta sobre a súa variedade dialectal e as diferenzas que eles perciben respecto das falas veciñas de Lobios, Lobeira e Muíños: oito persoas responderon que non son conscientes de que haxa diferenzas perceptibles entre a súa fala e a dos concellos veciños, dous contestan que máis ou menos falan igual e os vinte e oito informantes restantes si que atopan diverxencias. Ante esta situación, pedímoslles que nolas enumeren: «En Muíños falan mellor», «hai palabras distintas», «non é o mesmo tipo de galego, en Lobeira hai gheada» e «hai diferenzas no acento». A maiores, tamén se lles pregunta sobre as diferenzas intramunicipais, se se fala igual

nas cinco parroquias de Entrimo. Neste caso, as respostas son case idénticas ás anteriores: vinte e sete responden que si hai diferenzas, mesmo achegan explicacións máis concretas como que «nos aparellos de labranza hai moitas palabras distintas», «falamos igual, excepto os de Olelas que falan mal», «Olelas é distinto», «eiquí [na Montaña] tiramos máis ao portugués», «aínda que non hai tanta diferenza coma cos outros concellos», «eu diría que na mesma media que no caso anterior [que cos outros concellos]», «nós eiquí [na Illa] falamos chapurreau, nós portugueses». Polo tanto, a través destas repostas, saen á luz as impresións dos falantes sobre que nas aldeas máis próximas a Portugal ou nas que están máis lonxe do centro do concello fálase un galego máis próximo ao portugués que nos outros lugares, como é o caso da parroquia da Illa, e máis concretamente, a aldea de Olelas³⁰.

Neste mesmo camiño, quixemos deternos no contacto coa lingua portuguesa debido á proximidade e á relación dos dous pobos. Para coñecermos a realidade empregamos dúas preguntas: por un lado, se entendían o portugués da raia (o portugués de Castro Laboreiro³¹, o da Ameijoeira) e por outro lado, se ese portugués veciño o entendían mellor que o portugués que se fala en Lisboa³² ou nas radios e televisións portuguesas.

30 De aí que Patricia Blanco Estévez optase centrar o seu proxecto de tese de doutoramento nesta aldea fronteiriza de Entrimo (Olelas), a súa peculiaridade xeográfica, social e lingüística faina diferente do resto dos lugares.

31 «Os propios de Crasto din que falan galego».

32 Decidimos formularlles esta pregunta porque foron moitas as persoas de Entrimo que seguen tendo contacto con Lisboa debido ao tema dos fuxidos de Guerra, moitos marcharon a Lisboa e foi alí onde formaron as súas familias.



Mapa 11 Mapa transfronteirizo en que destacamos os dous núcleos portugueses de maior contacto con Entrimo. Fonte: Rodríguez Rodríguez (2022).

Nesta pregunta obtivemos unha resposta unánime afirmativa por parte dos enquisados que declaran entender o portugués raiano. Ademais cómpre subliñar que foron respostas emitidas con seguridade: «iles inda falan mellor galego ca nós», «iles falan castrapo: medio galego medio portugués»³³, «ise portugués é o que inflúe no noso galego», «temos palabras que son as mesmas, eu fállolle galego e enténdenme ben»; mais todo cambia ao lles preguntarmos polo portugués de Lisboa: só houbo dúas persoas que afirmaron que entendían o portugués de Lisboa, as demais indicaron que non era o mesmo portugués e que eles entendían mellor o da raia. «Non se entende tan ben como o noso, o de aquí».

³³ Cómpre sinalar que Irene Santos e Soraya Suárez atoparon outra actitude cara ao portugués no concello veciño de Lobios (máis concretamente, na aldea de San Paio) que non se corresponde coas dos nosos informantes: «Nós inda falamos algo o portugués se queremos. Pero eles o galego non» (Santos Raña e Suárez Quintas, 2014: 101).

Outra perspectiva que quixemos abordar fai referencia ao galego estándar. É decer, quixemos coñecer as súas actitudes cara á variedade oficial para medir o grao de aceptación que ten neste concello e para iso conversamos con eles sobre o que pensan do galego estándar. En xeral, a acollida da norma é ben recibida (quinze informantes), mesmo ten fieis seguidores que confesan que buscan lograr o seu manexo; nove das trinta e oito persoas responden desde a defensa da súa variedade, manteñen unha posición fixa de preferencia polo seu galego, sen opinar do estándar. Só catro persoas se amosan reticentes á divulgación da norma porque aseguran que «hai cousas que non se entenden», «meten moitas palabras. Queren volver ao de antes», «non o comparto».

No caso de indagar nas actitudes dos informantes que vimos comentando, decidimos seguir conversando con eles na dirección da relación das linguas que os rodean (galego, castelán e portugués) coas ideoloxías e diferenzas políticas. O primeiro que cómpre sinalar é que foi bastante difícil enfocar esta pregunta, xa que varias persoas (concretamente, oito) non entenderon a presuposición da existencia de que as linguas poidan estar ligadas a certas ideoloxías. Cando decidimos concretar un pouco máis e ser nós mesmas as que lles propuñamos a relación de, por exemplo, se as persoas dos partidos de dereitas falan menos ou máis galego que as dos partidos de esquerda quedaban sorprendidos do que lles estabamos a preguntar e reaccionaban deste xeito: «eiqué todo o mundo fala galego», «non hai diferencias, algúns falan algo o castellano», «non, sempre en galego, dá igual a idea» ou «non creo que a política teña algo que ver con eso». Nesta liña, non houbo ninguén que contestase que en Entrimo, na actualidade, perciban un cambio de lingua debido ás ideoloxías. Mais si atopamos comentarios sobre o pasado referidos ao poder económico e social que tiñan algunhas familias da Terrachán: «huxe en día non hai diferencias, antes o castellano era na Terrachán» (muller, 87 anos) ou «antes os da Terrachán nin que foran castellanos. Nós riámonos dos que falaban castellano» (muller, 91 anos). Estas dúas mulleres achegáronnos esta crenza compartida tamén por moitas outras persoas desta mesma franxa de idade, xa que a rexistramos noutras conversacións das enquisas do corpus marco (ás que xa fixemos referencia na descrición inicial desta investigación).

Finalmente, pechamos as entrevistas cunha pregunta chave sobre a futuridade da lingua galega para saber como conciben o futuro da súa lingua no seu concello. Para analizarmos as aclaracións que nos achegaron os informantes, reproducimos cada un dos seus comentarios.

33 informantes cren que o galego en Entrimo si ten futuro
--

NOVOS

- «Si, home, galego aportuguesado» (mozo de 14 anos)
- «Home claro» (19 anos)

- «Si, mentres haxa xente en Entrimo que lle fale galego aos nenos porque ao ir para as cidades téndese a falar castelán polos prexuízos» (moza de 20 anos)

114

- «Si, eu falareille galego aos meus fillos» (moza, 16 anos)

ADULTOS

- «Por suposto que si» (44 anos)
- «Si, vexo a xente máis nova vir ó pueblo e falar galego» (muller, 44 anos)
- «As novas xeracións incúlcanlle o galego aos nenos» (home, 41 anos)
- «Si, cada vez máis xente fala o galego. Pais que lle falan aos fillos» (muller, 54 anos)
- «Si. Ata os que falaban castelán pasaron ao galego e tamén aos fillos» (muller, 52 anos)
- «Si. Na Illa ata os que non aprenderon o galego agora fálanos» (muller, 51 anos)
- «Si, sempre se vai falar galego en Entrimo» (home, 65 anos)

MAIORES

- «Si, sempre tira a terra dun» (muller, 87 anos)
- «Si, os novos falan galego» (muller, 84 anos)

3 informantes cren que o galego non ten futuro en Entrimo
--

- «Desgraciadamente, a corto prazo, de momento si pero ten un futuro corto porque a xente nova non ten futuro na aldea» (moza, 28 anos)
- «Non durará pola influencia, pensas que o castelán é bonito!» (muller, 91 anos)
- «Perderase co tempo» (home, 89 anos)

2 informantes dubidan do futuro do galego en Entrimo

- «Creo que se vai seguir falando pero non sei por canto tempo» (mozo, 25 anos)
- «A mentalidade que o fixo posible si ten futuro, o problema é a extinción dos seus falantes» (mozo, 26 anos).

Deste xeito, clasificarmos as respostas por tramos de idade axúdanos a tirarmos as conclusións máis pertinentes. Case o 80% da mocidade ten claro que se falará galego no futuro e fanse responsables diso; aínda que dous deles dubidan e unha moza

nega este mantemento porque fai responsable desta perda á forzosa mobilidade do rural cara ás cidades para a xente nova. Por parte dos adultos, chama a atención a coincidencia nas súas respostas en canto ao compromiso da mocidade co galego: todos se refiren aos máis novos como persoas decididas a transmitirllas a lingua galega aos fillos, como se de repente existise unha toma de conciencia por parte desta nova xeración en comparación coa súa. No caso dos máis maiores, o 80% teñen claro que o galego en Entrimo ten futuro; as respostas foron contundentes, non dubidan de que non se extinguirá a súa lingua, a excepción de dous informantes que cren que se perderá pola influencia do castelán.

É difícil imaxinar o binomio *Entrimo-castelán*. Cando se conversa cos seus habitantes calquera é consciente de que viven nun mundo paralelo, un tanto apartados da realidade dos núcleos urbanos, por exemplo, da cidade de Ourense, onde o castelán quintuplica o número de falantes da área de Ourense sur e o galego descende en máis da metade de falantes no ano 2018, segundo o Instituto Galego de Estatística.




Gráfico 20 Persoas segundo a lingua na que falan habitualmente. Áreas. (IGE, 2018: Enquisa estrutural a fogares).

A vida en Entrimo³⁴ transcorre en galego, a maioría da xente adulta non percibe o castelán como unha ameaza (non recoñecen a existencia dunha situación diglósica nin tampouco un conflito de linguas), simplemente, para eles, o castelán é unha lingua á que lle confiren a utilidade á hora de entenderse coas persoas que chegan de fóra. O certo é que percibimos que unicamente concibían a extinción real do galego as persoas máis novas cando supoñen o seu futuro como un desterro de Entrimo; para eles, isto si que leva aparelhada a posibilidade de teren que mudar de lingua nas cidades ás que terán que marchar na busca de posibilidades laborais e de futuro. Agora si, non podemos deixar de mencionar a existencia dun movemento de compromiso que está a ocorrer entre moitas persoas novas, que están concienciadas e encamiñadas na defensa e no mantemento da súa lingua. Temos constancia da existencia deste perfil desde comezos dos anos 90 en persoas de Entrimo comprometidas lingüísticamente co galego a través dun artigo do ano 1993 de María Cristalina Rodríguez Domínguez na revista anual que editaba o propio concello e en que se describe a situación sociolingüística deste mesmo:

«Encontramos un amplo número de falantes monolingües [...] em galego, bem porque nom foron alfabetizados em espanhol, bem, por posicionamentos políticos, lingüísticos..., este último grupo é muito pequeno. Um sector minoritario da povoçom fala em castelhano e outro, também reduzido, é bilingüe» (Rodríguez Domínguez, 1993: 33).

Porén, certo é que actualmente non detectamos nos concellos lindeiros unha reivindicación da súa variedade dialectal tan forte coma en Entrimo, pero isto pode que estea condicionado polos movementos culturais que se produciron nos últimos tempos a través da publicación de artigos no xornal que se edita en Entrimo (*O Picaraño*), ou das conferencias que se levan a cabo no verán que se titulan «Arredor de nós» que enxalzan o valor do propio, ou tamén debido a diferentes proxectos que reivindican a importancia da súa fala, como é o caso do proxecto «Estudo, análise, diagnose, posta en valor e divulgación do patrimonio cultural material e inmaterial da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés (RBTGX)³⁵». Polo tanto, comprobamos como

34 Centramos esta enquisa de actitudes sociolingüísticas no concello de Entrimo, polo que non podemos confirmar que estes datos sexan na súa totalidade extrapolables ao concello de Lobios e Lobeira, mais unha vez que nos achegamos a estes concellos para realizar o cuestionario marco, tamén lles preguntamos a algúns dos informantes por este tipo de actitudes lingüísticas por se existisen opinións contrarias ou diversas ao respecto, mais todas as súas respostas foron encamiñadas ás dos seus veciños de Entrimo.

35 É un proxecto que promoveu a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013 e que «se iniciou no mes de setembro de 2015, estendeuse até finais de marzo de 2016 na Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés, na súa parte galega, onde cultura e natureza están profundamente relacionadas. O seu obxectivo é dar a coñecer o patrimonio cultural e histórico, dun xeito integral, vinculándoo co patrimonio natural da RBTGX. Céntrase a metodoloxía na busca da implicación dos veciños e das veciñas que habitan este territorio. A participación da comunidade é fundamental no deseño dunha iniciativa que nace da vontade de facer do patrimonio un ben común para a sociedade, e en particular, para a veciñanza que o usa e conserva. Tense como eixo central a recollida de información directa das persoas que habitan a zona da RBTGX, complementada coa análise e estudo da bibliografía

todas estas actividades culturais arredor da autenticidade do galego propio axudaron aos veciños e ás veciñas a reforzar a súa autoestima e autoconfianza lingüística e a facer unha valoración positiva do idioma.

Capítulo 08

Cabo

119

En conclusión, non rexistramos en ningún caso falantes desligados dos valores afectivos do galego. Mais si comprobamos que a importancia de reforzar os vínculos afectivos destes falantes coa súa lingua a través de actividades culturais está funcionando. En xeral, a través dos tres cuestionarios enfocados á sociolingüística, corroboramos que existe un «padrón común e maioritario de valoración positiva do idioma galego» (Álvarez Blanco, 2017: 111) entre os baixolimegos.

Por outra banda, se nos detemos na etiqueta de «falante tradicional»³⁶, segundo a clasificación de Ramallo (2010) sobre a tipoloxía de falantes de galego, para definir, en termos xerais, o falantetipo baixolimego, comprobamos que non é suficiente esta etiqueta porque excluíría o perfil da mocidade. Polo tanto, propoñemos substituír algúns trazos (como baixo nivel de instrución formal ou crenza de que a variedade estándar é máis «auténtica», «correcta» e «cult») e arrimar a esta definición, que probablemente estea formulada pensando nas entidades de poboación urbanas e non tanto para o rural, unha serie de atributos da etiqueta de «neofalante»³⁷ que axudaría

36 Falante tradicional (lingua familiar) trátase das persoas que tiveron o galego como lingua familiar e cuxa socialización primaria se desenvolveu nalgunha das variedades desta lingua. En xeral, exprésanse só ou fundamentalmente en galego. o prototipo é un individuo que procede de espazos non urbanos, cun baixo nivel de instrución formal e con máis de 50 anos. A miúdo, teñen unha representación do galego estándar como unha variedade máis «auténtica», «correcta» e «cult». Isto fixo que en tempos non tan afastados se sentisen inseguros ante un usuario de galego estándar e, mesmo, nalgúns casos, chegaban a cambiar de lingua (Ramallo, 2012: 32).

37 Neofalante (novo galego urbano, Regueira Fernández, 1999): Persoas que non tiveron o galego como lingua familiar e que utilizan esta lingua habitualmente. Constitúen un grupo moi dinámico, non só na utilización da lingua, senón tamén na revitalización lingüística. a maioría atópase nas zonas urbanas, tradicionalmente máis castelanizadas e accedieron ao galego a partir da experiencia educativa. Ademais de seren moi activos no uso dun modelo de lingua, con frecuencia prestixiado, actúan como dinamizadores lingüísticos espontáneos. En xeral ocupan un papel activo nas novas relacións sociais e exercen un novo liderado na defensa da lingua galega. O seu perfil sociodemográfico (en xeral, xente nova cun nivel cultural e capital social alto) diferéncias notablemente dos falantes tradicionais. A súa visibilidade social foi moi relevante no cambio de atributos estigmatizadores relativos á lingua galega, aínda que tamén foi o xermolo de novos discursos contrarios á normalización do idioma galego por parte de grupos urbanos marxinais, pero moi mediáticos, que ven neste rexurdir do galego urbano unha ameaza para a supremacía do castelán (Ramallo, 2012: 33).

120

a perfilar e a concretar aínda máis a definición dos falantes da Limia Baixa, xa que o perfil da mocidade «ocupa un papel activo nas novas relacións sociais, adscíbese a un nivel cultural e capital social alto e tamén exerce un novo liderado na defensa da lingua galega».

Amais, se nos fixamos nos datos que nos ofrece o IGE 2018 sobre a mocidade galega de entre 5 e 29 anos onde aprendeu a falar galego atopámonos coa situación que nos amosa a táboa 22. Neste sentido, «a familia segue a ser a principal vía de aprendizaxe do idioma galego. O 83,36% dos galegos e das galegas aprendeu a falar o galego neste ámbito, pero ao cinxirse á poboación menor de 30 anos a escola supera á familia como medio de aprendizaxe: o 93,73% das persoas neste grupo de idade aprendeu o galego na escola e o 69,99% coa familia». ³⁸ Por tanto, a situación xeral das persoas da Limia Baixa coincide co inicio desta afirmación, mais difire en canto á mocidade, xa que os máis novos tamén seguen aprendendo o galego na casa.

	Familia	Escola	Amigos, veciños	Traballo	Outros
De 5 a 29 anos	69,99	93,73	30,8	4,11	1,66
De 30 a 49 anos	81,07	77,73	40,26	18,19	6,39
De 50 a 64 anos	88,27	15,47	43,6	18,76	9,92
De + 65	93,42	3,32	42,36	12,94	6,46
Total	83,36	48,47	39,44	13,86	6,15

Táboa 22 Persoas segundo os medios polos que aprenderon a falar en galego en Galicia (IGE, 2018).

No grupo dos máis novos, desde a perspectiva sociolingüística, cómpre distinguir dous grupos que actúan de xeitos diferentes: por unha banda, mozos e mozas de ata os 18/20 anos e, por outra banda, desde os 20 ata os 35 anos. Tamén nas conversas cos entrevistados para o cuestionario marco tivemos a ocasión de preguntarlles pola situación social que perciben, como son as súas relacións co galego e co castelán e aquí xa fomos conscientes destas dúas actitudes opostas, xa que a segunda remesa dos novos (18/20-35 anos) afirman non empregar o castelán en ningún dominio e que, de ter que facelo, lles custaría moito; mentres que nos máis noviños, tal como vimos na pregunta seis, o 36% sinalou que a un amigo que lle fale en castelán lle

38 IGE 2018: Coñecemento e uso do galego. Resumo de resultados 27/09/2019.

respondería en castelán. O que significa que estes últimos teñen unha maior competencia bilingüe.

Tamén percibimos actitudes contrarias entre este binomio dentro da mocidade, debido a que os máis novos perciben a variedade estándar como un modelo que intentan incorporar nas súas relacións sociais, mentres que os menos novos indican que para eles unicamente é unha variedade restrinxida a certos rexistros como a escola, mais sen intención ningunha de incorporala no seu medio social. 121

O proceso de socialización na Limia Baixa para as persoas estranxeiras que chegan a estes lugares axuda a que incorporen o galego como lingua habitual (sobre todo, a mocidade) debido ao panorama sociolingüístico favorable que existe cara á lingua (inmersión lingüística plena).

En definitiva, como vimos, a singularidade desta comarca a nivel lingua destaca pola alta porcentaxe de galegofalantes e pola falta de prexuízos cara á súa variedade dialectal. A situación do contacto de linguas nos diferentes lugares da Limia Baixa xira ao redor do seu galego dialectal, mais o español, o galego estándar e o portugués tamén gardan o seu espazo nalgunhas situacións sociais. O galego dialectal é a variedade que se rexistra en todos os contextos: na rúa, nas casas, nos establecementos e na administración e é na que se comunica a maioría da comunidade baixolimega.

Bibliografía

123

ALGa = García, Constantino e Antón Santamarina (dirs.) (1990): *Atlas Lingüístico Galego*, vol. I (1–2) *Morfoloxía Verbal* (coordinado por Francisco Fernández Rei); vol II (1995) *Morfoloxía Non Verbal* (coordinado por Rosario Álvarez Blanco); vol. III (1999) *Fonética* (coordinado por Manuel González González). Instituto da Lingua Galega: [accesible en <<http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/atlas-linguistico-galego-ALGa>>].

Álvarez Blanco, Rosario (coord.) (2017): *Prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galicia*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Asaka, Takekazu (2018): «A Vitalidade da gheada en Cambados de Galicia, España», en María del Camen Alén Garabato e Mercedes Brea López (coords.): *Limba noastră o comoară... Estudos de socio-lingüística románica en homenaxe a Francisco Fernández Rei*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 185-192.

Blanco Estévez, Patricia e Reyes Rodríguez Rodríguez (2018): «Acheга sociolingüística sobre os falantes de Entrimo», relatorio presentado no *XII Congreso da AIEG. Novos horizontes para unha Galicia global*, Madrid, 1015 de setembro de 2018. AIEG/Universidad Complutense de Madrid.

Concello de Entrimo (s.d.): *Auditoría Medioambiental para la implantación de la Agenda 21 Local del municipio de Entrimo (Ourense): Memoria Factores Socioeconómicos*. Laboratorio do Territorio. Universidade de Santiago de Compostela [accesible en: <http://www.concelloentrimo.es/agenda/memoria_factores_socioeconomicos/memoria_factores_socioeconomicos.pdf>].

Corbetta, Piergiorgio (2007): *Metodología y técnicas de investigación social*. Madrid: Mc Graw Hill. Edición revisada.

Costas González, Xosé Henrique (1994): «Despalatalización, palatalización e ceceo no subsistema de sibilantes da fala do Val Miñor», en Ramón Lorenzo (ed.): *Actas do XIX Congreso de Lingüística e Filoloxía Románicas*, vol. VI. A Coruña: F. Pedro Barrié de la Maza, pp. 197-205.

Costas González, Xosé Henrique (1995): *Aproximación sincrónica e diacrónica ó estudio das sibilantes galegas*. Universidade de Santiago de Compostela. Tese de doutoramento (inédita).

Costas González, Xosé Henrique (1998): «Os subsistemas sibilantes no galego do Val do Río Ellas (Cáceres)», en D. Kremer (ed.): *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, vol. II. Vigo: Galaxia, pp. 581-589.

5º ECELR = Ministerio de la Presidencia y para las Administraciones Territoriales (s.d.): *Quinto informe sobre el cumplimiento en España de la Carta Europea de las Lenguas Regionales o Minoritarias, del Consejo de Europa 2014-2016*, pp. 75-119 [accesible en: <<https://rm.coe.int/spainpr5-es-docx/1680788433>>].

Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.

González González, Manuel (1986): «Subsistemas de sibilantes no galego actual», en D. Kremer (ed): *Actes du XVIIIème Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes (Universidade de Trier, 1924 maio 1986)*, vol. III. Tübingen: Niemeyer, pp. 531-548.

124 IGE 2018 = Instituto Galego de Estatística (2018): *Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego* [accesible en <https://www.ige.eu/estatico/html/gl/OperacionsEstruturais/PDF/Resumo_resultados_EEF_Galego_2018.pdf>].

Instituto Galego de Estatística (s.d.): «Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego»: [accesible en <https://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0206004>].

Instituto Nacional de Estadística: «Demografía y población»: [accesible en <https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/categoria.htm?c=Estadistica_P&cid=1254734710990>].

Míguez Iglesias, Dolores (1996): «Seseo e gheada en Viceso (Brión)», *Cadernos de Lingua* 14 (2º semestre), pp. 39-57.

Oliveira Brito, Cristian (2021): «Está morrendo Entrimo?», *O Picaraño* 7, pp. 67.

Ramallo, Fernando (2010): «Cara a unha tipoloxía sociolingüística dos falantes de galego», en Bieito Silva Valdivia, Xesús Rodríguez Rodríguez e Isabel Vaquero Quintela, (eds.): *Educación e linguas en Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 15-37.

Ramallo, Fernando (2012): «El gallego en la familia: entre la producción y la reproducción», *Caplletra. Revista Internacional de Filología* 53, pp. 167-191.

Recalde Fernández, Monserrat (1994): «Gheada e situación», *Verba* 21, pp. 339-367.

Regueira Fernández, Xosé Luís (1999): «Estándar oral e variación social da lingua galega», en Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra Fernández (eds.): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe a Xesús Alonso Montero*, 2 vol. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, vol. 1, pp. 855-875.

Regueira Fernández, Xosé Luís (2016): «Variación lingüística, dialectoloxía e lingüística histórica: algúns problemas do cambio lingüístico en galego e en portugués», en Alexandre Rodríguez Guerra (ed.): *Lingüística histórica e dialectoloxía: coordenadas do cambio lingüístico*. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, pp. 21-38.

Rodríguez Domínguez, María Cristalina (1993): «Linguagem em Entrimo», *Boletín Todo Entrimo* 4, p. 33.

Rodríguez Lorenzo, David (2011): «A gheada, un fenómeno innovador do galego. Evolución diatópica no século XX», en Alexandra Fiéis e María Antonia Coutinho (orgs.): *XXIV Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Lingüística: Textos seleccionados*. Braga / Lisboa: Associação Portuguesa de Lingüística, pp. 453-465.

Rodríguez Rodríguez, Reyes (2022): *Contribución á sociodialectoloxía galega: a fala da Limia Baixa*. Universidade de Vigo. Tese de doutoramento (inédita).

Rodríguez Tembrás, Vanesa (2020): «La negociación de la asimetría: la alternancia de lenguas en consultas médicas en Galicia», en *Coloquioescuela de invierno ALPES 3 (El español en contacto con otras lenguas)*. Kandersteg, Suíza: Universität Zürich, 12-17 xaneiro de 2020. Póster.

Santos Raña, Irene e Soraya Suárez Quintas (2014): «Percepción e actitudes lingüísticas na fronteira galego-portuguesa. Unha aproximación á perspectiva ourensá», en Xulio Sousa Fernández, Marta Negro Romero e Rosario Álvarez (eds.): *Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 91-113.

Schneider, Hans Karl (1938): «Studien zum Galizischen des Limiabeckens (Orense. Spanien)», *Volkstum und Kultur der Romanen* XI, pp. 69-145 e 193-281. [Manexamos a tradución ó galego de Cristina Lieb Bissig (CLB), inédita.]

Suárez Quintas, Soraya (2017): «‘O galego non é o ghallego que falamos nós’: a percepción e as actitudes como condicionantes do cambio lingüístico», en Elisa Fernández Rei e Xosé Luis Regueira (eds.): *Estudos sobre o cambio lingüístico no galego actual*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 187-213.

Vasconcellos, José Leite de (1929a): «Linguagem de S. Miguel de Lobios», en *Opúsculos IV*. Coimbra: 125
Imprensa da Universidade, pp. 598-613.

Vasconcellos, José Leite de (1929b): «Linguagem de Ferreiros», en *Opúsculos IV*. Coimbra: Imprensa
da Universidade, pp. 666-669.

Vasconcellos, José Leite de (1929c): «Linguagem popular do concelho de Melgaço», en *Opúsculos II*.
Coimbra: Imprensa da Universidade, pp. 307-363.

Zamora Vicente, Alonso (1986): «Estudios de dialectología hispánica», *Verba* 25, pp. 1-151.

Anexos

127

Anexo A: *Enquisa A*

Anexo B: *Enquisa Aa*

Anexo C: Guión do cuestionario de sociolingüística

Anexo A: Enquisa A

Idade: ☐ home ☐ muller

Vivo en:

128

1) Cando e con quen falas galego? (podes marcar máis dunha opción)

Cos amigos	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca
Na casa	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca
Na escola	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca
Na cidade	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca
Na túa aldea	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca

2) Cres que no futuro falarás galego no teu traballo, cos teus amigos e coa túa familia?

No traballo	☐ si	☐ non	☐ depende
Cos amigos	☐ si	☐ non	☐ depende
Coa familia	☐ si	☐ non	☐ depende
Aos teus fillos falaraslle en	☐ galego	☐ castelán	☐ as dúas

3) Que galego che gusta máis?

- ☐ O que falas ti ☐ O galego estándar
- ☐ O que falan en Ourense ☐ Ou o que se fala noutra zona de Galicia:

4) Onde escoitas falar **máis** galego e onde **máis castelán**? (Por exemplo: na rúa, no supermercado, na escola, na televisión, na cidade, no centro comercial...)

Galego	Castelán
---------------	-----------------

5) Cres que é importante coñecer o galego normativo? Por que?

6) Imaxina que estás no centro comercial de Ourense. Atopas alí unha amiga/o e comezades a falar.

Se esta amiga/o che fala en castelán, ti en que lingua lle responderías?

- ☐ castelán ☐ galego

E por que?

7) Cando vas a Ourense ou a Celanova intentas falar dunha maneira distinta á que falas na túa aldea? 129

☐ si ☐ non

8) Alguén se riu de ti por como falas?

☐ si ☐ non

9) Pensas que o galego é unha lingua igual de válida que o castelán en Galicia? Por que?

10) Percibes diferenzas entre o galego que falades no teu concello e o galego que se fala nos concellos veciños? Saberías dicirme algunha diferenza?...



Moitas grazas!

Anexo B: *Enquisa Aa*

Idade: ☐ home ☐ muller ☐ outros

Vivo en:

130 3) Cando e con quen falas galego? (podes marcar máis dunha opción)

Cos amigos	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca
Na casa	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca
Na escola	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca
Na cidade	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca
Na túa aldea	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca

Cres que no futuro falarás galego no teu traballo, cos teus amigos e coa túa familia?

No traballo	☐ si	☐ non	☐ depende
Cos amigos	☐ si	☐ non	☐ depende
Coa familia	☐ si	☐ non	☐ depende
Aos teus fillos falaraslle en	☐ galego	☐ castelán	☐ as dúas

3) Que galego che gusta máis?

- ☐ O que falas ti ☐ O galego estándar
☐ O que falan en Ourense ☐ Ou o que se fala noutra zona de Galicia:

4) Onde escoitas falar **máis** galego e onde **máis castelán**? (Por exemplo: na rúa, no supermercado, na escola, na televisión, na cidade, no centro comercial...)

Galego	Castelán
---------------	-----------------

5) Cres que é importante coñecer o galego normativo? Por que?

6) Imaxina que estás no centro comercial de Ourense. Atopas alí unha amiga/o e comezades a falar.

Se esta amiga/o che fala en castelán, ti en que lingua lle responderías?

- ☐ castelán ☐ galego

E por que?

7) Cando vas a Ourense ou a Celanova intentas falar dunha maneira distinta á que falas na túa aldea?

☐ si ☐ non

8) Alguén se riu de ti por como falas?

☐ si ☐ non

9) Pensas que o galego é unha lingua igual de válida que o castelán en Galicia? Por que?

10) Percibes diferenzas entre o galego que falades no teu concello e o galego que se fala nos concellos veciños? Saberías dicirme algunha diferenza?...

11) **Antes** da pandemia, nas aplicacións informáticas de..., usabas o galego:

...redes sociais	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca
... videoconferencias	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca
...mensaxería instantánea (WhatsApp...)	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca

12) **Durante** a pandemia, nas aplicacións informáticas de..., usabas o galego:

...redes sociais	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca
... videoconferencias	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca
...mensaxería instantánea	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca

13) **Despois** da pandemia ata a actualidade, nas aplicacións informáticas de..., usas o galego:

...redes sociais	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca
... videoconferencias	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca
...mensaxería instantánea	☐ sempre	☐ ás veces	☐ case nunca	☐ nunca

Anexo C: Guión do cuestionario de sociolingüística

132

Parroquia:	Nome:	Código:
Anos:	Profesión:	
P1. Lingua habitual		
P2. 2º lingua		
P3. Galego Entrimo = Lobios, Muíños		
P4. Galego = parroquias		
P5. Entende portugués da raia		
P6. Portugués da raia = Lisboa (Sur)		
P7. Que pensa do galego estándar		
P8. Cando fala galego?		
P9. Cando cambia de lingua? A necesidade de cambiar		
P10. Diferenzas políticas, ideolóxicas...		
P11. Imposición/obriga castelán		
P12. Vaise seguir falando galego en Entrimo		

ÍNDICE DE FIGURAS

A) TÁBOAS

Táboa 1: Datos demográficos de Entrimo, Lobeira e Lobios.	19	133
Táboa 2: Datos e resultados dos informantes da área gheadófona baixolimega que emigraron.	45	
Táboa 3: Resultados dos novos ante os exemplos de gheada.	46	
Táboa 4: Resultados xerais das sibilantes por estudos.	57	
Táboa 5: Índice de uso do galego na Limia Baixa. Lingua habitual.	66	
Táboa 6: Índice de uso do galego en Entrimo.	68	
Táboa 7: Índice de uso do galego en Lobios.	69	
Táboa 8: Índice de uso do galego en Lobeira.	70	
Táboa 9: Índice de uso do galego en Muíños.	70	
Táboa 10: Índice de uso do galego en Bande.	71	
Táboa 11: Persoas segundo a percepción do uso do galego en Ourense.	74	
Táboa 12: Percepción de uso do galego e do castelán a través da mocidade da Limia Baixa.	74	
Táboa 13: Perspectiva lingüística de futuro da mocidade da Limia Baixa.	78	
Táboa 14: Mantemento / Cambio / Acomodación lingüística na mocidade baixolimega.	83	
Táboa 15: Responder cando me falan en castelán.	86	
Táboa 16: Que galego che gusta máis?	90	
Táboa 17: Discriminación: alguén se riu de ti por como falas?	91	
Táboa 18: Colección de respostas á cuestión 10 sobre as diferenzas dialectais entre os concellos da Limia Baixa a través do cuestionario pasado en 2019/2020 e o cues- tionario de 2023.	94	
Táboa 19: As TIC antes, durante e despois da pandemia na mocidade baixolimega.	103	
Táboa 20: O sexo e a idade dos informantes da enquisa de actitudes lingüísticas en Entrimo.	106	
Táboa 21: Modelo de táboa da enquisa de actitudes lingüísticas.	107	
Táboa 22: Persoas segundo os medios polos que aprenderon a falar en galego en Galicia.	120	

B) GRÁFICOS

Gráfico 1: <i>Pirámide poboacional do concello de Entrimo.</i>	23
Gráfico 2: <i>Pirámide poboacional do concello de Lobios.</i>	27
Gráfico 3: <i>Pirámide poboacional do concello de Lobeira.</i>	30
Gráfico 4 : <i>Gheada baixolimega segundo a posición e a idade.</i>	43
Gráfico 5: <i>Índice de uso do galego na Limia Baixa. Lingua habitual.</i>	67
Gráficos 6: <i>Comparación do uso do galego en diferentes contextos na mocidade de Entrimo, Lobios, Lobeira, Muíños e Bande entre o ano 2019/2020 e o ano 2023.</i> . .	72
Gráfico 7: <i>Perfil da mocidade que chega ao instituto segundo o grao de galego como lingua habitual na casa no ano 2020 (á esquerda) e no ano 2023 (á dereita).</i> .	73
Gráfico 8: <i>Uso do galego nos medios de comunicación. A televisión.</i>	76
Gráfico 9: <i>A transmisión lingüística interxeracional no futuro na Limia Baixa [NC: non contesta].</i>	79
Gráfico 10: <i>A transmisión lingüística interxeracional no futuro na Limia Baixa.</i> . .	81
Gráfico 11: <i>Comparación da cuestión: cres que é importante coñecer o galego normativo?</i>	82
Gráfico 12: <i>A influencia do sexo na acomodación lingüística na mocidade baixolimega.</i>	87
Gráfico 13: <i>O galego é unha lingua igual de válida que o castelán en Galicia?</i>	88
Gráfico 14: <i>A actitude cara á súa variedade dialectal.</i>	91
Gráfico 15: <i>Resultados das TIC antes da pandemia.</i>	100
Gráfico 16: <i>Resultados das TIC durante a pandemia.</i>	101
Gráfico 17: <i>Resultados das TIC despois da pandemia.</i>	102
Gráfico 18: <i>Cambio do galego ao castelán en Entrimo.</i>	109
Gráfico 19: <i>Persoas que sufriron a imposición do castelán en Entrimo.</i>	110
Gráfico 20: <i>Persoas segundo a lingua na que falan habitualmente. Áreas.</i>	115

C) IMAXES

Imaxe 1: Representación das linguas en contacto co galego da Limia Baixa.34

Imaxe 2: «Gráfico 2. Medias actitudinais cara ao uso da gheada en distintas situacións comunicativas».48

135

D) MAPAS

Mapa 1: A Limia Baixa e arredores cos que limita. Mapa administrativo.15

Mapa 2: As tres fronteiras galego-portuguesas: a fronteira da Ameijoeira, a da Madalena e a de Portela do Homem.17

Mapa 3: Parroquias do concello de Entrimo (mapa de elaboración propia).20

Mapa 4: Parroquias do concello de Lobios (mapa de elaboración propia).24

Mapa 5: Parroquias do concello de Lobeira (mapa de elaboración propia).28

Mapa 6: Rede de puntos (mapa de elaboración propia).39


Mapa 7: Isoglosa da gheada baixolimega.40

Mapa 8: Mapa en que se representan as tres aldeas máis afastadas que forman un triángulo gheadófono.42

Mapa 9: Territorio baixolimego onde se manteñen as sibilantes sonoras [destacado en cor verde]. 54

Mapa 10: Mapa de Entrimo en que se sinala a localización das persoas entrevistadas para a enquisa de actitudes lingüísticas. 108

Mapa 11: Mapa transfronteirizo en que destacamos os dous núcleos portugueses de maior contacto con Entrimo. 112



Materiais Lingüísticos

Últimas publicacións na colección

Diccionario do Galego do Bierzo. DGB (2023)
Sara Rodríguez Fernández

A lingua de Viana do Bolo: Descrición e textos (2022)
Concepción Álvarez Pousa

Guía de subtitulado inclusivo en galego. Indicacións técnicas e lingüísticas para subtitulado nunha lingua minorizada (2021)
Mercedes Martínez Lorenzo

Diccionario Galego-Éuscaro, Euskara-Galiziera (2010)
Isaac Fernández Fernández

Vocabulario Galego-Castelán de carpintería de madeira (2006)
Fernando Groba Bouza



A Limia Baixa

Onde o mundo se chama en galego

Nesta monografía de natureza sociolingüística trácexase, a través da mocidade da Limia Baixa, a situación actual da súa lingua mais as actitudes e prexuízos que afloran nesta comunidade.

A Limia Baixa é unha área situada ao suroeste da provincia de Ourense que linda con Portugal polo sur e polo oeste. O seu galego presenta unha situación particular, xa que existe un panorama lingüístico dominado polo monolingüismo na súa variedade dialectal baixolimega en todos os ámbitos e niveis da vida. O contacto co galego estándar, co español e co portugués inflúe na existencia, mantemento ou retroceso dos seus trazos dialectais e, por suposto, nas actitudes que os falantes teñen debido a esta situación.

A través dos mozos e mozas baixolimegas invéstigase a posición do galego, o compromiso coa súa lingua no presente e no

futuro e tamén a presenza e defensa da súa variedade dialectal. Amais, afóndase nas actitudes cara á súa propia variedade dialectal a través dos dous fenómenos máis representativos do seu galego: a gheada mais o mantemento de sibilantes sonoras.

Manexar datos moi actuais e de períodos diferentes permite avaliar tanto os comportamentos lingüísticos antes, durante e despois da pandemia de Covid-19, coma as repercusións que esta tivo en relación á lingua galega entre a propia mocidade baixolimega no eido das TIC: as redes sociais, as videoconferencias e a mensaxería instantánea como o WhatsApp.

Deste xeito, obtense unha radiografía actual da realidade sociolingüística dos/as limiaos/ás mozos/as, que permite enxergar o futuro do galego nesta área con optimismo.

Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo

